

*Opini3ns e actitudes dos homes da
comunidade universitaria ante as
violencias contra as mulleres*

Universidade de Vigo

Unidade de
Igualdade







Elaboración

Águeda Gómez Suárez (socióloga)

Iria Vázquez Silva (socióloga), Cidadanía Sociedade
Cooperativa

Maquetación

Lucía Verdugo Gonzalo

*Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo
2020*

ISBN 978-84-8158-849-1

Depósito Legal VG 276-2020

Táboa de contidos

1. Introducción

- 1.1. Contexto
- 1.2. Obxectivos
- 1.3. Estrutura do informe

2. Marco teórico

- 2.1. Violencia contra as mulleres e desigualdade
- 2.2. A transformación da vida en cousa
- 2.3. A masculinidade patriarcal é cousa de homes

3. Aspectos metodolóxicos

- 3.1. Traballo de campo cuantitativo
- 3.2. O traballo de campo cualitativo

4. Resultados

- 4.1. Comparativa de datos (PDI e alumnado)
 - 4.1.1. Igualdade entre homes e mulleres
 - 4.1.2. Violencia contra as mulleres
- 4.2. Resultados do Persoal docente e investigador (PDI)
 - 4.2.1. Igualdade entre homes e mulleres
 - 4.2.2. Relacións afectivas e sexuais
 - 4.2.3. Violencia contra as mulleres
 - 4.2.4. Prostitución
 - 4.2.5. Tráfico e explotación de persoas
 - 4.2.6. Perfil do PDI enquisado
- 4.3. Resultados do alumnado
 - 4.3.1. Igualdade entre homes e mulleres
 - 4.3.2. Relacións afectivas e sexuais
 - 4.3.3. Violencia contra as mulleres
 - 4.3.4. Prostitución
 - 4.3.5. Tráfico e explotación de persoas
 - 4.3.6. Perfil do alumnado entrevistado
- 4.4. Resultados do Persoal de administración e servizos (PAS)
 - 4.4.1. Perfil do PAS
 - 4.4.2. Resultados globais

5. Resumo global dos resultados cuantitativos

- 5.1. Igualdade entre homes e mulleres
- 5.2. Relacións afectivas e sexuais
- 5.3. Violencia contra as mulleres
- 5.4. Prostitución
- 5.5. Tráfico e explotación de persoas

6. Conclusións

Bibliografía

Prólogo

O 15 de novembro de 2016 o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade unha proposición non de lei pola que se instaba o Goberno a promover a subscrición dun pacto de estado en materia de violencia de xénero polo Goberno de España, as Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

O obxectivo principal era seguir impulsando políticas para erradicar a violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado, un pacto que recupera o espírito de consenso da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, vencellando a todos os partidos políticos, poderes públicos e sociedade civil nun compromiso firme en prol dunha política sostida para erradicar a violencia de xénero.

Coa colaboración conxunta da Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas, o Senado e o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller elaborouse un documento que recolleu todas as medidas das entidades participantes para mellorar a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. Este documento remitíuselles ao Congreso e ao Senado para tomalo en consideración e, despois de varios meses de traballos, o 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou por unanimidade o Informe do relatorio de estudo para elaborar estratexias contra a violencia de xénero. O Congreso, na sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da subcomisión para un pacto de estado en materia de violencia de xénero.

Estes informes recollen as recomendacións dos organismos internacionais, Nacións Unidas e Consello de Europa, así como un conxunto de propostas de actuación para os vindeiros anos para frear a violencia contra as mulleres no noso país. Algunhas destas medidas recollidas en dez eixes de actuación implican as universidades e, consecuentemente, as correspondentes unidades de igualdade.

En Galicia, a fin de concretar o desenvolvemento das accións do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) relacionada coas universidades, no ano 2019 asináronse tres convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e

a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, respectivamente, co fin de transferir parte dos recursos do Pacto de Estado ás tres universidades galegas. Esta encomiable decisión política permitiu implantar accións e medidas que o propio pacto recolle, destinadas a comprometer as universidades na loita contra o sexismo, a misoxinia e as violencias machistas.

Entre as múltiples accións incluídas nos dez eixes de actuación que conforman o Pacto de Estado contra a violencia de xénero destacan as seguintes:

1.1.8. Implicar as unidades de igualdade das universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no eido universitario e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos campus universitarios e, de xeito particular, as agresións sexuais “en cita”.

1.4.41 Incluir na publicación do Instituto da Muller, Mulleres en cifras, un novo capítulo sobre a presenza de mulleres na industria cinematográfica e a xestión cultural, que identifique a fenda de xénero a través de indicadores cuantitativos e cualitativos.

8.257. Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade destes. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

8.266. Realizar un estudo sobre as novas realidades do tráfico de seres humanos e as respostas operativas que se deben implementar para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetes, incluídas as vivendas.

8.267. Desincentivar a demanda de prostitución mediante campañas de concienciación e obradoiros de sensibilización dirixidos aos máis novos.

8.269. Establecer un sistema de análise estatística que recolla as violencias machistas sufridas polas mulleres que exercen a prostitución.

A Universidade de Vigo, a través da Unidade de Igualdade, apostou por utilizar estes fondos para realizar unha diagnose da situación da percepción que existe entre a nosa comunidade académica en relación coa violencia contra as mulleres e a prostitución, entendida esta última como unha expresión máis de violencia machista. Para iso, optouse por encargarlles a Cidadanía Sociedade Cooperativa Galega e á socióloga experta en xénero Iria Vázquez Silva, coordinadas pola actual directora da Unidade de Igualdade, Águeda Gómez Suárez, o traballo de campo cuantitativo e cualitativo nos tres campus da Universidade de Vigo, destinado a recoller as opinións, percepcións e valoracións dos homes que conforma a nosa comunidade académica (alumnado, PAS e PDI) ao redor da realidade da violencia contra as mulleres.

A partir dos datos obtidos, realizouse unha análise deles a fin de coñecer a actitude da comunidade universitaria masculina sobre a violencia contra as mulleres (física, on line, sexual, simbólica, etc, para poder deseñar políticas de xénero encamiñadas a reducir e a mesma na nosa comunidade universitaria (alumnado, PAS e PDI) e así evitar que se perpetúe a violencia de xénero.

En efecto, esta diagnose permitirá poder deseñar futuras campañas de concienciación e obradoiros de sensibilización dirixidos á poboación máis nova, co obxectivo de desincentivar todas as formas de violencia contra as mulleres con maior acerto e eficacia, e así cumprir con puntos 1.1.3, 1.1.4, 1.1.8, 1.2.26, 1.2.34, 8.2.57, 8.2.66, 8.2.67 e o 8.267 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

As universidades teñen a obriga de conxugar a ciencia e a conciencia como un todo, a fin de servir aos retos actuais que vive a humanidade en relación coa vulneración dos dereitos humanos e, fundamentalmente, dos que afectan directamente ás mulleres. O firme compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista contra as mulleres resulta un dos obxectivos fundamentais das institucións de ensino superior no noso país. A Universidade de Vigo, neste senso aspira a mobilizar todos os seus recursos intelectuais, científicos, humanos e materiais co obxectivo de impulsar unha cultura política feminista como ferramenta na batalla cultural contra o machismo estrutural, para converter a nosa universidade nun espazo de xeración de coñecementos que axuden a transformar o mundo nun lugar máis xusto, igualitario e libre de violencias de xénero.

Águeda Gómez Suárez
Unidade de Igualdade
Vigo, 14 de marzo de 2020



1.1. Contexto

No seguinte documento preséntanse os resultados da investigación sobre as opinións e actitudes respecto da violencia contra as mulleres, por parte dos homes que forman parte da comunidade universitaria entre o Persoal Docente e Investigador (PDI), Persoal de Administración e Servizos (PAS) e alumnado da Universidade de Vigo.

O principal obxectivo da investigación é coñecer as valoración e actitudes por parte da comunidade educativa masculina (PAS, PDI e alumnado) da Universidade de Vigo, ante a violencia contra as mulleres. A investigación desenvolveuse nos tres campus especializados que se localizan nos concellos de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Para a consecución deste obxectivo estableceuse un procedemento de recollida de información sobre a que obter datos sobre actitudes e opinións sobre a igualdade, o nivel de permisividade ante diferentes condutas de violencia contra as mulleres, con especial atención ante a prostitución.

Seguindo a Díaz-Aguado (2009:6), todos os datos indican que debemos orientar a prevención a incrementar o rexeitamento ao sexismo e a violencia nos homes (tamén

nos máis novos). Esta autora sinala que o ámbito educativo precisa ofrecer unha maior sensibilización e información na prevención da violencia de xénero.

Nesta pesquisa combínanse metodoloxías de carácter cuantitativo e cualitativo.

A perspectiva cuantitativa consistiu na realización dunha enquisa coa comunidade universitaria para indagar no nas opinións sobre as temáticas de igualdade e violencia de xénero entre os homes que conforman a nosa comunidade universitaria. A enquisa realizouse mediante o deseño dun cuestionario autocumprimentado en formato electrónico (no caso do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos) e presencial para o alumnado.

Por outra banda, de xeito paralelo, desenvolveuse a perspectiva cualitativa a través de grupos de discusión e entrevistas en profundidade realizadas cos distintos colectivos da comunidade universitaria, coa finalidade de indagar nas causas e sentidos que articulan os relatos en torno a violencia contra as mulleres, así como o nivel de sensibilización social acerca da igualdade e a violencia de xénero. O traballo de campo cualitativo realizouse a través de entrevistas en profundidade para o PDI e da realización

de grupos de discusión tanto para o alumnado como para o PAS. Detectamos a necesidade de afondar sobre como os homes perciben a violencia de xénero. Proxectos como o de “Violencia de xénero nas universidades españolas” analizou seis universidades, chegando á conclusión a importante confusión sobre este concepto (Puigvert, 2010:372).

1.2. Obxectivos

- Analizar a actitude, percepción e opinión sobre a violencia contra as mulleres na comunidade universitaria da Universidade de Vigo, diferenciando os tres colectivos (PDI, PAS e alumnado) que conforman esta comunidade
- Analizar os discursos e estereotipos de xénero que os enquisados mostran respecto das violencias contra as mulleres
- Establecer as relacións entre as diversas condutas e actitudes co discurso dominante sobre a sexualidade.
- Definir perfís de usuarios segundo os seus discursos en relación coas actitudes e opinións sobre a temática da violencia contra as mulleres
- Identificar mitos e estereotipos sobre a violencia contra as mulleres entre a comunidade universitaria masculina, diferenciando os tres colectivos e indagando nas diferenzas de xénero.
- Analizar a sensibilización cara a(s) violencia(s) machista(s) e o seu vínculo coa prostitución


1.3. Estrutura do Informe

O presente informe de resultados incorpora os produtos procedentes do traballo de campo cualitativo e as enquisas a PAS, profesorado e alumnado. A información obtida a través da análise foi presentada pola cooperativa Cidadanía, a través dun informe preliminar que recolleu os seguintes aspectos:

- Presentación
- Ficha técnica da enquisa
- Ficha técnica do traballo de campo cualitativo
- Principais resultados
- Conclusións

Este informe preliminar foi completado con outros aspectos que a Unidade de Igualdade considerou de interese (marco teórico, fundamentación metodolóxica e análise comparada), sendo a súa elaboración responsabilidade da propia Unidade de Igualdade. Todo o material producido é propiedade da Unidade de Igualdade, a cal como entidade coordinadora do estudo será autora do conxunto da investigación. Cidadanía poderá figurar como autora ou coautora naqueles aspectos nos que a Unidade de Igualdade o considere pertinente.





Marco teórico

2.1. Violencia contra as mulleres e desigualdade

Na lexislación actual sobre violencia de xénero é importante sinalar que a Lei orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (de ámbito estatal) supuxo un importante avance no seu momento, pero arrastra o “grave problema” de definir dun xeito moi limitado a violencia de xénero como aquela que é levada a cabo pola parella ou exparella das mulleres.

Dun xeito certo, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero si amplía a definición de violencia de xénero, incluíndo a violencia cara ás mulleres tanto se acontece no ámbito público como na vida familiar ou privada. Sen embargo (e lamentablemente) nos xulgados de violencia sobre a muller se aplica a normativa estatal, máis reducionista.

En realidade, este concepto que vincula a violencia de xénero como aquela violencia que sofren as mulleres polo mero feito de serlo é o que leva décadas poñendo sobre a mesa o movemento feminista e moitas académicas e activistas para visibilizar unha violencia enraizada no sistema patriarcal. Porén, a día de hoxe, no Portal Estatístico da Violencia de Xénero só se contabilizan os

datos (segundo a L.O. 1/2004) das mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas, mais deixan fóra a aquelas mulleres prostituídas, ou que coñecen a un home pola noite, a un home nunha viaxe, a un home nunha situación casual, e que son asasinadas.

En fin, é claro que se a nosa lexislación estatal deixa fóra outras formas de violencia contra as mulleres. Neste senso, temos que marcar unha diferenza clara: unha cousa é a conceptualización legal da violencia de xénero, e outra é a conceptualización da violencia de xénero no sentido sociolóxico, que apuntaría a toda aquela violencia que sofren as mulleres polo mero feito de ser mulleres. De feito, a categoría conceptual de “feminicidio” vincula os asasinatos de mulleres e de nenas como violencia de xénero, incluíndo ademais a violencia institucional como parte do fenómeno mesmo (Lagarde, 2006).

Neste senso, non podemos esquecer que a construción da masculinidade hexemónica se basea en priorizar e satisfacer os desexos propios, en adquirir dominio e autosuficiencia, renunciando ao apego (Oliveira e Traba, 2018). É por iso que esta masculinidade hexemónica exerce diferentes tipos de violencia machista, e unha das violencias máis estendidas e que mellor representa ao patriarcado, xa que o seu fin último é o control dos corpos

e as vidas das mulleres, é a violencia sexual. A violencia sexual nas súas diversas manifestacións: agresións sexuais, mutilación xenital feminina, trata con fins de explotación sexual... pretende que as mulleres saibamos cal é o noso lugar no sistema patriarcal: o lugar da submisión, mentres que a quen exerce violencia sexual contra ás mulleres, os homes, lles corresponde o lugar da dominación, do poder e do control (Médicos do Mundo Navarra, 2018).

O certo é que se falamos de formas de violencia sexual non podemos deixar de lado unha das súas formas, tan estendida e normalizada polos discursos sociais e mediáticos, pero cruel cara as mulleres, que é a prostitución. Como recolle Médicos do Mundo Navarra (2018) só unha lei en todo o estado, a Lei Foral 14/2015 (Navarra) de Actuación contra a Violencia cara as Mulleres, inclúe a prostitución como unha forma máis de violencia sexual. No seu artigo 3 recolle a “Definición e manifestacións da violencia contra as mulleres”, establecendo no apartado e): “Prostitución e/ou explotación sexual: práctica de manter relacións sexuais con outras persoas a cambio de diñeiro. Obtención de beneficios financeiros ou doutra índole coa explotación do exercicio da prostitución allea (incluídos actos pornográficos ou a produción de material pornográfico), aínda co seu consentimento”. Esta lei é pioneira, xa que nin a lei estatal de violencia de xénero recolle o ditaminado por algúns Convenios e normas internacionais como a Resolución del Parlamento Europeo, de 26 de febreiro de 2014, sobre explotación sexual e prostitución e o seu impacto na igualdade de xénero, que considera que a prostitución é incompatible coa dignidade das mulleres e contraria aos principios dos dereitos humanos, entre eles, a igualdade de xénero.

É claro que alén do eido lexislativo, os cambios sociais requiren unha fonda concienciación social que xere unha transformación nas ideas e nas prácticas sociais. Na actualidade atopámonos ante nun momento dunha maior visibilidade da violencia sexual cara ás mulleres e os/as menores, unhas denuncias que se incrementaron dun xeito relevante (por exemplo, en 2018 aumentou un 43% o volume de denuncias de violencia sexual cara menores, El País, 11/09/2019). Sen embargo, desde a socioloxía temos que alertar que o aumento das denuncias non sempre significa o aumento dun fenómeno, pero si un aumento da súa visibilidade pública. En calquera

caso, estamos na actualidade nun intre de grande debate social acerca do que significa a “violencia sexual cara ás mulleres”; de feito, un dos temas principais neste debate ten que ver co concepto de “consentimento” como un requisito previo para manter unha relación sexual. A nivel social, e sobre todo desde o movemento feminista lévase anos poñendo no centro da discusión o concepto de “desexo sexual” (e non consentimento) como o verdadeiro requisito imprescindible para iniciar un encontro sexual.

Como sinala De Miguel (2012:50) focalizarse exclusivamente no concepto do “consentimento” invisibiliza a parte fundamental sobre a que se funda a orde patriarcal. Na actualidade, na nosa sociedade (dentro dela, en particular as mulleres) existe unha loita por acadar maiores cotas de “autonomía sexual”, entendida esta como o dereito de marcar claramente os límites de acceso aos nosos corpos. Como continúa De Miguel (2012:61) o dereito á autonomía sexual é, neste senso, unha barreira crucial fronte ao poder dos outros. Así, no noso contexto patriarcal, para acadar maiores cotas desta autonomía sexual precisamos unha reflexión fonda sobre a normalización da práctica da prostitución. É por iso que precisamos unha maior reflexión sobre uns varóns que crecen nunha sociedade que non sempre condena a violencia sexual contra as mulleres en toda a súa dimensión: ¿que consecuencias ten a normalización deste comportamento para a concepción igualitaria das persoas e a reciprocidade nas súas relacións? ¿que consecuencias posúe, por exemplo, o sistema prostitucional para a concepción masculina do “consentimento” e a “violencia sexual?”

Todo isto nos leva a reflexionar a fondo sobre medidas de sensibilización que poñan o foco en loitar contra todas as formas de violencia contra as mulleres. Obxectivos nos que incide directamente en múltiples accións, o o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Porén, dentro da comunidade universitaria, existe un pequeno baleiro neste eido que con este diagnóstico quixéramos subsanar .

2.2. *A transformación da vida en cousa*

O contexto neoliberal e a “pedagogía da crueldade” inoculan a falta de empatía nas relacións humanas a partir de patróns educativos de carácter sexual afectivo entre os principais axentes da socialización, caracterizados por unha semiótica sexista e unha pornografía misóxina que atravesa a cultura mainstream globalizada. Así, segundo Gimeno (2018) diversos estudos mostran que as primeiras experiencias sexuais de homes con prostitutas lonxe de ser satisfactorias son traumáticas, nas que o mozo aprende a disciplinar o medo, o noxo, a falta de empatía, a ter unha erección sen importar a apetencia da outra persoa, como o camiño de exaltación da masculinidade.

Non cabe dúbida que para entender a violencia sexual contra as mulleres débese ter en conta o carácter estruturado e estruturante do propio sistema patriarcal (Connell, 2003; Bourdieu, 2000). Para isto, é preciso acudir á interconexión complexa de sistemas de estrutura-acción que apuntan a distintas variables: un momento sociohistórico e económico de auxe do neoliberalismo consumista; unha promoción dea chamada “cultura da violación” na pornografía mainstream e na existencia dunha industria sexual; un cambio no paradigma afectivo-sexual da poboación; e un modelo de masculinidade patriarcal cuxo eixe céntrase nunha idea hipersexual da virilidade (De Miguel, 2015). En efecto, as estruturas de poder e a cultura afectivo-sexual e política actual traballan en contra da equidade de xénero (Granxeiro, 2017).

Neste estudo pártese de que algunhas das prácticas sexoafectivas que afectan directamente as mulleres non estan directamente relacionadas co “pracer sexual”, senón que existe unha lóxica identitaria de para obter o status de “hombría” ou, polo menos, para parecer “máis home” ante o grupo de pares. Por exemplo, o feito social de ir a un espazo de prostitución enténdese máis ben como un proceso de construción dunha masculinidade adquirida baixo a ollada e avaliación dos seus grupos de acólitos varóns, confirmando a súa agresividade, dominio e subxugación do chamado “tributo feminino” que lles permiten ser recoñecidos e titulados como “suxeito masculino” (Segato, 2014).

A poderosa industria patriarcal da cultura e o “ocio” (De Miguel, 2015; Saez, 2015), dende unha racionalidade neoliberal derivou na centralidade do espectáculo da cousificación do corpo das mulleres, como “diversión” o que realmente é “tortura”. A crueldade transfórmase nun valor. A “pedagogía da crueldade” programa as persoas para a baixa sensibilidade, para a baixa empatía cara o sufrimento do/a outro/a, cara un individualismo e un encapsulamento moi próximo ao que Hannah Arent identifica co totalitarismo, que lles permite funcionar adecuadamente nese orde consumidor e cousificador de vida.

Todos estes actos funcionan como mecanismos de homosocialidade que xeran unha “subcultura masculina” cómplice e compartida que responde a un xeito de pechar un vínculo de pertenza á comunitas da masculinidade (Turner, 1988) se revela como un rito fundacional de “ser un home”, cunha vítima propiciatoria neste ritual sacrificial: a muller (Girard, 2005).

Esta época de capitalismo caracterízase por ser un tempo onde a apropiación, a rapiña e o despoxo son prácticas económicas, pero tamén manifestacións de que a crueldade transformouse nun valor. A maquinaria da morte e as lóxicas do capital letal se traducen na forma en que operan no corpo das mulleres (Segato, 2019) que deriva nunha subhumanización das mulleres en occidente.

2.3. *A masculinidade patriarcal é cousa de homes*

O xénero é un dos elementos mediante os cales o poder e os recursos son distribuídos na sociedade modelando os discursos, a ideoloxía, a cultura ou as experiencias corporais das persoas. Para Connell (2003) a estrutura de xénero atinxe catro dimensións: relacións de poder, de produción, emocionais e simbólica.

O patriarcado “fabrica” homes machistas mediante un sistema ideolóxico de “dominación masculina” (Bourdieu, 2000) como ideoloxía hexemónica que comporta unha dimensión simbólica de xerarquías onde o dominador (o home) debe conseguir obter da dominada (a muller) unha forma de adhesión inconsciente, inmediata e

pre-reflexiva dos corpos socializados. Neste contexto constrúense as categorías do masculino e o feminino como categorías políticas (Badinter, 1992).

O antropólogo David Gilmore afirmaba que “(...)a masculinidade é fráxil, sempre en dúbida, baixo sospeita (Gilmore, en Gutmann, 1999), por elo os homes deben poñerse a proba entre si para demostrar a súas hombría.

Sen embargo, a masculinidade é múltiple (existen varias formas de ser home), ten unha posición (hai unha xerarquía, existe unha masculinidade hexemónica que domina o resto), é colectiva (precisa de institucións-estruturas de xénero), é activa (se configura mediante a práctica social), está estratificada (non é un produto acabado) e tamén é dinámica e cambiante (Gómez et al., 2015).

A vella masculinidade hexemónica construída en base á idea do pai de familia provedor e protector, estése substituíndo por novos modelos de masculinidade, algúns cómplices, outros disidentes co mandato patriarcal, outros igualitarios ou feministas e outros claramente patriarcais que premian unha hombría agresiva, machista e violenta que desdeña a autonomía das mulleres como se foran un ataque aos homes: o chamado fenómeno do “macho ferido”.

Cando o neoliberalismo empurra aos homes a una precarización absoluta, non poden cumprir co seu papel de provedores e tentan recuperar este papel asignado á masculinidade tóxica a través de actos violentos. A saña expresada en actos de violencia extrema amosa unha hipermasculinidade (homes-monstros) que controla e domina, moitas veces destruindo o territorio-corpo (da muller); e dando lugar a unha identidade masculina narcisista, hipersexualizada, alterofóbica e pornificada, dende unha racionalidade neoliberal con graves limitacións de empatía e afecto.

A “producción da masculinidade” no contexto patriarcal e a súa coa práctica prostitucional constrúese en referencia aos outros homes e a un mandato de masculinidade cruel, que atopa no sexo comercial unha oportunidade de realización identitaria. De aí que moitos homes vaian grupalmente a espazos de prostitución ou, se van sós, compartan as súas “aventuras” cos seus compañeiros/amigos (Gimeno, 2012).

Para Robert Kimmel (en Gutmann, 1999), a virilidade debe ser examinada por outros homes dende unha “validación homosocial”. En efecto, a maioría dos homes cren que as conquistas sexuais lles dan reputación e condecoracións de hombría. Bourdieu (2000) asevera que “o acto sexual é representado como un acto de dominación, de posesión, como a “toma” da muller polo home” que, como sulina Segato (2016) resulta un acto único de dominación física e moral do outro para transmitir unha mensaxe de poder e apropiación ante a fraternidade masculina. A masculinidade hexemónica resulta conformada polo fálico, misoxinia, o sexual e o sometemento calculado. O empuxe social do feminismo ten subvertido a orde de xénero en todos os aspectos posibles (legais, culturais, simbólicos e subxectivos).

¹Gómez et al. publican en 2015 o libro "El putero español" onde se expoñen os resultados do Proyecto "Consumo de prostitución en España: clientes y mujeres" (COMPECLIMU). Exp. Núm. 2/10, realizado durante os anos comprendidos entre o 2011 e o 2013 e financiado polo Instituto de la Mujer. Nesta investigación se aplicaron entrevistas semidirixidas a 29 clientes, 13 mulleres en prostitución, 3 donos de clubs e/ou pisos, 4 traballadores de clubs e/ou pisos e 23 técnicos sociais, académicas e/ou profesionais dos servizos sociais; ademais, leváronse a cabo tres entrevistas grupais a grupos de homes en nove comunidades autónomas españolas.

²Águeda Gómez e Silvia Pérez publicaron no ano 2009 o libro "Prostitución: clientes e outros homes", que trata. Neste traballo realizáronse 17 entrevistas a clientes, 5 entrevistas a grupos de discusión de colectivos masculinizados (médicos, sindicalistas do metal e estudantes de ciclo formativo de electricidade, informática y secundaria) 6 entrevistas a mulleres en prostitución, 2 entrevistas a transexuais en prostitución, 3 a donos e xerentes de clubs de alterne, 1 a un traballador dun club e 3 a técnicos de servizos sociais que traballan con mulleres en prostitución (Gómez y Pérez, 2009)


³A "pedagogía da crueldade" é un concepto acuñado pola antropóloga Rita Laura Segato co fin de explicar o modo en que diversos axentes de socialización ensinan a non ter empatía coas vítimas, que son revictimizadas coa banalidade e a espectacularización con que as tratan. Para ela, esta pedagogía nos programa para reducir o umbral de sensibilidade ao sufrimento alleo. Esta pedagogía é a que nos entrena e acostuma a transformar a vida en cousa. A personalidade da estrutura psicopática de baixísima capacidade vincular, é a personalidade modal do noso tempo pola súa funcionalidade ao proxecto histórico do capitalismo na sua fase contemporánea (Segato, 2019)

⁴No estudo de Ballester e Orte (2019) móstrase que a primeira vez que os/as nenos/as atopan por primeira vez pornografía aos 8 anos de idade debido o acceso a tecnoloxía dos teléfonos móbiles, un de cada catro nenos comezou a consumir pornografía antes dos 13 anos, a idade media de consumo de pornografía para nenos son os 14 anos e para nenas os 16, e estes nenos/as consumen pornografía para masturbarse, por curiosidade e para aprender sobre sexo, o 70% destes nenos/as din non ter recibido respostas as súas dúbidas na educación sexual que recibiron (Ballester, Orte e Pozo, 2019, en Betes, 2019). No traballo de Pardo e Meroño (2015) os clientes cada vez esixen mais, influenciados polo acceso a pornografía en internet, e que cada vez os clientes de menor idade, algunhas das demandas son ver pornografía con elas, ou non usar preservativo "que mandan porque pagan, que teñen o poder de decidir".

⁵O mito do disciplinamento cruel das mulleres nace, segundo Laura Segato (2019), dun mitema universal "o relato adánico", onde se narra a infracción das mulleres que produciu o castigo de dita infracción por parte dos homes e que supuxo o descrédito, a subordinación, a suxección e a perda de autonomía das mulleres; a partir de aí, a superioridade do macho (musculado e agresivo) transfórmase en histórica e política fronte a anterior orde natural: nace a orde patriarcal.

⁶A ideoloxía, tal e como sulíña Ángel de Lucas (en José María Arribas et al, 2013), seguindo a Göran Therbon dita o que existe e o que non existe, o bo e o malo, o xusto ou o condenable, o fermoso e o horrendo e o que é posible e o que resulta imposible.





Aspectos metodol3xicos

3.1. Traballo de campo cuantitativo

A perspectiva cuantitativa ten como punto de partida as enquisas feitas para indagar neste 3mbito, tanto a nivel europeo como espa3ol (Meneses, 2015; 2018; Barahona et al., 2006; Hubert, Bafos e Sandfort, 1998; CIS, 2009). Destes estudos previos partiu o dese3o do cuestionario, onde se abordaron tem3ticas tales como: idade, x3nero, h3bitat, ocupaci3n, formaci3n, situaci3n sentimental, sexualidade, relaci3n entre x3neros, opini3n sobre prostituci3n, acudiu ou non espazo prostitucional, cal (piso, club, r3a), cando, cantas veces, con quen, valoraci3n da experiencia, concepci3n sobre a violencia de x3nero, etc.

En concreto, a t3cnica empregada para recoller a informaci3n de car3cter cuantitativa foi a enquisa en formato electr3nico, no caso de PDI o PAS, e presencial (autocumprimentada) no caso de alumnado.

Delimitaci3n

Para a realizaci3n do estudo de percepci3n dist3nguense entre os seguintes destinatarios:

Persoal docente e investigador (PDI)

A poboaci3n est3 constitu3da polo persoal docente masculino das facultades que conforman os tres campus da Universidade de Vigo p3blicos, de grao medio e/ou superior. O n3mero de PDI var3ns ao que se lle remitiu o cuestionario electr3nico ascendeu a 860 contactos, a totalidade dos var3ns que compo3nen o colectivo de docentes e persoal investigador da Universidade. O n3mero que contestou foi de 159 persoas.

Persoal de Administraci3n e Servizos (PAS)

Do total dos 314 var3ns que conforman o persoal PAS da Universidade de Vigo foron localizados un total de 74 contas de correo persoais, 3s que se lles remite o cuestionario electr3nico para participar na investigaci3n. O nivel de resposta foi de 18 casos.

Alumnado

A poboaci3n de referencia foi a matr3cula da Universidade de Vigo para o curso 2018-2019, constitu3da polo alumnado masculino das facultades que conforman os tres campus da Universidade de Vigo, de grao medio e/ou superior, que ascende a un total de 9.776 estudantes. A mostra estivo constitu3da por alumnado masculino e realiz3ronse un total de 200 enquisas.

Cuestionario

Aínda que en distinto soporte (electrónico e en papel), o modelo de cuestionario recolleu unha estrutura similar, polo que podemos falar dun único modelo de enquisa para PAS, profesorado e o alumnado.

No caso do cuestionario electrónico, empregouse a aplicación Lime Survey que estará aloxado nos servidores de Cidadanía, se ben o seu deseño adaptárase a identidade corporativa sinalada pola Unidade de Igualdade.

No deseño do cuestionario tomouse como referencia os diferentes modelos empregados en investigacións e estudos similares, co obxectivo de vincular os posteriores resultados a indicadores empregados en ditas investigacións.

Procedemento de recollida de información

1. Profesorado e PAS

En primeiro lugar configurouse un directorio de correos electrónicos para os dous colectivos. A través dos correos electrónicos remitiuse un enlace personalizado para que puideran cubrir un cuestionario onde está asegurado o seu anonimato.

Para mellorar a calidade e cantidade das respostas facilitadas polo grupo de PAS e profesorado, seguiuuse o seguinte procedemento:

- Envío do formulario electrónico, facilitando un prazo razoable para a súa cobertura.
- Recordatorio, vía correo electrónico, a aquelas persoas que non respondan ao formulario ao cabo de 15 días. Realizáronse un total de dous recordatorios.

2. Alumnado

Realizouse unha selección previa dos centros e aulas da Universidade de Vigo onde se contactou cos posibles enquisados solicitando a súa colaboración coa investigación.

As enquisas foron autocumprimentadas polo propio alumnado. Unha persoa do equipo técnico de Cidadanía mantívose cerca resolvendo as posibles dúbidas xurdidas á hora de cubrir o cuestionario. Unha vez cuberto, recolléronse as enquisas.

Posteriormente os cuestionarios foron gravados en soporte informático para o seu posterior tratamento.

Análise de datos

Efectuouse unha tabulación e explotación dos mesmos en diferentes niveis:

- Análise de frecuencias. Recolle os valores obtidos para as diferentes preguntas do formulario, alternando presentacións en formato táboas con formato gráfico.
- Análise de cruces bivariáveis. Defíniranse os valores das preguntas segundo aptitudes sobre as violencia contra as mulleres e opinións respecto da prostitución, podéndose realizar algún outro cruce que se considere de interese.

Ficha T3cnica Alumnos

Universo	Segundo datos de matricula da Universidade de Vigo o n3mero de estudantes var3ns no curso 2018-2019 ascendeu a 9.776 alumnos.
Mostra	200 entrevistas
Tipo de mostra	Poliet3pica. Nun primeiro momento a mostra foi dividida polo cruce entre campus universitario e 3rea cient3fica. Nun segundo momento a mostra foi asignada aos centros de maneira proporcional ao seu n3mero de alumnos. A selecci3n final dos estudantes realizouse empregando unha secuencia aleatoria.
Erro da mostra	Na hip3tese dunha mostra aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e no suposto de m3xima indeterminaci3n ($p=q=0,5$), o erro m3ximo admitido na estimaci3n dunha magnitude absoluta 3 de $\pm 7,0\%$.
Tipo de entrevista	Enquisa autocumprimentada asistida por persoal t3cnico subministrada nos centros universitarios.
Depuraci3n e gravaci3n	Comprobaci3n da consistencia da informaci3n e a inexistencia de erros en li3a de gabinete. A gravaci3n realizouse empregando a aplicaci3n rase a trav3s da aplicaci3n Libre Office Calc.
Traballo de campo	Do 16 de setembro ao 3 de outubro de 2019.
Protecci3n de datos	No transcurso da realizaci3n das entrevistas informouse sobre a finalidade principal da enquisa, a s3a lexitimaci3n, as persoas encargadas do tratamento de datos, os destinatarios e os seus dereitos, as3 como o delegado de protecci3n datos que figuraba na p3xina inicial do cuestionario.

Ficha T3cnica PDI

Universo	Seleccionouse a aqueles docentes var3ns que tiveran correo electr3nico dispo3nible. Segundo datos recollidos dos directorios de persoal da Universidade de Vigo hai 860 docentes var3ns.
Mostra	159 entrevistas
Tipo de mostra	A mostra non 3 probabilistica dado que non houbo segmentaci3n previa da mostra e a resposta foi circunstancial por parte do profesorado.
Erro da mostra	Non procede calcular o erro da mostra por non ser probabilistica. Co obxecto de realizar unha homologaci3n cunha mostra probabilistica e na hip3tese dunha mostra aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e no suposto de m3xima indeterminaci3n ($p=q=0,5$), o erro m3ximo admitido na estimaci3n dunha magnitude absoluta 3 de $\pm 7,2\%$.
Tipo de entrevista	Enquisa autocumprimentada a trav3s da plataforma web Lime Survey.
Depuraci3n e gravaci3n	Establecemento de filtros no cuestionario electr3nico. Comprobaci3n da consistencia da informaci3n e a inexistencia de erros en li3a de gabinete. A gravaci3n realizouse a trav3s da plataforma Lime Survey para s3a posterior exportaci3n a Libre Office Calc.
Traballo de campo	Do 16 de setembro ao 14 de outubro de 2019.
Protecci3n de datos	No transcurso da realizaci3n das entrevistas informouse sobre a finalidade principal da enquisa, a s3a lexitimaci3n, as persoas encargadas do tratamento de datos, os destinatarios e os seus dereitos, as3 como o delegado de protecci3n datos que figuraba na p3xina inicial do cuestionario electr3nico.

Ficha Técnica PAS

Universo	Seleccionouse ao PAS varóns da área de Administración e Servizos que tiveran correo electrónico personalizado dispoñible. Tan só se puideron recoller dos directorios públicos un total de 72 contactos, do total dos 314 varóns que forman parte do Persoal Auxiliar e de Servizos con data do 31 de decembro dde 2018.
Mostra	18 entrevistas
Tipo de mostra	A mostra é non probabilística dado que non houbo segmentación previa da mostra e a resposta foi circunstancia por parte do profesorado.
Erro da mostra	Non procede dado que a mostra non é probabilística e o tamaño da mostra é moi reducido.
Tipo de entrevista	Enquisa autocumprimentada a través da plataforma web Lime Survey.
Depuración e gravación	Establecemento de filtros no cuestionario electrónico. Comprobación da consistencia da información e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse a través da plataforma Lime Survey para súa posterior exportación a Libre Office Calc.
Traballo de campo	Do 16 de setembro ao 14 de outubro de 2019.
Protección de datos	No transcurso da realización das entrevistas informouse sobre a finalidade principal da enquisa, a súa lexitimación, as persoas encargadas do tratamento de datos, os destinatarios e os seus dereitos, así como o delegado de protección datos que figuraba na páxina inicial do cuestionario electrónico.

*Dita información axústase ao recolle o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, Xeneral de Protección de Datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3.2 O traballo de campo cualitativo

A investigación social cualitativa distínguese doutras perspectivas pola flexibilidade que se manifesta en dous niveis: no seu obxecto e método. Este enfoque cualitativo caracterízase por abordar o estudo da construción social da realidade elaborada polas persoas nos seus actos de fala. Esta perspectiva parte de que a acción non está totalmente determinada pola situación obxectiva, senón que o senso que dan as persoas á situación é o realmente decisivo: no dito e feito polas persoas estaría a pegada da súa visión do mundo. De aí o interese na observación e no rexistro da linguaxe natural.

O obxecto de estudo desta investigación, as opinións e actitudes dos homes da comunidade universitaria ante as violencias contra as mulleres e especificamente ante a prostitución, require un peso importante da perspectiva cualitativa, por dous tipos de razóns diferentes. Por unha banda, abordar estas temáticas precisa dun nivel de confianza importante coa persoa interlocutora. Por outra banda, existe unha comunidade, a do PAS, onde os datos recollidos a partir da enquisa é pouco representativa, un baleiro que podemos complementar, en boa medida, coa investigación cualitativa.

Empregamos dúas técnicas de recollida de información cualitativa: as entrevistas en profundidade e os grupos de discusión. A selección de persoas entrevistadas foi a partir de contactos persoais e a utilización da bola de neve. Ademais, no caso do PAS, tamén empregamos a Unidade de Igualdade para poder contactar co Persoal administrativo que quixera participar. Por motivos de confidencialidade, os datos aportados sobre os nosos informantes aportan intervalos de idade e áreas científicas, coa finalidade de manter o anonimato. O PDI e o PAS foi entrevistado no Campus de Vigo, e o alumnado no Campus de Ourense. É importante suliñar que as mostras estruturais na investigación cualitativa seleccionáronse mediante criterios de representación socio-estrutural, non proporcional.

Este traballo de campo cualitativo está orientado a analizar as motivacións, percepcións, valores, crenzas e actitudes acerca da prostitución e outros aspectos da violencia contra as mulleres. En calquera caso, esta información aportada mediante as técnicas cualitativas ten un carácter exploratorio e/ou explicativo.

Cadro- resumo 1

Entrevistas en profundidade a PDI. Campus de Vigo

PDI 1	Contrato de investigación, 30-35 anos. Área de Ciencias
PDI 2	Profesor asociado, 40-45 anos. Área de Humanidades
PDI 3	Profesor contratado doutor, 35-40 anos. Área xurídica-social

Cadro- resumo 2

Grupo de discusión PAS. Campus de Vigo

PAS 1	55-60 anos
PAS 2	40-45 anos
PAS 3	50-55 anos

Cadro- resumo 3

Grupo de discusión Alumnado. Campus de Ourense

Alumno 1	Alumno da área Social, 25-30 anos
Alumno 2	Alumno da área Xurídica, 20-25 anos

Para analizar as narracións obtidas e producidas polas persoas entrevistadas, optouse por aplicar o marco teórico do “frame analysis” (Gerhards, 1995; Goffman, 1974) co fin de estruturar coherentemente os seus relatos en relación ao sentido que lle outorgan a acción da compra de sexo comercial. Os tópicos a tratar (tanto nos grupos de discusión como nas entrevistas en profundidade) foron:


- Igualdade de xénero
- Relación entre xéneros
- Sexualidade
- Opinión sobre prostitución
- Experiencias e valoración das mesmas
- Violencia(s) machista(s)

A continuación, presentamos o cronograma de actividades realizadas ao longo da pesquisa:

Cadro-resumo 4 Cronograma do traballo

	Data Inicio	Data Fin
Elaboración do cuestionario cuantitativo e guión da entrevista semi-estruturada	01/06/2019	30/06/2019
Identificación da mostra nos tres campus para PDI, PAS e Alumnado	01/07/2019	31/07/2019
Traballo de campo cuantitativo e cualitativo nos tres campus	01/09/2019	31/10/2019
Elaboración de Informe Preliminar	01/11/2019	30/11/2019
Revisión de Informe Preliminar e Entrega de Informe Final	01/12/2020	01/02/2020





Resultados

4.1. Comparativa de datos (PDI e alumnos)

Neste primeiro apartado abordaremos unha comparativa de respostas 3 enquisa entre o PDI e o alumnado (os grupos m3is representativos nas s3as respostas 3 enquisa). Nos seguintes apartados, analizaremos en detalle cada colectivo en particular, pero neste primeiro apartado queremos dar unha visi3n contextual da enquisa, mostrando as principais semellanzas e diferenzas entre estes dous colectivos con respecto 3 percepci3n da igualdade, da sexualidade, da prostituci3n, da violencia de x3nero, etc. Esta primeira panor3mica axudaranos a ter unha visi3n xeral das respostas, e nos apartados posteriores iremos detallando e interpretando polo mi3do as respostas do PDI e dos alumnos, complementando tam3n coa an3lise cualitativa realizada a cada colectivo.

4.1.1 Igualdade entre homes e mulleres

Importancia da igualdade

T3boa 1. Importancia da igualdade. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes.

	PDI	Alumnado
Moita	72,30 %	77,0 %
Bastante	24,5 %	20,0 %
Pouca	1,9 %	1,0 %
Non sabe/Non contesta	1,3 %	2,0 %
Total	100,0 %	100,0 %

O alumnado m3strase m3is af3n que o PDI cara a importancia da igualdade; por3n, en ambos casos, superan o 70% os homes que apuntan a “moita importancia” que pos3e a igualdade.

Igualdade na sociedade e na Universidade

Táboa 2. Percepción do nivel de igualdade na sociedade e na Universidade. PDI e alumnado. Datos en medias (escala do 1 ao 10)

	PDI	Alumnado
Igualdade na sociedade	5,41	6,10
Igualdade na Universidade	7,67	7,74

En ambos casos, tanto o PDI como os alumnos, perciben maiores cotas de igualdade na Universidade que na sociedade en xeral. O alumnado móstrase máis “optimista” con respecto á percepción da igualdade tanto a nivel social como a nivel particular na Universidade.

Mulleres, homes e sexualidade

Táboa 3. Preferencia polo sexo. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes.

	PDI	Alumnado
Ás dúas persoas por igual	72,3%	68%
Aos homes	21,4%	20,5%
Ás mulleres	1,3%	3,5%
Non sabe/Non contesta	5,0%	8,0%
Total	100,0%	100%

Neste caso podemos observar como o PDI móstrase máis de acordo co feito que tanto homes como mulleres teñen a mesma preferencia polo sexo, aínda que máis dun 20% (tanto PDI como alumnos) segue mantendo o estereotipo de xénero de que os homes teñen unha maior preferencia.

Interese en obter maior información sobre sexualidade

Táboa 4. Interese en obter maior información sobre sexualidade. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes.

	PDI	Alumnado
Si	44,0 %	68,0 %
Non	35,8 %	15,5 %
Non sabe/Non contesta	20,1 %	16,5 %
Total	100,0 %	100,0 %

Esta táboa resulta especialmente importante polas elevadas porcentaxes que demandan formación sobre cuestións relativas á sexualidade; en concreto, o 44% do PDI sinala que si ten interese en obter maior información sobre sexualidade, unha porcentaxe que sube até o 68% no caso dos alumnos. Este dato é moi clarificador da necesidade de implementar formación e obradoiros sobre unha temática na que especialmente o alumnado mostra o seu elevado interese. Só o 15,5% dos alumnos sinalan non ter interese en formarse neste eido. A sensibilización neste tema é unha ferramenta chave para desenvolver unha sexualidade respectuosa e satisfactoria e previr tamén as violencias machistas.

4.1.2. *Violencia contra as mulleres*

Táboa 5. Relación entre desigualdade e violencia contra as mulleres. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes.

	PDI	Alumnado
Moi de acordo	29,6 %	32,5 %
Bastante de acordo	37,7 %	40,5 %
Pouco de acordo	18,9 %	15,5 %
Nada de acordo	6,9 %	7,0 %
Non sabe/Non contesta	6,9 %	4,5 %
Total	100,0 %	100,0 %

En primeiro lugar, preguntamos aos homes enquisados sobre a súa percepción acerca da relación entre a desigualdade de xénero e a violencia contra ás mulleres. Tanto o alumnado como o PDI coinciden bastante na resposta: a maioría dos enquisados están moi de acordo ou bastante de acordo en remarcar o vínculo existente entre a desigualdade e a violencia de xénero: en concreto, esta é a opinión dun 67,3% do PDI, unha porcentaxe que se eleva até o 73% no caso dos alumnos. Como vemos, en cuestións de sensibilización sobre igualdade e violencia de xénero, os alumnos posúen unha maior concienciación que o PDI.

Grao de non aceptación de condutas de violencia contras as mulleres

Táboa 6. Grao de non aceptación de determinadas condutas de violencia contra as mulleres. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes para a opción inaceptable e sempre castigada por lei.

	PDI	Alumnado
Facer comentarios e suxestións de tipo sexual	30,8 %	21,0 %
Pagar a unha muller por manter relacións sexuais	50,3 %	39,0 %
Enviar correos electrónicos ou mensaxes de texto con contido non desexados	56,0 %	42,5 %
Presionar a unha muller para que envíe fotos de si mesma	76,7 %	64,0 %
Producir pornografía na que se abusa dunha muller	78,6 %	79,5 %
Bicar a unha muller en contra da súa vontade	82,4 %	55,5 %
Tocar a unha muller en contra da súa vontade	86,2 %	73,0 %
Obrigara á parella a manter relacións sexuais non desexadas	91,2 %	86,5 %
Dar de forma deliberada a unha muller alcol e drogas	95,6 %	89,0 %
Compartir fotografías ou vídeos privados	95,6 %	88,0 %
Chantaxear a unha muller con difundir fotografías ou vídeos privados dela	98,1 %	91,0 %
Obrigara a prostituírse a unha muller	98,7 %	98,0 %

Seguindo coa análise da percepción da violencia de xénero, a táboa 6 mostra que a maior permisividade dos enquisados sitúase no eido dos comentarios e suxestións de tipo sexual e á hora de pagar por manter relacións sexuais. En concreto, un 30% do PDI e un 21% dos alumnos cren inaceptable (e sempre castigada pola lei) facer comentarios e suxestións de tipo sexual; con respecto á prostitución, percibimos que un 50% do PDI sinala que é inaceptable (e sempre castigada por lei), unha porcentaxe que baixa para os alumnos para situarse no 39%.

Especialmente preocupante resúltannos as respostas dalgúns alumnos: só un 55,5% ve inaceptable (e castigado sempre por lei) bicar a unha muller contra a súa vontade; unha porcentaxe que sube ata un 73% no caso de tocar a unha muller contra a súa vontade. En calquera caso, estes datos mostran a necesidade de dar unha maior formación e sensibilización no eido da prevención da violencia sexual.

Táboa 7. En que medida está de acordo coas seguintes situación. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes para as opción SI.

	PDI	Alumnado
Considero a prostitución unha forma de violencia contra as mulleres	56,0 %	49,5 %
A prostitución debera estar regulada como calquera outra actividade	52,2 %	59,0 %
Deberase penalizar á persoa que consume prostitución	33,3 %	32,0 %
Hai que prohibir ou penalizar á persoa que exerce a prostitución	5,7 %	20,0 %

Na táboa 7 recóllense comparativa o grao de acordo con respecto a unha serie de afirmacións sobre a prostitución. En primeiro lugar, ao redor da metade dos enquisados considera que a prostitución é unha forma de violencia contra as mulleres, aínda que o PDI neste caso o fai dun xeito un pouco máis rotundo (56%) que os alumnos (49,5%). En calquera caso, sorpréndenos a baixa porcentaxe de enquisados que vinculan a prostitución coa violencia contra ás mulleres.

Con respecto á regulación, algo máis da metade dos enquisados consideran que a prostitución debera estar regulada como calquera outra actividade, unha porcentaxe algo maior nos alumnos que no PDI. Esta “permisividade” con respecto á prostitución se plasma nas baixas porcentaxes dos enquisados que consideran que debería penalizarse á persoa que consume prostitución: aquí PDI e alumnos coinciden ao redor do 32-33%. Este resultado mostra a necesidade de reflexionar sobre as medidas a implementar no eido da sensibilización do consumo de prostitución.

Por último, onde si detectamos unha diferenza relevante entre PDI e alumnos é sobre a cuestión de penalizar á persoa que exerce prostitución. Un 5,7% do PDI está de acordo con esta afirmación fronte a un 20% dos alumnos. Este resultado do alumnado quizais haxa que interpretalo tendo en conta a confusión e a falla de formación específica sobre a situación das mulleres que exercen prostitución.

Táboa 8. En que medida cres que é a situación do tráfico de persoas en España, con respecto a outros países. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes.

	PDI	Alumnado
Si, similar a doutros países	28,9 %	32,0 %
Non, é significativamente mellor	10,1 %	25,5 %
Non, é significativamente peor	7,5 %	10,0 %
Non sabe/Non contesta	53,5 %	32,5 %
Total	100,0 %	100,0 %

Sobre a situación comparada do tráfico de persoas no contexto español con respecto a outros países, os enquisados reflexan un descoñecemento importante sobre a súa gravidade: unha elevada porcentaxe (que chega ao 53,5% no PDI) non coñece como é a situación en España; en segundo lugar, ao redor do 30% dos enquisados pensan que a situación é similar a doutros países, e só unha pequena parte do PDI e alumnado percibe unha situación peor no noso contexto. Esta táboa mostra o descoñecemento xeral (e aínda máis acusado no PDI) sobre a gravidade do tráfico de persoas, e polo tanto tamén de mulleres.

Táboa 9. Grao de acordo con medidas prioritarias a desenvolver. PDI e alumnado. Datos en porcentaxes nas respostas moi e bastante de acordo.

	PDI	Alumnado
Legalizar a prostitución	49,7 %	42,0 %
Maiores controles policiais nas fronteiras	51,6 %	72,5 %
Controles nos clubs e outros espazos de prostitución	89,9 %	90,5 %
Deseñar programas para a inserción sociolaboral das mulleres vítimas de prostitución	96,2 %	92,5 %
Adoptar medidas legislativas máis restritivas e penas máis duras contra os traficantes	93,7 %	90,0 %

Por último, esta táboa recolle o grao de acordo cunha serie de medidas con respecto á prostitución: como podemos observar, dúas medidas superan o 90% do acordo: deseñar programas de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de prostitución, e en segundo lugar, adoptar medidas legislativas máis restritivas e penas máis duras contra os traficantes. En terceiro lugar, realizar máis controles nos clubs (e outros espazos de prostitución) tamén aglutina unha porcentaxe moi elevada de acordo. Pola contra, a medida de legalizar a prostitución mostra unha maior controversia: ao redor do 50% do PDI está a favor desta medida, unha porcentaxe que baixa no alumnado ata o 42%.


4.2. Resultados do persoal docente e investigador (PDI)

4.2.1. Igualdade entre homes e mulleres

Importancia da igualdade

O 97% do persoal docente e investigador que cubriu o cuestionario sinala que a igualdade entre mulleres e homes 3 un aspecto moi ou bastante importante. Un 72,3% consid3rao moi importante e o 24,5% bastante importante.

Gr3fica 1. Importancia da igualdade entre mulleres e homes. PDI. Datos en porcentaxes



Por grupos de idade, entre o colectivo de 25 e 34 anos, a porcentaxe dos PDI que sinalan que a igualdade 3 moi importante 3 do 44%, case dez puntos por baixo dos que a valoran como bastante importante (55%).

Pola contra os PDI de entre 35 a 45 anos e os de 65 e m3is anos concentran maior porcentaxe de casos que consideran que a igualdade ten moita importancia (78% e 80% respectivamente).

Segundo a relaci3n de parella, o colectivo con parella ocasional recolle as porcentaxes m3is baixas na opci3n moi importante (42,9%) con diferencias moi significativas a respecto do resto de categor3as.

O grupo que maior importancia (80%) outorga 3 igualdade 3 o que non ten parella.

T3boa 10. Importancia da igualdade segundo relaci3n de parella. PDI. Datos en porcentaxes.

Importancia	Moita	Bastante	Ninguna	Pouca
Casado	49,7 %	23,2 %	2,7 %	0,9 %
Con parella ocasional	51,6 %	57,1 %	0,0 %	0,0 %
Non casado, con parella estable	89,9 %	28,0 %	0,0 %	0,0 %
Sen parella	96,2 %	20,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	93,7 %	24,5 %	1,9 %	1,3 %

Táboa 10. Importancia da igualdade segundo relación de parella. PDI. Datos en porcentaxes.

	Moita importancia	Bastante importancia	Nada importante	Pouco importante
Casado	49,7 %	23,2 %	2,7 %	0,9 %
Con parella ocasional	51,6 %	57,1 %	0,0 %	0,0 %
Non casado, con parella estable	89,9 %	28,0 %	0,0 %	0,0 %
Sen parella	96,2 %	20,0 %	0,0 %	0,0 %
Total	93,7 %	24,5 %	1,9 %	1,3 %

O maior grao de importancia rexístrase entre os que son pais; o 73,3% dos que teñen fillas ou fillos outórganlle a igualdade moita importancia, fronte ao 69,3% dos enquisados que non teñen descendencia.

No traballo de campo cualitativo detectamos entre o PDI unha sensación de que por unha banda se ten avanzando en temas de igualdade, ao tempo que queda moito camiño por percorrer. Varios entrevistados salientan a situación nas xeracións máis novas, onde continúan observando comportamentos sexistas.

Vaise avanzando, pouco a pouco, con respecto a época en que miña nai tiña miña idade, desde os anos sesenta e setenta, pero ben, non creo que sexa nada para tirar cohetes... agora as novas xeracións segue habendo moito problema de mentalidades eh..., que non, parten de considerar á muller como un igual... nas relacións sociais, afectivas, entre a xente nova... creo que hai moito problema, non se resolve iso... mesmo tamén no ámbito laboral.
PDI2, 40-45 anos, área Humanidades

Outro dos entrevistados fai referencia ao sistema de poder heteropatriarcal e como continúa a reproducirse tamén entre as persoas novas, a través do uso que as novas tecnoloxías.


Seguimos no heteropatriarcado e con desigualdade brutal, e que se... renova coas novas xeracións a través das novas tecnoloxías, cambian os xeitos, pero sigue estando presente aí
PDI1, 30-34 anos, área Ciencias

Igualdade na sociedade e na Universidade

En xeral, no entorno universitario a igualdade entre mulleres e homes acada unha boa valoración, se ben á hora de avaliar a situación no ámbito da sociedade as percepcións son menos optimistas.


De feito a media de valoración da Universidade, nunha escala de 1 a 10, onde 1 indica o a desigualdade total e 10 a igualdade total, é de 7,67, baixando máis de dous puntos, ata os 5,41 á hora de valorar a situación da igualdade na sociedade.

Gráfica 2. Percepción do da igualdade na sociedade e na Universidade. PDI. Datos en medias (escala do 1 ao 10, 1 mínima puntuación e 10 a máxima)



Por grupos de idade, o colectivo de 65 e máis anos percibe menor igualdade na sociedade (media de 5 sobre 10). Os máis novos, de entre 25 e 34 anos, son os máis críticos á hora de valorar igualdade na Universidade (6,38).

Gráfica 3. Percepción do nivel de igualdade na sociedade e na Universidade segundo grupos de idade. PDI Datos en medias.



Segundo a orientación sexual, o colectivo de identidades binarias e transexuais, consideran que na sociedade hai unha mellor situación en termos de igualdade e peor no ámbito universitario.

Atendendo á relación de parella, o grupo sen parella (media de 5,1) e de casados (5,3) teñen unha percepción menos optimista da situación da igualdade na sociedade, situándose os valores por baixo da media (5,4). O grupo sen parella é o que mellor percepción ten do grao de igualdade na Universidade (7,9), e máis baixa (7,2) os que teñen parella ocasional.

Para os PDI con fillas ou fillos o nivel de igualdade na sociedade e na universidade está por debaixo da media. Entre os que non son pais a situación é algo máis optimista.

Táboa 11. Percepción do nivel de igualdade na sociedade e na Universidade segundo se ten ou non fillos ou fillas. PDI. Datos en medias.

Importancia	Moita	Bastante
Con fillas ou fillos	5,25	7,58
Sen fillas ou fillos	6	8,03
Non sabe/Non contesta	4	6,67
Media	5,41	7,67

Segundo o nivel de ingresos, mellor percepción respecto do nivel de igualdade na sociedade entre o colectivo de PDI con ingresos máis baixos e mellor valoración do nivel na Universidade entre os que teñen maiores ingresos.

Táboa 12. Percepción do nivel de igualdade na sociedade e na Universidade segundo nivel de ingresos. PDI. Datos en medias.

	Igualdade sociedade	Igualdade universidade
Ata 1.200 €	5,67	7,33
De 1.201 a 1.800 €	5,33	7,07
De 1.801 a 2.400 €	5,56	7,63
De 2.401 a 3.000 €	5,4	7,63
Máis de 3.000 €	5,39	8,08
Non sabe/Non contesta	5,09	7,09
Media	5,41	7,67

Nas entrevistas realizadas, no PDI temos diversidade de opinións e matices con respecto ao grao de igualdade na Universidade de Vigo. Por unha banda, e como podemos consultar a continuación, existen homes que si perciben unha maior igualdade na Universidade que na sociedade en xeral (recollido tamén nos resultados da enquisa).

Entendo que en termos de salarios e cuestións de condicións laborais entendo que está máis adiantada que outras partes, ou segmentos do mercado laboral... o que sería, hai un grao..., a percepción que eu teño si, no sentido da consideración profesional, de contratos e condicións laborais e todo isto... creo que hai un grao de igualdade aceptable

PDI2, 39-44 anos, área Humanidades

Outro home entrevistado detecta diferentes tipos de desigualdade no eido laboral universitario, sobre todo por cuestións vinculadas coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Así mesmo, destaca a segregación vertical detectada na carreira docente e investigadora dentro da Universidade, así como un predominio dos varóns nos cargos de xestión.

Noto que por exemplo, na miña idade hai oportunidades tanto para homes como para mulleres, pero chegado o momento, xa cando rematas o doutoramento, etc., si que vexo unha diferenciación no caso das mulleres que se teñen fillos, fan un parón investigador, entón, xogan coa desvantaxe cos compañeiros homes, entón vexo un hándicap aí, logo xa a niveis, de catedráticos, vexo que son catedráticos e non catedráticas, aínda que hai áreas que hai máis mulleres... sobre todo en ciencias, tecnolóxicas, nos espazos máis elevados, máis homes, na xestión, máis homes.


PDI1, 30-34 anos, área Ciencias

4.2.2. Relacións afectivas e sexuais

Importancia na vida das persoas

As relacións afectivas e sexuais teñen unha importancia significativa, a nivel persoal, para as persoas entrevistadas, percepción que se estende a respecto da relevancia que adquire para o benestar das persoas en xeral; 9 de cada 10 enquisados outórganlle moita ou bastante importancia, en ambos casos.

Gráfica 4. Importancia que teñen as relacións afectivas e sexuais para o benestar das persoas e para min mesmo. PDI. Datos en porcentaxes.



En xeral, o colectivo de máis idade valora en maior grao a importancia das relacións afectivas e sexuais, tanto a nivel persoal como, en xeral, para o benestar das persoas.

O 55% do grupo de entre 25 a 34 anos considera que as relacións para as persoas son moi importantes, alcanzando o 100% nos de maiores de 65 anos.

A nivel persoal, a porcentaxe na opción moi importante alcanza o 66,7% nos grupos de idade máis novos, aumentando nos seguintes grupos de idade (salvo o de 35 a 44 anos) ata alcanzar o 80% para colectivo de 65 e máis anos.

Táboa 13. Importancia das relacións afectivas e sexuais para o benestar das persoas e para min. PDI. Datos en porcentaxes por grupos de idade na opción moi importante.


	Para o benestar das persoas	Para min
De 25 a 34 anos	55,6 %	66,7 %
De 35 a 44 anos	40,6 %	46,9 %
De 45 a 54 anos	72,3 %	72,3 %
De 55 a 64 anos	73,9 %	69,6 %
65 e máis anos	100,0 %	80,0 %
Total	66,7 %	66,7 %

Táboa 14. Importancia das relacións afectivas e sexuais para o benestar das persoas e para min. PDI. Datos en porcentaxes segundo relación de parella, na opción moi importante.

	Para o benestar das persoas	Para min
Casado	67,0 %	67,0 %
Non casado con parella estable	72,0 %	80,0 %
Con parella ocasional	57,1 %	57,1 %
Sen parella	60,0 %	40,0 %
Total	66,7 %	66,7 %

Tamén os que son pais, outorgan maior relevancia ás relacións afectivas e sexuais, tanto a nivel persoal, como para o benestar das persoas.


Gráfica 5. Importancia que teñen as relacións afectivas e sexuais para o benestar das persoas e para min mesmo. PDI. Datos en porcentaxes segundo teñen, ou non, fillas ou fillos.



Satisfacción coa vida sexual

A valoración respecto do grao de satisfacción sexual dos enquisados acadou o 76% (sumando as opcións moito e bastante satisfeito), sen embargo concentra maior porcentaxe de resposta na opción bastante (56%) que na opción moi satisfeito (20,8%). O 15% sinala estar pouco ou nada satisfeito.

Gráfica 6. Satisfacción coa vida sexual na actualidade. PDI. Datos en porcentaxes.



Certamente, nas entrevistas cualitativas realizadas co PDI si reflicten esa importancia que posúe a vida afectiva e sexual para este colectivo, coincidindo cos resultados recollidos na enquisa. Porén, si detectamos un matiz importante no discurso que ten que ver co feito de que por unha banda se destaca o apoio psicolóxico que supón ter parella, ao mesmo tempo que os tres homes entrevistados salientan que o feito de ter parella non é imprescindible para estar feliz. Especialmente interesante é o discurso dun dos nosos entrevistados que destaca que conforme pasa a idade lle está a dar unha maior importancia á esfera do afectivo, en detrimento da esfera sexual.

O do sexo cada vez menos, pero o afectivo cada vez máis.
PDI2, 40-45 anos, área Humanidades.

A ver, é un apoio ter parella, pero non creo que haxa que ter parella para ser feliz.

PDI3, 35-40 anos, área Ciencias Sociais-Xurídicas.

Por grupos de idade os colectivos de entre 25 a 34 anos e o de 55 a 64 anos concentran as porcentaxes de maior nivel de satisfacción (33,3% e 26,1% respectivamente). O grupo de entre 35 a 44 anos suma maiores porcentaxe de pouco ou nada satisfeito (12,5 e 6,3% en ámbolos dous caso).

Táboa 15. Satisfacción coa vida sexual na actualidade. PDI.
Datos en porcentaxes segundo idade

	Moi satisfeito	Bastante satisfeito	Pouco satisfeito	Nada satisfeito	NS/NC	Total
De 25 a 34 anos	33,3 %	44,4 %	11,1 %	0,0 %	11,1 %	100,0 %
De 35 a 44 anos	18,8 %	53,1 %	12,5 %	6,3 %	9,4 %	100,0 %
De 45 a 54 anos	16,9 %	60,0 %	12,3 %	3,1 %	7,7 %	100,0 %
De 55 a 64 anos	26,1%	52,2 %	10,9 %	4,3 %	6,5 %	100,0 %
65 e máis anos	0,0 %	100,0 %	0,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
Total	20,8 %	56,0 %	11,3 %	3,8 %	8,2 %	100,0 %

Segundo a orientación sexual hai mellor valoración a respecto do grao de satisfacción sexual entre o colectivo de heterosexuais (o 21,6% móstrase moi satisfeito fronte ao 14,3% do colectivo outros).


Ter ou non parella estable inflúe no grao de satisfacción sexual, e no caso dos enquisados con parella estable recollen as porcentaxe máis altas na opción moi satisfeito. Pola contra o grupo de parella ocasional sitúanse maioritariamente na opción bastante satisfeito (71,4%) e pouco satisfeito (28,6%). Os enquisados sen parella suman ata o 50% dos caso nas opcións pouco ou nada satisfeito.

Táboa 16. Satisfacción coa vida sexual na actualidade. PDI.
Datos en porcentaxes segundo relación de parella.

	Moi satisfeito	Bastante satisfeito	Pouco satisfeito	Nada satisfeito	NS/NC	Total
Casado	20,5 %	61,6 %	8,9 %	3,6 %	5,4 %	100,0 %
Con parella ocasional	0,0 %	71,4 %	28,6 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
Non casado con parella estable	28,0 %	52,0 %	12,0 %	0,0 %	8,0 %	100,0 %
Sen parella	10,0 %	10,0 %	30,0 %	20,0 %	30,0 %	100,0 %
Total	20,8 %	56,0 %	11,3 %	3,8 %	8,2 %	100,0 %

Os que non teñen fillos ou fillas suman porcentaxes máis altas nas opcións moi satisfeitos (23,1%) respecto dos que son pais (20,7%), curiosamente son tamén os que recoñécense en maior porcentaxe pouco satisfeitos (17,9% fronte ao 9,5% dos que si teñen fillos ou fillas).

Gráfica 7. Satisfacción coa vida sexual na actualidade. PDI. Datos en porcentaxes segundo teñen fillas ou fillos ou non.




O grupo con menores ingresos (ata 1.200 euros/mes) son os que maior porcentaxe de satisfacción sexual recoñecen (o 33,3 % sinala sentirse moi satisfeito e o 50,0% bastante satisfeito), non atopando casos que sinalan a opción pouco o nada satisfeito.

A maior porcentaxe de pouca (21,9%) o ningunha (6,3%) satisfacción concéntrase no grupos de ingresos de entre o 1.801 e 2.400 euros/mes.

Mulleres, homes e sexualidade

Ao preguntar aos PDI sobre a preferencia polo sexo de homes e mulleres, sete de cada dez considera que góstalle por igual. O 21,4% considera que gusta máis aos homes e nunha porcentaxe, do 1,3% sinalan que gusta máis ás mulleres.

Gráfica 8. Importancia da sexualidade. Datos en porcentaxes.



Por grupos de idade a medida que aumentan os anos, é maior a porcentaxe dos que pensan que o sexo gosta máis aos homes que ás mulleres (do 11,1% de 25 a 34 anos, ao 40% dos de máis de 65 anos).


Nas idades máis novas recóllese a maior porcentaxe (77,8%) que consideran que o sexo gosta a mulleres e homes por igual,

Táboa 17. Preferencia polo sexo. PDI. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	Ás dúas persoas por igual	Aos homes	Ás mulleres	NS/NC	%
De 25 a 34 anos	77,8 %	11,1 %	0,0 %	11,1 %	100,0 %
De 35 a 44 anos	71,9 %	15,6 %	3,1 %	9,4 %	100,0 %
De 45 a 54 anos	80,0 %	20,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
De 55 a 64 anos	63,0 %	28,3 %	2,2 %	6,5 %	100,0 %
65 e máis anos	60,0 %	40,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
Total	72,3 %	21,4 %	1,3 %	5,0 %	100,0 %

Os PDI casados (23,3% deste grupo) e os que non teñen parella (20%) suman as maiores porcentaxes entre o grupo que pensan que o sexo é máis importante para os homes que para as mulleres. O 100% do grupo de parella ocasional considera que o sexo ten a mesma importancia para mulleres que para homes.

Gráfica 9. Importancia do sexo. PDI. Datos en porcentaxes segundo relación de parella




Para os que teñen fillas ou fillos, o 23,3% é mais relevante o sexo para homes que para mulleres, fronte ao 15,4% dos que non son pais. Este colectivo é o único que considera que o sexo é mais importante para as mulleres (5,1%)

Segundo os nivel de ingresos, o colectivo de máis de 2.401 euros/mes sinala nunha porcentaxe do 76,2% que o sexo é igual de importante para homes e mulleres, fronte ao 66,7% dos que teñen menor nivel de ingresos.

Nivel de coñecemento sobre sexualidade

En canto ao nivel de coñecemento e información sobre relacións afectivas e sexualidade tan só o 18,2% reconece ter moito nivel de coñecementos situándose a maioría (66%) na opción bastante nivel. A opción pouco é de case o 9%. Non se recollen casos dos que sinalen non ter ningún coñecemento.

Gráfica 10. Nivel de coñecemento sobre relacións afectivas e sexuais. PDI. Datos en porcentaxes



Por grupos de idade, afirman maior nivel de coñecemento a medida que aumentan os anos. De feito non se dan casos entre os máis novos que sinalen a opción moito coñecemento e información sobre sexualidade e relacións afectivas. Mesmo no grupo de 35 a 44 anos, esta opción, só alcanza o 6,3%, fronte ao 40% dos de máis 65 anos.

Os que se sitúan nun baixo nivel de coñecementos son os máis novos (22,2%) aínda que tamén os de 65 e máis anos (20%).

O colectivo con parella estable acada as maiores porcentaxes dos que recoñecen ter moito nivel de información e coñecementos (20,5%) fronte ao 10,2% dos que non teñen parella. Este grupo reconece maior porcentaxe de pouca información (30%).

Dos que teñen fillas ou fillos, o 21,6% di ter moitos coñecementos, valoración que baixa 10 puntos no caso dos que non teñen fillas.

Os que teñen mais ingresos consideran saber máis (33,3%) que os que teñen menos ingresos.

Interese en obter maior información

Catro de cada dez PDI enquisados, gustaríalles obter máis coñecementos sobre sexualidade e relacións afectiva. O 35,8% non mostra interese algún sobre esta cuestión. Unha porcentaxe significativa do 20,1% sitúase na opción non sabe/non contesta.

Gráfica 11. Interese por ter maior información e coñecementos sobre sexualidade. PDI. Datos en porcentaxes.



Os grupos de idade intermedios (entre os 35 aos 54 anos) e os maiores de 65 anos son os que maior interese mostran (porcentaxes entre os 50% e o 60%). Entre o colectivo que non ten interese en obter máis información, destaca o grupo de 55 a 64 anos (cinco de cada dez).


Naqueles que se sitúan na opción non sabe non contesta, destaca o 33,3% dos menores de 34 anos e o grupo de 65 e máis anos (40%).

Entre os que non teñen parella hai maior interese na información en temas afectivos e sexuais (60%) e máis entre os que non teñen fillas ou fillos (56,4%) que entre os que si teñen (39,7%).

No que atinxe ao nivel de ingresos, o grupo que mostra maior interese é o que obtén menos ingreso (o 66,7%) fronte ao grupo con máis ingresos (23,5% deste grupo)

Os enquisados con menor ou poucos coñecementos son os que maior interese mostran por estar mellor informados (64,3%). Canta máis información teñen diminúe o interese, aínda que nunha porcentaxe do 27,6% dos que consideran ter un moi alto nivel estarían dispostos a mellorar os seus coñecementos sobre sexualidade

Gráfica 12. Nivel de coñecementos que teñen e interese por estar mellor informados. PDI. Datos en porcentaxe.



Así mesmo, un dos resultados máis importantes recollidos nas entrevistas en profundidade ten que ver coa necesidade sinalada polo PDI en ter máis información acerca de temáticas relacionadas coas relacións afectivas-sexuais. En xeral, cren que este é un eido no que tanto a educación secundaria como na universitaria debería ter máis cabida. De feito, sinalan que desde o ámbito da Igualdade debería traballarse máis todo o vinculado coa sexualidade das persoas.

“Entrevistadora: gustaríache ter tido máis información sobre sexualidade ao longo da túa vida?”


PDI1: igual no Instituto, si, vamos...moita máis! Incluso na Universidade non está presente neste tema, desde Igualdade se podería traballar moito máis a sexualidade” (PDI1, 30-35 anos, área Ciencias).

Satisfacción vital

Nunha escala do 1 ao 10 a media de satisfacción vital sitúase nun 7,93 sendo a desviacións (diferencia entre a media máis elevada e máis alta dun 1,34) polo que as valoracións acadan valores moi similares entre os enquisados.

O grupo de 65 e máis anos (media do 8,20) e o dos máis novos (8,11) obteñen as medias máis altas.

Gráfica 13. Nivel de satisfacción vital. PDI. Datos en medias. Escala do 1 a 10.




Os que teñen parella estable obteñen as medias máis elevadas (8 sobre 10 en ambos caso) mentres que os que non teñen parella sitúanse nunha media de satisfacción vital de 7,44.

Menores diferencias hai entre os que teñen fillas e fillo (7,96) e os que non (7,85).

A maior nivel de ingresos maior satisfacción. A diferenza entre a media de satisfacción vital do grupo con ingresos mensuais de menos de 1.200 euros (6,67) e os de máis de 3.000 euros (8,27) é de 1,5 puntos.

Os enquisados cunha vida sexual satisfactoria móstranse máis optimistas. Entre os PDI enquisados a satisfacción vital varía unha media de dous puntos entre os que manifestan moito nivel de satisfacción coa súa vida sexual e os que sinalan a opción nada satisfeitos.

Gráfica 14. Nivel de satisfacción vital segundo nivel de satisfacción da vida sexual. PDI. Datos en media nunha escala do 1 ao 10.




4.2.3. Violencia contra as mulleres

O 67,3% dos enquisados está de acordo ante a afirmación mentres persista a situación de desigualdade entre homes e mulleres, continuará habendo violencia contras as mulleres, se ben é maior a porcentaxe dos que consideran estar bastante de acordo (37,7%) que os que opinan estar moi de acordo (29,6%).

O 25,8% non considera que haxa relación algunha entre desigualdade e violencia contra as mulleres, sendo máis os que están pouco de acordo (18,9%) que os que din estar nada de acordo (6,9%), mesma porcentaxe que os que se sitúan na opción non sabe non contesta.

Gráfica 15. Relación entre desigualdade e violencia contra as mulleres. PDI. Datos en porcentaxes.



Atendendo á variable de idade, o grupo de PDI dos tramos de idade intermedios, dos 45 aos 54 anos, suma as maiores porcentaxes de acordo; as opcións moito e bastante de acordo suman o 74% das respostas deste grupo.


As porcentaxes diminúen ata o 44% no caso do colectivo con idades entre os 25 e 34 anos. Neste grupo, e no de 55 a 64 anos, a porcentaxe dos que están nada de acordo son as máis elevadas (11,1% e do 10,% respectivamente).

Táboa 18. Igualdade e violencia de xénero. PDI. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Nada de acordo	Pouco de acordo	Total
De 25 a 34 anos	77,8 %	11,1 %	0,0 %	11,1%	100,0 %
De 35 a 44 anos	71,9 %	15,6 %	3,1 %	9,4 %	100,0 %
De 45 a 54 anos	80,0 %	20,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
De 55 a 64 anos	63,0 %	28,3 %	2,2 %	6,5 %	100,0 %
65 e máis anos	60,0 %	40,0 %	0,0 %	0,0 %	100,0 %
Total	29,6 %	37,7 %	18,9 %	6,9 %	100,0 %

O colectivo sen parella suma as maiores porcentaxes de casos que vinculan a desigualdade 3 violencia contra as mulleres (8 de cada 10) e os que menos on o grupo con parella ocasional (6 de cada dez).

Gr3fica 16. Relaci3n entre desigualdade e violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes segundo a relaci3n de parella



Entre os que teñen fillas ou fillos a porcentaxe dos que est3n de acordo coa relaci3n entre desigualdade e violencia machista 3 lixeiramente maior que entre os que non son pais.

Mayor porcentaxe de casos na opci3n moi de acordo (5 de cada 10) entre o colectivo con nivel de ingresos m3is baixos, a3nda que tam3n son o que maior porcentaxe (16,7%) dos que non est3n nada de acordo.

Con respecto ao traballo de campo cualitativo hai que sinalar que o PDI entrevistado manexa unha boa definici3n de “violencia contra as mulleres”, e efectivamente vincula esa violencia coa desigualdade existente entre mulleres e homes.

Violencia 3 calquera tipo de violencia, desde o extremo da agresi3n ata o paternalismo, infantilizaci3n ou quitarlle a palabra..., 3 dicir, todo tipo desde o que se lle chama micromachismo, a3nda que non o 3, que todo 3 machismo, ata os golpes e a morte, claro PDI1, 30-35 anos, 3rea Ciencias).


Todas as que sup3oñan alg3n tipo de desprezo en calquera sentido, non considerar a unha muller capaz de facer certas cousas, s3 por ser unha muller, ese tipo de prexuzos... Tipos de violencia, violencia f3sica, psicol3xica, desprezos ou faltas de respecto PDI3, 35-40 anos, 3rea Ciencias Sociais-Xur3dicas

Razóns do aumento de casos de violencia contra as mulleres

Ante as posibles razóns dun maior coñecemento de agresións, malos tratos e asasinatos de mulleres por parte das súas parellas ou ex parellas, cinco de cada dez enquisados considera que responde a que cada vez saen á luz máis casos (non só polo aumento do número). O 5% di que teñen aumentado e o 39% considera que son consecuencias destas dúas razóns.

Gráfica 17. Razóns polas que se coñecen con máis frecuencias noticias e casos de violencia contra as mulleres. PDI. Datos en porcentaxes.

- As dúas
- Saen á luz máis casos
- Teñen aumentado o nº de casos
- NS/NC



Por idades, a medida que aumenta o rango de anos é maior a porcentaxe dos que consideran as dúas razóns. Se no grupo de 25 a 34 anos a porcentaxe é do 11,1% chega ata o 80% nos caso dos maiores de 65 anos.

Os grupos de idade máis novos ou intermedios son os que recollen as maiores porcentaxes dos que cren que saen á luz máis casos (seis de cada dez enquisados entre ao 24 e 35 anos e entre os de 45 a 54 anos).

	Saen á luz máis casos	Teñen aumentado o nº de casos	As dúas	NS/NC	Total
De 25 a 34 anos	66,7 %	11,1 %	11,1 %	11,1 %	100,0 %
De 35 a 44 anos	46,9 %	9,4 %	34,4 %	9,4 %	100,0 %
De 45 a 54 anos	64,6 %	1,5 %	32,3 %	1,5 %	100,0 %
De 55 a 64 anos	32,6 %	2,2 %	54,3 %	10,9%	100,0 %
65 e máis anos	0,0 %	20,0 %	80,0 %	0,0 %	100,0 %
Total	49,7 %	5,0 %	39,0 %	6,3 %	100,0 %

Para o 85% do grupo con parella ocasional a violencia contras as mulleres débense a que saen á luz máis casos, porcentaxe que baixa ao 47,3% entre o colectivo de casados. Este grupo recolle a maior porcentaxe (39,7%) dos que pensa que se debe ás dúas razóns.

Apenas hai variacións ou diferencias significativas entre as respostas dadas polo que teñen fillas ou fillos e os que non. En todo caso é maior a porcentaxe dos que pensan que saen á luz máis casos entre os que non teñen fillas (53,8%) que entre os que si (49,1%).


O grupo co nivel máis baixo de ingresos sinala en maior porcentaxe as dúas causas; saen á luz máis caso e ten aumentado a violencia contra as mulleres.

Aceptación de condutas de violencia contras as mulleres

O 92,5% dos PDI enquisados considera inaceptábel e sempre debe ser castigada por lei calquera tipo de violencia exercida por un home sobre unha muller e o 6,9% pensa que esta circunstancia non sempre debera estar castigada por lei.

Pola contra, a violencia contra as mulleres acada maior nivel de tolerancia, mesmo chegando a minimizarse determinadas condutas ou situacións concretas de violencia e acoso,

Gráfica 18. Aceptación da violencia contra as mulleres. PDI. Datos en porcentaxes



Analizando os casos para a opción inaceptable pero non sempre castigada por lei, o colectivo de entre 45 a 54 anos e o de 55 a 64 é que maior grao de acordo manifesta (7,7% e 13,0% respectivamente).

O grupo de parella ocasional (14,3%) e os de parella estable (8%) tamén consideran en maior porcentaxe que a violencia machista non sempre deber ser castigada por lei.


Entre os que son pais e os que non teñen fillas ou fillos, as porcentaxes son moi similares (6,9% e 7,7% en ambos casos).

O grupo de menor ingresos, menos de 1.200 euros/mes son os que en maior porcentaxe (16,7%) sinalan que a violencia non sempre deber ser castiga por lei, seguidos dos que ingresan máis de 3.000 euros mes (9,8 %).

Aceptación de diferentes condutas de violencia contra as mulleres

Baixando o nivel de análise sobre a aceptación da violencia en diferentes situacións, as posicións dos enquisados varían á hora de elixir a opción inaceptable e sempre debe ser castigada pola lei. Tal e como recolle a seguinte gráfica, condutas como facer comentarios de tipo sexual, pagar a unha muller por manter relacións sexuais ou enviar correos ou mensaxes de contido non desexado, recollen porcentaxes de aceptación significativamente elevadas.

Gráfica 19. Nivel de non aceptación da violencia contra as mulleres en determinadas circunstancias. PDI. Datos en porcentaxes na opción de resposta inaceptable e sempre castigada por lei.



Co obxectivo de facilitar a lectura e interpretación dos datos facemos unha agrupación das diferentes condutas en función do grao de tolerancia outorgada e tendo como referente a porcentaxe de resposta para a opción inaceptable e sempre deber ser castigada por lei:


- Nivel 1: cando a porcentaxe de respostas sitúase por baixo do 56% dos casos. As condutas máis permisivas son as referidas a facer comentarios e suxestións de tipo sexual, pagar a unha muller por manter relacións ou enviar correos ou mensaxes con contidos non desexados.
- Nivel 2 Entre o 76,7% e o 86, 2% de resposta que consideran que a condutas deben estar perseguidas por lei. Sitúanse a de presionar a unha muller para que envíe fotos dela, producir pornografía na que se abusa dunha muller, así como bicar e tocar a unha muller en contra da sua vontade
- Nivel 3. Entre o 86,2% e o 100% que responden as condutas nas que hai un menor nivel de tolerancia. Entre as que están as de obrigar á parella a manter relacións sexuais, drogar a unha muller para abusar dela, chantaxear ou compartir fotos dunha muller ou obrigar a prostituírse a unha muller.

Nivel 1

Analizamos en detalle as condutas que se recollen neste nivel ao ser as máis normalizadas ou que maior grao de permisividade recollen.

Entre as condutas menos recriminadas atópase a de pagar a unha muller por manter relacións sexuais, onde o 13,2% de enquisados chegan a aceptala en determinadas circunstancias, a porcentaxe máis elevada en comparación con outras dúas condutas (facer comentarios e suxestións de tipo sexual ou enviar correos ou mensaxes con contidos non desexados).

Gráfica 20. Nivel de aceptación de diferentes condutas de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes.



A continuación analizamos o perfil dos enquisados para a opción inaceptable pero non sempre debe de ser castigada por lei nas tres condutas por recoller unha porcentaxe significativa de casos.

Segundo a idade, facer comentarios e suxestións de tipo persoal hai maior permisividade entre os grupos de maior idade (por riba dos 55 e máis anos). Pagar a unha muller por manter relacións sexuais obtén máis aceptación entre os grupos de idade intermedios (entre os 35 e 44 anos e entre os 55 a 64 anos). mentres que enviar correos é similar en todos os grupos de idade

Son máis os heterosexuais que consideran como inaceptable pero non sempre deber estar castigada por lei o pago por consumo de prostitución. O resto de condutas hai maior casos entre non heterosexuais.

O colectivo de parella estable son os que maior aceptación mostra para as tres condutas.


Entre os que son pais, pagar a unha muller por manter relacións sexuais e facer comentarios en contra da súa vontade, recolle maior número de casos

A maior nivel de ingresos máis concentrados os casos de aceptabilidade para as tres supostos.

No caso de pagar a unha muller por manter relacións sexuais, tres de cada dez enquisados considera que o consumo de prostitución non debe ser perseguida por lei e só cinco de cada dez pensa que é inaceptable e debe ser perseguida por lei. Na valoración desta pregunta atópase o maior porcentaxe de casos de non sabe non contesta (6,9%).


A gráfica 21 mostra as respostas en comparación á aceptación da valoración sobre violencia en xeral contra as mulleres.

Gráfica 21. Nivel de aceptación Pagar a unha muller por manter relacións sexuais. Datos en porcentaxes, comparativa co grao de aceptación da violencia en xeral contra as mulleres.




Entre o grupo que sinala a opción aceptable en determinadas circunstancias, a excepción do grupo de máis de 65 anos, pagar a unha muller por manter relacións sexuais, é aceptada en todos os grupos de idade.

Gráfica 22. Pagar a unha muller por manter relacións sexuais. Pdi. Datos en porcentaxes na categoría aceptable en determinadas circunstancias segundo grupos de idade.



Os que teñen parella ocasional (catro de cada dez) e os que teñen parella estable (dous de cada dez) aceptan en maior porcentaxe o pago a unha muller para manter relacións sexuais.

Gráfica 23. Pagar a unha muller por manter relacións sexuais. PDI. Datos en porcentaxes na categoría aceptable en determinadas circunstancias segundo estado civil



Nivel 2

No nivel 2 situamos aquelas condutas onde se recolle unha porcentaxe de ata do 86% na opción non aceptable. Dentro delas, presionar a unha muller para que envíe fotos de si mesma, o 76,7% di que debe ser perseguida por lei mentres que dous de cada dez sinala que non sempre debera ser castigada. Séguelle a conduta relacionada con producir pornografía, onde o 78,6% di que debera estar perseguida por lei fronte ao 12,6% que é mais permisivo.

Bicar a unha muller ou tocala en contra da súa vontade non se considera aceptábel aínda que entre nunha porcentaxe do 13,2% e un 10% en ambas circunstancias sinala que non sempre debera estar castigada por lei.


Nivel 3

No último nivel, o menos permisivo, recóllense as condutas como as de obrigar á parella a manter relacións sexuais non desexadas, dar de forma deliberada a unha muller alcol e drogas, compartir fotografías ou vídeos privados, chantaxear a unha muller con difundir fotografías ou vídeos privados dela.

Resulta paradóxico que obrigar a prostituírse a unha muller, sendo o que máis porcentaxe de respostas recolle como inaceptables e que debe ser perseguido por lei (98,7 %) atope maior aceptación cando se trata de pagar por servizos sexuais, onde a porcentaxe dos que consideran que non ser perseguido sempre por lei descende ao 50% dos casos.

Gráfica 24. Obrigar a unha muller a prostituírse e pagar a unha mulleres por manter relacións sexuais. PDI. Datos en porcentaxes segundo nivel de aceptación.

Gráfica 24. Obrigar a unha muller a prostituírse e pagar a unha mulleres por manter relacións sexuais. PDI. Datos en porcentaxes segundo nivel de aceptación.



Neste ámbito, temos que salientar que no traballo de campo cualitativo, dous dos profesores entrevistados destacaron que a aceptación da violencia contra as mulleres ten tamén moito que ver cunha “subcultura de masculinidade hexemónica” que se plasma a través das pandillas cen por cen compostas por homes: en grupos de Whatsapp, grupos de deportes, grupos de ocio, saídas de noite, etc. O noso informante móstrase especialmente preocupado polo tipo de conversas sexualizadoras das mulleres nese tipo de pandillas de homes, que dalgún xeito están creando o caldo de cultivo para o exercicio e normalización da violencia contra as mulleres. O entrevistado explícao dun xeito claro:

Violencia é...bueno calquera tipo de comentarios entre homes, non? Que sexualicen ás mulleres, que son moi habituais, son moi habituais entre grupos de homes, eu xogo ao fútbol, xente de diferentes ámbitos, moi habitual ese tipo de comentarios, moi habitual esas historias no grupo de whatsapp, e vídeos, estou en dous (grupos), un que é unha pachanga de amigos, e outro un club, que xoga algunha competición..., e nalgún momento houbo algunha queixa dalgún compañeiro, que eu secundeí, habitualmente ignora... pero houbo unha queixa dun tipo de publicación, unha foto ou un vídeo, cunha tía...de tipos de case corenta anos, algúns con fillas, entón algún deles fixo un comentario así, un rapaz moi activo politicamente...queixouse, e dixo que a ver iso non era apropiado, que aquilo era para xogar ao fútbol e non para andar con esas merdas, non sabía por que nos ían facer graza ese tipo de merdas, eu secundeí esa protesta... deixaron durante un tempo de publicar ese tipo de cousas, a min iso tamén me parecen violencias contra as mulleres
PDI2, 40-45 anos, área Humanidades


4.2.4. Prostitución

Consumo de prostitución

A porcentaxe de enquisados que declara ter pagado nalgún momento da súa vida por manter relacións sexuais cunha muller é do 3,8%. Porcentaxe moi baixo se temos en conta os diferentes estudos e investigacións realizadas no que sitúan a España entre os países con maior nivel de consumo de Europa⁸

É posible que os datos tan baixos de consumo teña a súa orixe na falta de confianza ao procedemento de recollida de información; aínda que o cuestionario asegura ao anonimato de quen responde, ao ser unha enquisa electrónica. Tamén a que a participación no estudo (de forma voluntaria) e pode ser o caso de que as persoas que respondan sexan máis sensibles coa igualdade ou non recoñezan abertamente ser consumidores de prostitución por ser un tema connotado

Gráfica 26. Ten pagado nalgunha vez por manter relacións sexuais cunha muller?. PDI. Datos en porcentaxes



Do grupo que ten admitido ter pagado por manter relacións sexuais cunha muller, responde a un perfil de idades intermedias. Os casos concéntranse nos grupo de entre 55 e 64 anos (6,5%) seguidos do 3,1% do colectivo de entre 35 e 44 anos, mesma porcentaxe que os de 45 e 64 anos. Os grupos con idade máis novas e os de 65 e máis anos, non recollen consumo.

Segundo a orientación sexual só o grupo de heterosexual recoñece ter pagado por practicar sexo (4,1% dos enquisados)

Os que teñen parella ocasional (14,3%) suman a maior porcentaxe.

O consumo entre os que teñen fillos e fillas é do 4,3% e dos que non son pais do 2,6%.

Segundo o nivel de ingresos os casos de consumo sitúanse entre os grupos con maior nivel, os de 1.801 euros e máis.

Non se recollen ningunha resposta positiva de consumo nos últimos 12 meses

Os medios polos que accederon ao consumo de prostitución son internet e páxinas web, as amizades e visitando clubs de alterne.

Por outra banda, con respecto ás entrevistas cualitativas a PDI, os tres homes entrevistados afirman non ter consumido prostitución na súa vida; aínda que un deles si comenta ter estado en varios prostíbulos, en ambientes nocturnos. De novo, o ámbito de ocio nocturno e as pandillas masculinas. Así, se ben os tres entrevistados comentan que nunca consumiron prostitución, por outra banda, afirman que non lles sorprende en absoluto que España sexa un dos países con maiores índices de consumo a nivel internacional.

Os datos dispoñibles sitúan a España como o país con maior consumo de servizos de prostitución en Europa (Asociación para la prevención, reinserción y atención de la mujer prostituida [APRAMP], 2011, pp. 58-59). En 2004 estimábase que o 27,25% dos homes entre 18 e 49 anos recorrera algunha vez na súa vida á prostitución (Instituto Nacional de Estadística [INE], 2004). Nun estudio posterior (Centro de Investigaciones Sociológicas [CIS], 2009). un total do 32,1% da poboación masculina maior de 16 anos tiña recorrido a servizos de prostitución. Máis recentemente no estudo dirixido por Carmen Meneses (Explorando los motivos para pagar servizos sexuais desde as opinións sobre a prostitución), 2018. o 20,3% dos homes enquisados recoñece ter pagado servizos sexuais algunha vez en su vida.

Sorprendente, non me parece sorprendente (o alto índice de consumo de prostitución)... vivindo digamos, no estado español, e coñecendo, non me sorprende, obviamente resúltame indignante, xente que ten fillas, xente que ten 50 anos, fillas xa de 20 e andan con merdas de estas..., sorprender, non me sorprende, outra cousa é que me resulten inaceptable, incluso, xa che digo, o que che contaba antes... o que apuntaba antes..., si que teño, historias relacionadas coa prostitución, sempre a través de amigos meus, e todo isto sempre no contexto rollo pandilla, que se pode aplicar ao fútbol, ben entendido como deporte, sempre xoguei, sempre me entretiven moito xogando ao fútbol..., pero non me gustou nunca nada, se fomenta un espírito de amizade, pero o feito de que sexan todo homes... é aí un caldo de cultivo para estas merdas... aparte que se da por sentado non sei por que regra non escrita universal que a todos os homes lles van gustar estas cousas

PDI2, 40-45 anos, área Humanidades


Razóns que levan a unha persoa a prostituírse

Á hora de preguntar aos enquisados que valorasen as posibles razóns que levan a unha persoa a prostituírse considérase as coaccións ameazas, ou a necesidade económica, as razóns principais.

De feito o 95% considera que as mulleres poden verse forzadas e actúan baixo ameaza ou son forzadas en contra da súa vontade. O 91,2% consideran que a necesidade económica é outra das razóns.

Sen embargo, unha de cada catro considera que as na prostitución, as persoas obteñen maiores ingresos que noutros traballos, porcentaxe similar dos que pensan que o fan para obter luxos ou extras.

Un 5,7% pensa que as persoas que se prostitúen fano porque lles gusta.



Por grupos de idade o colectivo de 25 a 35 anos, sinala nunha maior porcentaxe que noutros grupos as raz3ns de obter luxos ou extras (33,3%) e porque lles gusta (11,1%).

Nos tres grupos de idade intermedia (dos 35 aos 64 anos) as posici3ns son moi similares entre eles e coinciden cos datos para a media. No caso dos maiores de 64 anos, non se recollen casos que consideran que as mulleres que se prostitúen 3 por que lle gusta, e a totalidade consideran que 3 por unha necesidade econ3mica (100%) ou porque gaña m3is cartos que noutros traballos (80%).

Atendendo 3 orientaci3n sexual, o grupo de heterosexuais considera en maior porcentaxe a ameaza 3 que se ven sometidas 3s mulleres (92,6%), mentres que para o colectivo de identidades non binarias e transexuais, acceder a luxos e extras (57,1%) ou gañar m3is cartos ten m3is apoios. Nese grupo a porcentaxe dos que sinalan que unha muller se prostitúe porque lles gusta 3 do 28,5% fronte ao grupo de heterosexuais onde baixa a porcentaxe aos 4,7%.

Entre o grupo dos que non teñen fillas ou fillos conc3ntrase maior porcentaxe (10,3%) respecto dos que non teñen descendencia (4,3%) entre os que pensan que a raz3n que leva a unha persoa a prostituírse 3 por que lle gusta.

Por nivel de ingresos o colectivo de entre 1.800 euros a 2.400 sinalan en maior porcentaxe (15,6%) que o fan por pracer.

Nas entrevistas en profundidade realizadas, os tres homes do colectivo PDI est3n de acordo en destacar dous factores, que tam3n foron recollidos na enquisa: 1. a obriga de moitas mulleres, debido 3 trata de persoas e a coacci3n 3s que son sometidas; e 2. a “necesidade econ3mica” como unha das raz3ns principais que leva a unha muller a prostituírse. O seguinte entrevistado explica o discurso que foi saíndo ao longo das conversas con este colectivo de PDI.


Por unha parte a trata de brancas, escravitude, vamos..., tam3n necesidade econ3mica, naturalmente, que non teñen outra saída econ3mica... e que o fagan por propia satisfacci3n persoal, que se sintan empoderadas e tal, unha porcentaxe moi pequena, que son chamativas en determinadas revistas...., pero que penso que non chega nin a 1% de todas as mulleres que exercen a prostituci3n
PDI1, 30-35 anos, 3rea Ciencias

Os tres entrevistados PDI coinciden no feito de que 3 a necesidade, a pobreza, a miseria xunto a un sistema patriarcal o que leva 3s mulleres a exercer a prostituci3n.

Razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais

Entre a batería de posibles razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais, obtén a maior porcentaxe de acordo (moito ou bastante acordo) a de experimentar prácticas sexuais ou por distracción (65%), mentres que o menor nivel de acordo é a de gustar o arriscado ou prohibido (28,9%).

Gráfica 27. Razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais. PDI. Datos en porcentaxes



Ademais as posibles razóns que recollía o cuestionario, os enquisados podían facer referencia outras posibles situacións. Estas foron as razóns que apuntaron:

- Por deixarse levar ou impulsados polo consumo de drogas ou embriaguez.
- Frustración cas relacións de parella, frustración persoal, insatisfacción sexual..
- Por emulación.
- Por falta de confianza en si mesmos e baixa autoestima.

Analizando ás razóns de consumo en función do grao de acordo (moito e bastante) e segundo a idade dos enquisados, no grupo dos máis novos (25 a 34 anos) recóllense as maiores porcentaxes que apuntan á comodidade e ao feito de exercer poder (66,7% en ambos casos).

No resto de grupos de idade coinciden como razón con maior peso a de buscar e experimentar prácticas sexuais, se ben o grupo de 64 e máis anos obtén a maior porcentaxe de acordo (80%)

Táboa 20. Razóns de pagara a unha persoa por manter relacións sexuais. PDI. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e máis
Para obter compañía	44,4 %	56,3 %	60,0 %	43,5 %	60,0 %
Porque non teñen outra opción	33,3 %	43,8 %	43,1 %	54,3 %	40,0 %
Por distracción ou por experimentar prácticas sexuais	88,9 %	71,9 %	63,1 %	56,5 %	80,0 %
Por gustarlles o arriscado e o prohibido	33,3 %	25,0 %	26,2 %	34,8 %	20,0 %
Para dominar a relación	55,6 %	43,8 %	53,8 %	41,3 %	60,0 %
Por comodidade	66,7 %	62,5 %	50,8 %	47,8 %	0,0 %
Para exercer poder	66,7 %	37,5 %	50,8 %	43,5 %	60,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Entre o grupo de identidades non binarias e transexuais, a razón de exercer poder, dominar a relación e por comodidade alcanza o 71,4% no nivel moi ou bastante de acordo. A que menos porcentaxe de acordo suma é a de non ter outra opción (28,6%).

Entre o colectivo sen parella, dominar a relación ou exercer o poder obtén un nivel de acordo do 90% e o que menos o que fai referencia a gustarlles o arriscado ou prohibido (20%) Os que teñen parella ocasional, sinalan que non lles queda outra opción ou por experimentar prácticas sexuais (85,7% en ambos casos)

Por parte dos que teñan parella estable os datos son moi similares, destacando o 60% dos non casados que mostran o seu acordo na razón de exercer o poder.

Entre os que non teñen fillas ou fillos (74,4%) cobra maior peso o de experimentar prácticas sexuais que entre os que son pais (62,9%).

Nas entrevistas cualitativas, os tres homes PDI entrevistados fan alusión principalmente a tres tipos de motivacións:

Unha de índole de necesidade-satisfacción sexual: o cal nos sorprende, dada a súa visión crítica con respecto ao consumo da prostitución. Vemos como o “mito da suposta necesidade sexual dos homes” segue presente nos seus discursos.

En segundo lugar, destacan a cuestión de dominación sobre as mulleres: homes que consumen prostitución como un xeito de exercer o poder, como unha vía para sentirse poderosos a través do consumo de prostitución.

En terceiro lugar, destacan no seus discursos a permisividade cultural que existe no contexto galego e español, que dalgún xeito fomenta e normaliza o consumo; unha permisividade que pasa de xeración de pais a fillos, a través do porno e desa “subcultura masculina” da que falamos anteriormente.

A modo de síntese destes discursos, recollemos dous

fragmento de dous dos entrevistados, ao responder sobre as motivacións que levan aos varóns a consumir prostitución.

Por unha parte satisfacción sexual rápida, por outra parte, poder exercer o poder sobre outra persoa..., que eu asocio ao patriarcado como tal, ao sistema, a dominación co diñeiro e o sexo... imaxino que haberá xente que pague para as perversións que non pode facer na casa..., imaxino que o consumo de porno recrea esas fantasías que na casa non fai, pero consumindo prostitución si
PDI1, 30-35 anos, área Ciencias

Eu teño ido, con esta xente, tipo ritos iniciáticos de levar a un fillo de putas tamén, entón se o teu propio pai te leva de putas... entendo que é unha cuestión cultural... a forma de saciar esa necesidade fisiolóxica entre aspas é algo totalmente normal, algo totalmente non negativo, que se as mulleres están aí é para iso..., non deixa de ser en canto a relación de poder, que sacia tamén quizais a necesidade de sentirse por moi baixo que te poidas sentir, sentirte poderoso nese cuarto porque tes unha muller ao teu dispor, a cambio de diñeiro, supoño que esas cuestións psicolóxicas de ego, de autoestima de cada un.


PDI2, 40-45 anos, área Humanidades

Prostitución e violencia contra as mulleres

En canto ao grao de acordo ou desacordo dos enquisados sobre varios aspectos relacionados coa prostitución, dous de cada dez non ve na prostitución unha situación de violencia contra as mulleres, fronte ao 56% considera que a prostitución é unha forma de violencia sexual contra as mulleres

Cinco de cada dez pensa que habería que regular a prostitución como calquera actividade económica, e tres de cada dez pensa que está de acordo con penalizar á persoa que consume prostitución. O 5,7% penalizaría á persoa que exerce a prostitución.

Gráfica 28. Aceptación de diferentes aspectos relacionados coa prostitución. Datos en porcentaxes.



Táboa 21. Aceptación de diferentes aspectos relacionados co prostitución. PDI. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e máis
Considero a prostitución unha forma de violencia contra as mulleres	44,4 %	56,3 %	56,9 %	56,5 %	80,0 %
A prostitución debera estar regulada como calquera outra actividade	44,4 %	53,1 %	52,3 %	54,3 %	40,0 %
Deberase penalizar á persoa que consume prostitución	44,4 %	31,3 %	35,9 %	28,3 %	40,0 %
Hai que prohibir ou penalizar á persoa que exerce a prostitución	11,1 %	3,1 %	6,2 %	6,5 %	0,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Prostitución e violencia contra as mulleres


Do 19,5% de casos de PDI que non ven na prostitución unha forma de violencia contra as mulleres, salientamos os datos dos seus perfís:

- Maior concentración de casos entre as idades máis novas, de menos de 44 anos (28% dos que teñen entre 35 a 44 anos e o 22,2% dos menores de 34 anos) non consideran a prostitución unha formade violencia contras as mulleres.
- Maior número de casos (33%) entre os que teñen parella ocasional e sen parella e que entre os PDI con parella estable (15%).
- O 20% dos que teñen fillas ou fillos
- O 20,7% dos que teñen ingresos máis baixos (entre 1200 e 1800)

Regularizar a prostitución

Os grupos de rangos de idade intermedio (nunha porcentaxe en torno ao 55% en cada caso) mostran un maior nivel de acordo con regular a prostitución como calquera outra actividade económica.

Gráfica 29. Aceptación obrigar a unha muller a prostituírse e prostitución como unha forma de violencia sexual contra as mulleres. PDI. Datos en porcentaxes.



As diferencias máis significativas atópanse na regulación da prostitución a nivel de ingresos; mentres o 16,7% colectivo de menos ingresos esta de acordo, no grupo de 1.800 e 2400 euros a porcentaxe ascende ao 68,8%.

Penalizar á persoa que consume e á persoa que exerce a prostitución

Á penalización da persoa que exerce a prostitución recolle maior porcentaxe na opción moi de acordo entre o colectivo de menos de 35 anos (11%).

A penalización do consumidor á apoiada polo 32,8% dos que teñen menos ingresos. O 10% dos maiores de 65 anos consideran en maior porcentaxe que habería que penalizar ás mulleres que exerce a prostitución.

Cruzando os datos do nivel de aceptación do pago a unha muller por manter relación sexuais a percepción da prostitución como unha forma de violencia sexual contra as mulleres, a seguinte gráfica mostra as relacións entre unha reposta e outra, se ben o 14% dos que consideran prostitución como violencia contra as mulleres, chegan a aceptala en determinadas circunstancias.

Neste apartado, hai que sinalar que existiu algo de debate entre os PDI entrevistados: dous deles si consideraban explicitamente a prostituci3n como unha forma de violencia contra as mulleres, mentres un deles pu3a 3nfase na “transacci3n econ3mica”, a3nda que admit3a a existencia de violencia de x3nero no caso de ser un home consumidor e unha muller a prostitu3da.

Entrevistadora: Ves a prostituci3n como unha forma de violencia contra as mulleres?

Complicado... , v3xoa como unha transacci3n econ3mica, existe dominaci3n de x3nero, pero... claro, hai como moitas, non 3 negro ou branco, hai moitos matices entre medio, o vexo como unha transacci3n econ3mica, con certa compo3nente... estou pensando nos scorts masculinos de luxo... , os scorts que se prostit3en con mulleres... vexo a transacci3n econ3mica, pero hai unha gran compo3nente, de violencia no caso de exercer por unha muller, de x3nero e sexual tam3n

PDI1, 30-35 anos, 3rea Ciencias

Con respecto ao debate sobre abolicionismo e regulacionismo, nos nosos entrevistados reflectiuse ese debate. Un dos entrevistados mostrouse totalmente regulacionista, mentres que o outro optou polo abolicionismo, mostr3ndose moi de acordo en multar aos homes que consumen prostituci3n. Podemos polo tanto recoller a diversidade de enfoques que existen nos discursos neste 3mbito. O terceiro entrevistado non ti3a unha opini3n definina ao respecto.

Creo que na situaci3n na que estamos actualmente, deber3ase regular, e dar dereitos... dereitos e unha seguridade, a nivel... a trav3s do estado, unha seguridade das mulleres que exercen a prostituci3n, porque est3 a3, est3 presente, abolir non creo que sexa a soluci3n, porque non se vai rematar con ela, se hai mulleres que van exercer, hai mulleres que se organizan en sindicatos, reclaman dereitos laborais, penso que se deber3a regular un pouco por a3, pero tam3n regulando para eliminaci3n de todos os prost3bulos que te3en trata de brancas

PDI1, 30-35 anos, 3rea Ciencias

A min o de multar aos clientes par3ceme estupendo, non as rapazas obviamente, ent3n... , pero eu quizais o que estar3a m3is polo abolicionismo, cunha repres3n m3is radical, obviamente sempre contra os consumidores, ca3a


PDI2, 40-45 anos, 3rea Humanidades

4.2.5. Tráfico e explotación de persoas

Nunha escala do 1 ao 10 onde 1 é nada importante e 10 moi importante, a valoración media outorgada ao problema do tráfico e explotación de persoas sitúase no 7,58.


O grupo de 65 e máis anos (8,40) e os máis novos (7,88) obteñen as medias máis altas.

Gráfica 30. Importancia do tráfico e explotación de persoas. PDI. Escala do 1 ao 10. Datos en medias segundo grupos de idade.




O grupo de casados recolle a media máis baixa (7,51) e os de sen parella a máis elevada (8,5).

Gráfica 31. Importancia do tráfico e explotación de persoas. PDI. Escala do 1 ao 10. Datos en medias segundo relación de parella



Maior valoración media entre os que non teñen fillas nin fillos (7,94) que entre o que si teñen (7,47).

Gráfica 32. Importancia do tráfico e explotación de persoas. PDI. Escala do 1 ao 10. Datos en medias segundo nivel de ingresos




Os colectivos con nivel de ingresos de entre 1.801 e 2.400 euros e os de máis de 3.000 euros recollen medias máis baixas que os dos outros grupos,

O 28,9% dos enquisados considera que a situación de España en canto ao número de vítimas de trata é similar a de outros países e o 10,1% pensa que é significativamente mellor. Tan só o 7,5% cre que a situación é peor. O 50% sitúase na opción NC/NS

Gráfica 33. Situación en España da trata e explotación de persoas comparada con doutros países. PDI. Datos en porcentaxes.

- NS/NC
- Si, é igual
- Non, é significativamente peor
- Non, é significativamente mellor



O colectivo de menos de 35 anos e os de máis de 65 anos consideran en maior medida que a situación é similar a de outros países (4 de cada dez). Os de 55 a 64 son os que recollen as porcentaxes máis altas de que a situación é algo mellor (15,2%) e o colectivo de ente 35 a 44 anos que é peor (15,5%).


Entre o colectivo de heterosexuais o 27% cre que a situación é similar.

O grupo con parella estable recolle as porcentaxes máis baixas de situación similar (20%) e as máis altas das que pensa que a situación é peor (12%).

O grupo con menor nivel de ingresos (33,3%) e os de mais ingresos (16%) pensan que situacións é peor.


Nove de cada dez enquisados considera o Estado debera de intervir de forma máis activa en contra do tráfico de persoas con fins de explotación sexual. Non se recollen respostas negativas.

Gráfica 34. O Estado debera intervir de forma máis activa contra o tráfico de persoas para fins de explotación sexual?. PDI. Datos en porcentaxes.



O grupo de 25 a 34 anos recolle as porcentaxe máis baixas (77%) concentrando unha porcentaxe do 22,2% na opción no sabe non contesta. O 100% dos maiores de 65 anos está de acordo.

No que respecta ás posibles accións a desenvolver por parte do Estado para a atallar a trata de persoas, para fins de explotación sexual, as actuacións dirixidas á facilitar a integración sociolaboral das mulleres vítimas da prostitución (96,2%) a adopción de medidas máis restritivas contra os traficantes (93,7%) e o control nos clubs e espazos de prostitución (89,9%), recollen as maiores porcentaxes de acordo.



A legalización da prostitución á apoiada por cinco de cada dez enquisados e a porcentaxe de ns/nc situase no 20% dos enquisados, cando no resto de propostas sitúase entre o 8% e o 3%.


Por grupos de idade a legalización da prostitución recolle máis apoios entre o colectivo de idades intermedias nunhas porcentaxes de entre o 43% e o 52%, e menos nos PDI menores de 35 anos (33,2%) e nos de máis de 65 anos (20%),

Táboa 22. Legalizar a prostitución. PDI. Datos en porcentaxes para as opcións moi ou bastante de acordo por grupos de idade.

Grupos de idade	%
De 25 a 34 anos	33,3%
De 35 a 44 anos	43,8%
De 45 a 54 anos	52,3%
De 55 a 64 anos	56,5%
De 65 e máis	20,0%


O colectivo de parella ocasional (57,1%) é o grupo con maior nivel de acordo a favor da legalización da prostitución e o que menos son os non casados con parella estable (44%).

Gráfica 36. Legalizar a prostitución (moi e bastante de acordo). PDI. Datos en porcentaxes segundo a relación de parella.



A maior nivel de ingreso, maior acordo coa legalización da prostitución.

Gráfica 38. Legalizar a prostitución (moi e bastante de acordo). PDI. Datos en porcentaxes segundo a nivel de ingresos.




Perfil do PDI enquisado

Grupos de idade

Grupos de idade	N	%
De 25 a 34 a nos	9	5,7 %
De 35 a 44 anos	32	20,1 %
De 45 a 54 anos	65	40,9 %
De 55 a 64 anos	46	28,9 %
De 65 e máis anos	5	3,1 %
Non sabe/non contesta	2	1,3 %
Total	200	100.0 %


Nivel de estudos



Orientación sexual

Grupos de idade	N	%
Heterosexual	148	93,1 %
Identidades non binarias e transexuais	7	4,4 %
Non sabe/non contesta	4	2,5 %
Total	159	100,0 %


Estado civil



Con ou sen filla ou fillo

	N	%
Si	148	93,1 %
Non	7	4,4 %
Non sabe/non contesta	4	2,5 %
Total	159	100,0 %

Nivel de ingresos mensual




4.3. Resultados do alumnado

4.3.1. Igualdade entre homes e mulleres

Importancia da igualdade

O 97% dos alumnos da Universidade de Vigo que foron enquisados, sinala que a igualdade entre mulleres e homes 3 un aspecto moi ou bastante importante. Un 77% cualifica como moi importante, e o 20% como bastante importante.

Gr3fica 38. Importancia da igualdade entre mulleres e homes. Alumnado. Datos en porcentaxes.




Por grupos de idade, entre os m3ais novos, de 18 e 24 anos, a porcentaxe que sinala que a igualdade 3 moi ou bastante importante 3 do 98%, lixeiramente por riba do grupo de m3ais de 25 anos (93%).

Igualdade na sociedade e na universidade

Como apuntaba tam3n o colectivo de PDI, val3rase mellor a grao de igualdade que hai na Universidade que no acontecido na sociedade en xeral, se ben a percepci3n do alumnado resulta m3ais optimista.


A media de valoraci3n da universidade, nunha escala de 1 a 10, onde 1 indica a desigualdade total e 10 a igualdade total, 3 de 7,74, baixando a 6,10 a situaci3n da igualdade na sociedade.

Gr3fica 39. Importancia da igualdade entre mulleres e homes. Alumnado. Datos en medias (escala do 1 ao 10, 1 m3nima puntuaci3n e 10 a m3xima)



Por grupos de idade, os alumnos de 18 a 24 anos valoran mellor a igualdade nos dous 3mbitos (sociedade e universidade) que o colectivo de estudantes de 25 anos ou m3ais anos.

Gr3fica 40. Percepci3n de nivel de igualdade na sociedade e na universidade segundo grupos de idade. Alumnado, Datos en medias segundo grupos de idade.




Os grupos con parella ocasional ou sen parella valoran mellor a situación de igualdade entre mulleres e homes, tanto a nivel da sociedade como no contexto universitario.

Táboa 23. Percepción do nivel de igualdade. Datos en medias segundo relación de parella.

	Igualdade sociedade	Igualdade universidade
Parella estable	5,91	7,55
Parella ocasional	6,23	7,92
Sen parella	6,31	7,95
Total	5,41	7,67

As diferencias resultan algo máis significativas en relación coa situación laboral, os universitarios que traballan valoran a igualdade na sociedade por debaixo dos que non teñen actividade laboral.

Gráfica 41. Percepción de nivel de igualdade na sociedade e na universidade segundo grupos de idade. Alumnado, Datos en medias segundo situación laboral.



No grupo de discusión cualitativo realizado, os alumnos entrevistados non se mostran tan optimistas como nos datos recollidos na enquisa con respecto á percepción da igualdade na sociedade e na Universidade. Por unha banda, en relación á igualdade na sociedade, no grupo de discusión sosteñen que se ben formalmente, é dicir, a nivel lexislativo se avanzou bastante, as prácticas sociais continúan a reproducir a desigualdade entre homes e mulleres. O aspecto lexislativo foi destacado polo alumno do eido xurídico, para suliñar despois como na realidade continúa a plasmarse a discriminación de xénero. Resulta interesante esta diferenciación realizada entre a igualdade formal (lexislativa) e a igualdade efectiva, moito máis lonxana e non conseguida na actualidade.

A ver eu penso que os avances a nivel lexislativo foron absolutos...pero realmente isto non quere dicir que a realidade sexa a mesma, por moito que a lexislación en busca desa igualdade efectiva, a realidade que realmente seguimos discriminando..., tendo actitudes violentas, degradantes, vamos, non é alén do estado, senón as persoas que estamos facendo iso
Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

Con respecto á igualdade no eido da Universidade de Vigo, os alumnos informantes sinalan que existe unha gran diversidade en función do grao que analicemos. Especialmente crítico móstrase o alumno de Dereito ao sinalar que non posúe ningunha materia vinculada á igualdade de xénero.

También depende de la facultad y del grado, en Educación Social sí nos intentan sensibilizar en este aspecto, y visibilizar, teniendo bastantes materias que hablan sobre el tema, pero luego pasas a otros grados y la desinformación es brutal
Alumno 1, 25-30 anos, área social

Eu non teño ningunha materia en igualdade (en dereito) e é algo bastante importante, agora na argumentación xurídica si que estamos dando algo, pero fóra diso non se tocou en toda a carreira, en principio imos estar en contacto cara a cara, si debería tocarse
Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

O seguinte alumno do eido xurídico non se mostra moi optimista, xa que desde o seu punto de vista continúa a faltar unha concienciación do profesorado e o alumnado, e a día de hoxe se fai patente a desigualdade tamén no eido universitario.

Eu penso que un pouco máis ou menos igual, si que a Universidade pode estar traballando en busca desa igualdade, mentres o alumnado e o profesorado non estea completamente concienciado sobre esta situación... a desigualdade vai seguir subsistindo

Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

Porén, no grupo de discusión, estes alumnos destacan a importancia do ocio e as actividades deportivas como un dos ámbitos nos que se está a traballar no eido da igualdade na Universidade de Vigo.

Durante un tempo estiven facendo rugby no campus de Ourense, no equipo universitario, a verdade que estaba bastante guai, si que era masculinizada, pero chegamos a montar un equipo feminino, e faciamos os equipos mixtos, para xogar entre nós, estaba bastante ben dentro do que cabía


Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

4.3.2. Relacións afectivas e sexuais

Importancia na vida das persoas

As relacións afectivas e sexuais son importantes para os alumnos, pero menos no plano persoal dos enquisados que para o benestar das persoas en xeral. Mesmo as valoracións maioritarias sitúanse na opción bastante relevante. Un 11% sinala que son pouco o nada importantes a nivel persoal.

Gráfica 42. Importancia da sexualidade e das relacións afectivas, Datos en porcentaxes.



As relacións sexuais para o benestar das persoas non aportan datos significativos respecto das variables sociodemográficas, se ben por grupos de idade os máis novos concentran os caso de pouca/ningunha importancia (4,2%).

Ente os que non teñen parella, para o 16,6% ten pouca ou ningunha importancia e só para o 26,7% ten moita importancia (fronte ao 46,3% dos que teñen parella estable).

Con respecto ao grupo de discusión realizado, temos que sinalar que os alumnos coinciden co recollido na enquisa, e co recollido tamén para o colectivo PDI: as relacións persoais afectivas son unha fonte fundamental de apoio para a realización persoal.

É bastante importante, no aspecto afectivo porque as persoas precisamos de cariño, de relacións que sexan boas para a nosa vida... non vamos a estar sos durante toda a vida, precisamos alguén que coincida na nosa visión do mundo... é algo moi importante, é onde atopas a maior parte do apoio na túa vida.

Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

Así mesmo, no grupo de discusión, outro alumno quixo destacar a importancia de vincular o benestar afectivo a ter relacións sas onde os vínculos sexan recíprocos e baseados na igualdade entre as persoas.


Yo opino que me parece importante, pero también quiero destacar que es importante, en el hecho de... en una parte... por ejemplo, una persona que comparta contigo un hobby, que sea más compañera que esclava sentimental que tenga que... eres mi novia, tienes que escucharme... sino le apetece escucharte en este momento, no te tiene por qué escuchar... tiene que ser recíproco, somos libres, somos dos personas distintas, que en este momento estamos compartiendo un camino juntos, y ya está, creo que la libertad de cada persona va por encima de una relación

Alumno 1, 25-30 anos, área social

Satisfacción coa vida sexual na actualidade

Case sete de cada dez enquisados reconece estar moi ou bastante satisfeito coa vida sexual na actualidade, sendo máis os casos que se sitúan na opción bastante satisfeito (46%), que moi satisfeito (28,5%). As opcións pouco e nada satisfeito suman 17% das respostas.

Gráfica 43. Importancia das relacións sexuais na actualidade. Datos en porcentaxes



Por grupos de idade recóllense maiores porcentaxes na opción moi e bastante (75,6%) satisfeito entre o colectivo de 18 a 24 anos que nos maiores de 25 anos (69%)


Os que non teñen parella amosan menor nivel de satisfacción (o 30% sinala estar pouco ou nada satisfeito).

Ao tempo, hai menor porcentaxe de satisfacción entre os que son estudantes que entre os que teñen emprego.

Mulleres, homes e sexualidade

Sete de cada dez estudantes enquisados considera que mulleres e homes teñen a mesma preferencia polo sexo, aínda que un 20% pensa que é máis importante para os homes, baixando a porcentaxe ao 3,5% no caso de considerar que é máis importante para as mulleres

Gráfica 44. Preferencia polo sexo, Datos en porcentaxes




Por grupos de idade, os maiores de 25 anos consideran que é máis importante para os homes (27,8%), fronte ao 19,6% do grupo máis novo.

Táboa 24. Preferencia polo sexo. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	Ás dúas persoas por igual	Aos homes	Ás mulleres	NS/NC
De 18 a 24 anos	69,0 %	19,6 %	3,0 %	8,3 %
Maiores de 25 anos	62,1 %	27,6 %	3,4 %	6,9 %
Total	68 %	20,5 %	3,5 %	8,0 %

Entre os universitarios que non teñen parella a porcentaxe dos que sinalan a mulleres e homes por igual é do 57,8%, fronte ao 92% dos que teñen parella ocasional. Este grupo recolle as porcentaxes máis baixas en canto que o sexo guste máis aos homes que as mulleres (7,7%).


Gráfica 45. Preferencia polo sexo. Datos en porcentaxes segundo relación de parella.



Nivel de coñecemento sobre sexualidade

O 75% dos alumnos entrevistados, considera ter un bo nivel de coñecementos sobre sexualidade, sen embargo son máis os que recoñecer ter moito nivel (10,5%) que bastante nivel (65%) de coñecemento sobre sexualidade. Case dous de cada dez cre que o seu nivel é pouco (17%) ou ningún (1%).

Gráfica 46. Nivel de coñecemento sobre sexualidade. Datos en porcentaxes



Os maiores de 25 anos acumulan unha maior porcentaxe de pouco coñecemento (case tres de cada dez), o dobre que os alumnos máis novos.


Táboa 25. Nivel de coñecemento sobre sexualidade. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	NS/NC
De 18 a 24 anos	10,1 %	67,3 %	15,5 %	0,6 %	6,5 %
Maiores de 24 anos	13,8 %	51,7 %	27,6 %	0,0 %	6,9 %
Total	10,5 %	65,0 %	17,0 %	1,0 %	6,5 %

Os datos presentan menor nivel de coñecemento entre o colectivo de heterosexuais que no colectivo de identidades non binarias e transexuais onde a porcentaxe de moito nivel de coñecemento é do 23,5%.


Os alumnos con parella, estable ou ocasional, teñen maior nivel de coñecemento que os que non teñen parella; neste grupo o 23,3% sinala pouco ou ningún nivel de coñecemento.

Gráfica 47. Nivel de coñecemento sobre sexualidade. Datos en porcentaxes segundo relación de parella.



Sete de case dez estudantes mostran interese por obter maior información sobre sexualidade, fronte ao 15,5% aos que non lles interesa. A porcentaxe dos alumnos que non contestan é do 16,5%.

Gráfica 48. Interese por obter coñecementos sobre sexualidade. Datos en porcentaxes.



Desperta maior interese por obter información entre os menores de 24 anos (69,6%) grupo que, sinalaba ter un maior nivel de coñecementos, que entre os de 25 anos e máis. (58,6%).

Mayor interese tamén entre o colectivo de heterosexuais (67,4%) que no resto de grupos (60%),

O interese por obter información sobre relacións afectivas e sexuais, é maior entre os que manifestan ter escasos coñecementos, aínda que tres de cada de dez alumnos que se consideran estar moi informados, gostaríalles saber máis.

Táboa 26. Interese de maior información segundo nivel de coñecemento de sexualidade. Datos en porcentaxes.

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	NS/NC
Si	42,9 %	71,5 %	73,5 %	50,0 %	61,5 %
Non	33,3 %	13,1 %	14,7 %	50,0 %	7,7 %
NS/NC	23,8 %	15,4 %	11,8 %	0,0 %	30,8 %

Esta temática foi especialmente interesante no grupo de discusión cos informantes alumnos, que coincidían ao sinalar que se precisa máis formación e información sobre sexualidade; que xustamente o problema se atopa en que moitas persoas novas cren “saber sobre sexualidade” cando a súa socialización neste eido baséase na pornografía. Os alumnos participantes no grupo de discusión mostráronse moi críticos con este tipo de socialización que crea un imaxinario sexual que pouco ten que ver coa realidade, e no que se aprende a obxectivizar ás mulleres.

Luego te encuentras con chavales adolescentes que se educan en el porno, y creen que la sexualidad es porno, y luego tienen su primera relación sexual y dicen ¡menuda mierda que es el sexo! Desde los 14 años están viendo porno, ven porno, ven que someten a la mujer, que hay unos ciertos, un cierto proceso que hay que seguir dentro del sexo, que sino no es sexo

Alumno 1, 25-30 anos, área social

Se lles preguntamos directamente sobre a necesidade de ter máis formación sobre sexualidade, no grupo xerouse un debate, sobre como o coñecemento sobre sexualidade debe abarcar como xestionar as relacións afectiva-sexuais con outras persoas e un mellor coñecemento das enfermidades de transmisión sexual. Neste senso, reivindicamos ter un espazo na Universidade para formarse neste eido, para acceder a resolver dúbidas desde un enfoque igualitario e nun espazo seguro.

Entrevistadora: Gustaríavos ter máis información sobre sexualidade?

Alumno 1: Creo que lo que hace falta es más recursos dentro de la comunidad, donde poder asistir cuando tienes un problema, cuando quieres informarte, el quérote más...., eh, bueno, en el caso de las mujeres el CIM, eh... no sé, donde asistir cuando tengas algún problema, alguna duda... muchísimos más talleres dentro de las escuelas educando desde pequeños sobre el tema de la sexualidad, llegan un poco perdidos a la adolescencia

Alumno 2: Skolae, que levan proxecto ás escolas... se montara un lío... pero realmente ese tipo de proxectos está moi ben, porque o primeiro que fas é eliminar o tabú da sociedade, nós somos seres sexuais, non somos asexuais para nada... se non ensinas a xente con iso, a xente vai ir con descoñecemento...

Alumno 1: *ahí entramos, si vamos con desconocimiento, ahí están las enfermedades de transmisión sexual*

Alumno 2: *xa non só as enfermidades de transmisión sexual, senón a forma de como tratar a unha persoa durante relación sexual, se a única visión que temos da sexualidade é a que temos do porno, e anteriormente non nos impartiron ningunha na escola ou na formación informal, como imos tratar ben á xente?*


Alumno 1: *llegan perdidos a la adolescencia, porque piensan que el porno es sexo, y que el sexo es lo más importante de una relación, que una relación sin ese sexo que ven en el porno, no funciona, ya te das cuenta que no tienen ni idea*

Satisfacción vital

O nivel de satisfacción vital nunha escala do 1 ao 10, onde 1 é o menor grao de satisfacción e o 10 o maior, a puntuación media é do 7,35.


Segundo grupo de idade, o colectivo de 18 a 24 anos, outorga unha puntuación media de 7,41 baixando entre os maiores de 25 anos a 7,14.

Gráfica 49. Nivel se satisfacción vital. Datos en medias (escala do 1 ao 10) segundo grupos de idade



Os que teñen parella, estable ou ocasional manifestan un mellor nivel de satisfacción vital que os que non teñen parella.


Gráfica 50. Nivel se satisfacción vital. Datos en medias (escala do 1 ao 10) segundo relación de parella.



Maior nivel de satisfacción vital entre os que traballan (7,82) que entre os que non traballa (7,27).

Maior valoración vital cando é maior a satisfacción sexual. A media de satisfacción vital alcanza o 7,89 sobre 10 entre aqueles alumnos máis satisfeitos sexualmente e baixa a 6,20 entre os estudantes que indican estar nada satisfeitos.

Gráfica 51. Nivel se satisfacción vital. Datos en porcentaxes segundo satisfacción coa vida sexual.




4.3.3. Violencia contra as mulleres

Ante a afirmación mentres persista a situación de desigualdade entre homes e mulleres, continuará habendo violencia contra as mulleres, sete de cada dez estudantes sinala estar de acordo, resultando maior a porcentaxe dos que están bastante de acordo (40,5%) que os que moi de acordo (32,5%).

Dous de cada dez alumnos enquisados non ve relación entre a desigualdade e a violencia contra as mulleres con maior porcentaxe dos de pouco de acordo (15,5%) que os nada de acordo (7,0%).

Gráfica 52. Relación entre desigualdade e violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes.



O grupo de 24 e máis anos recollen as maiores porcentaxes de desacordo (27,4% pouco ou nada de acordo) fronte aos máis novos (22%).

O alumnado con parella ocasional mostra tamén menor relación entre a desigualdade e a violencia contra as mulleres (26,9%).

Razóns de maior número de casos de violencia contra as mulleres


Os estudantes da Universidade de Vigo enquisados, pensan que hai maior número de casos de violencia contra as mulleres posto que saen á luz máis situacións (53,5%), e só o 3,5% pensa que se debe a un aumento nos últimos anos. O 37% sinala estas dúas circunstancias.

Gráfica 53. Causas de maior coñecementos de noticias de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes.



Entre os maiores de 25 anos tense a percepción de que saen á luz mais casos (69%), fronte aos máis novos (50%). Para este colectivo as agresións son efecto do aumento do número de casos de violencia nun 40%.

Gráfica 54. Causas de maior coñecemento de noticias de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes segundo grupos de idade.




Aceptación de diferentes condutas de violencia contra as mulleres

Cerca do 90% considera que a violencia exercida por un home contra a súa muller ou ex muller, parella ou ex parella, é inaceptable se sempre debera estar castigada por lei. Pola contra, o 7,5% pensa que non sempre debera estar penado por lei e o 3% acepta abertamente a violencia contra as mulleres.

Gráfica 55. Aceptación da violencia contra as mulleres.


Datos en porcentaxes



Os casos dos enquisados que sinalan a opción aceptable en determinadas circunstancias ou en todas as circunstancias responden ao seguinte perfil: idade máis novos, de 18 a 24 anos, entre o colectivo de heterosexual e maior porcentaxe entre os que teñen parella estable ou ocasional.

Ante unha batería ampla de condutas de violencia contra as mulleres, minimízase o grao de aceptación dos alumnos, sendo máis significativo, o maior grao de aceptación a conduta de facer comentarios e suxestións de tipo sexual, pagar a unha muller por manter relacións, enviar correos ou mensaxes con contidos non desexados ou bicar a unha muller en contra da súa vontade

Gráfica 57. Non aceptación de determinadas circunstancias de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes para a opción inaceptable e sempre debe ser castigada por lei.



Seguindo o modelo de agrupación das condutas a valorar en función do distinto grao de aceptación, (tal e como analizamos os datos para o cuestionario dos PDI), as posicións dos alumnos varía tal e como recolle na gráfica. Facemos unha agrupación das diferentes circunstancias en función do grao de acordo tendo como referente a porcentaxe de resposta para a opción inaceptable e sempre deber ser castigada por lei:


- Nivel 1: Cando a porcentaxe de respostas sitúase nun nivel de desacordo entre o 55,5% dos casos ou menos. As condutas máis aceptadas neste grupo son as referidas a facer comentarios e suxestións de tipo sexual, pagar a unha muller por manter relacións, enviar correos ou mensaxes con contidos non desexados ou bicar a unha muller en contra da súa vontade. As mesmas que para os PDI, salvo está última.
- Nivel 2: Entre o 64% e o 79,5% de resposta que consideran que a condutas deben estar perseguidas por lei. presionar a unha muller para que envíe fotos dela, tocar a unha muller en contra da súa vontade e producir pornografía na que se abusa dunha muller. As mesmas que para o PDI, pero noutra orde.
- Nivel 3: Entre o 86% e o 98% que responden as condutas nas que hai un menor nivel de tolerancia. Entre as que están as de obrigar á parella a manter relacións sexuais, compartir fotografías ou vídeos privados, drogar a unha muller para abusar dela, chantaxear ou compartir fotos dunha muller, ou obrigar a prostituírse a unha muller.

Nivel 1

Analizamos en detalle as condutas que se recollen neste nivel ao ser as que maior grao de aceptación da violencia contra as mulleres.

Entre as condutas máis normalizadas atópase a de pagar por servizos de prostitución, recollendo a maior porcentaxe de enquisados (17%) que consideran dita situación como aceptada en determinadas circunstancias ou en todas as circunstancias. A maiores, catro de cada dez considera que non debe se perseguida por lei.


Gráfica 57. Aceptación de pagar a unha muller por manter relacións sexuais. Datos en porcentaxes. Comparativa co nivel de aceptación da violencia en xeral contra as mulleres



Outro aspecto onde hai maior aceptación é a de facer comentarios e suxestións de tipo sexual non desexados por unha muller, e só dous de cada dez considera que debería estar castigado por lei.

Neste mesmo bloque recóllese a valoración respecto de enviar correos electrónicos ou mensaxes de texto con contidos non desexados, onde cinco de cada dez considera unha conduta inaceptábel pero que non sempre deba estar perseguida por lei.

Gráfica 58. Nivel de aceptación ante determinadas condutas de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes.



Analizamos o perfil dos enquisados para a opción inaceptable pero non sempre debe de ser castigada por lei, por recoller unha porcentaxe moi significativa de casos.

- Por grupos de idade, non hai diferencias significativas, se ben destacar que os maiores de 25 anos acadan porcentaxes de maior aceptación por riba do grupo dos máis novos, entre 4 e 5 puntos porcentuais
- No que atinxe á relación en parella, non hai diferenza en canto a pagar por consumo de prostitución se ben os que aceptan facer comentarios ás mulleres o 73% non teñen parella e os que menos o 57,7% son parella ocasional.

Nivel 2


Entre o 64% e o 79% de respostas que consideran que a condutas inaceptables e deben estar perseguidas por lei. presionar a unha muller para que envíe fotos dela, tocar a unha muller en contra da súa vontade e producir pornografía na que se abusa dunha muller. As mesmas que para o PDI pero noutra orde.

Bicar a unha muller ou presionar a unha muller para que envíe fotos dela en contra da súa vontade recolle unha porcentaxe do 38,2% e un 21% de que non sempre debera estar perseguido por lei.

Nivel 3

No último nivel, o menos permisivo, recóllense as condutas como as de obrigar á parella a manter relacións sexuais non desexadas (aínda que o 11,% considera que non sempre debera estar perseguida por lei), ata obrigar a unha persoa a prostituíse onde o 98% considera unha conduta inaceptable e sempre perseguida por lei. Se ben ao comparar os datos con a respecto de conduta pagar a unha muller por manter relacións sexuais resulta moi chamativo o cambio de resposta.

Gráfica 59. Aceptación por obrigar a unha muller a prostituírse e pagar a unha mulleres por manter relacións sexuais. Datos en porcentaxes



Con respecto a este ámbito temático, hai que sinalar que no grupo de discusión os alumnos participantes definiron e identificaron perfectamente a violencia contra as mulleres, tal e como podemos observar a continuación.

Violencia, hay muchos tipos, la física es el límite ya, empieza con violencia emocional, económica, violencia contra los hijos...

Alumno 1, 25-30 anos, área social

Os alumnos participantes sinalaron coñecer casos de violencia de xénero, e tamén sinalaron unha permisividade cultural cara a violencia de xénero, fundamentalmente nos espazos de ocio, nocturnos, etc. Neste senso, identificaron de xeito alarmante como os seus compañeiros (homes novos) exercen violencia de xeito cotiá cara as mulleres en espazos de ocio.

Dentro do alumnado pode ser bastante fácil atopar ese tipo de violencia, simplemente saír de festa, e mirar os rapaces nalgún pub de reggeaton, se miran as intencións, non é algo que sexa moi complicado de visualizar..., eu me quedei curto no número de violencias..., se nota que a xente non está para nada concienciada no tema de igualdade

Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

Os alumnos entrevistados coñecen casos de violencia de xénero, tanto no seu eido de veciñanza próxima, como un caso na Universidade de Vigo. En todas as situacións recollidas, os casos remataron coa separación da parella, pero sen chegar aos xulgados e sen ter apoio de ningunha institución. Certamente, a maioría dos casos de violencia de xénero quedan na invisibilidade e non dan chegada ás institucións nin aos xulgados; especialmente relevante é o caso de violencia relatado por un dos alumnos que nos debe chamar a atención sobre a necesidade de activar medidas de detección de violencia entre o alumnado para activar unha resposta institucional que poida axudar ás alumnas vítimas.

Pero si que coñezo de dous casos en concreto de que houbera violencia física..., xa foi fai tempo... e non sei nada desa xente xa... foi unha das rapazas, unha compañeira de (titulación), que o rapaz non... sei que houbera varias pelexas entre eles, e desencadeara en violencia, pero logo xa me perdín un pouco.... unha alumna de traballo social cun alumno de traballo social, xa se foron, remataron a carreira,

Entrevistadora: houbo intervención?

Sei que amigas dela, amigas delas si que estiveron intervindo, ao final remataron por deixar a relación, foron as amigas súas que interviron, non chegou nunca á Universidade iso, foi o último no que estiveron aquí, penso


Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica

4.3.4. Prostitución

Consumo de prostitución

Dos alumnos enquisados o 2,5% sinala ter pagado algunha vez por manter relacións sexuais reducíndose o nivel de resposta á hora de preguntar polo consumo nos últimos 12 meses a un só caso

Gráfica 61. ten pagado algunha vez na súa vida por manter relacións sexuais cunha muller. Datos en porcentaxes.



Unha breve referencia dos estudantes que afirma ter consumido servizos de prostitución: non se perciben diferenzas por idade, máis casos entre os que teñen parella ocasional e entre os que non traballan. O medio de coñecemento ou acceso ao servizo de prostitución sinalado é internet (páxinas web e outras redes sociais) ou amizades

No grupo de discusión cos alumnos recolleemos unha información similar ao acontecido co colectivo de PDI. Se ben estes informantes non son consumidores de prostitución, si identifican como “xeneralizada” a cultura da prostitución no seu entorno e na sociedade galega e española en xeral. No seguinte fragmento extraído do grupo de discusión percíbese até que punto os alumnos son coñecedores desta cultura prostitucional, a través do cine, dos comentarios machistas, etc.

Siempre se vio muy presente la prostitución, incluso en el cine español, incluso se veneraba un poco la prostitución, con Torrente, la naturalización sobre la prostitución, la profesión más antigua del mundo... lo vemos algo normal, algo natural
Alumno 2, 20-25 anos, área xurídica).

Desde pequeño, escuchas a personas decir me vale más pagar 60 euros que aguantarla... ¿a qué punto legamos? Y no das cuenta que personas están soltando ese comentario que hay gente que lo está escuchando, retroalimentando, y cuando eres mayor... funcionamos por imitación y por lo que llevamos escuchando toda la vida... cuando la gente no está concienciada, y desde pequeños nos educan en eso, no me extraña nada que la mayoría de la sociedad piense así

Alumno 1, 25-30 anos, área social

Como no caso do PDI, os alumnos teñen no seu círculo de amizades activos consumidores de prostitución. Novamente, o contexto de ocio nocturno é o eido no que describen que se dan este tipo de situacións, un fío de conversa que continúa cun debate crítico sobre a “suposta” liberdade das mulleres que exercen prostitución.

Alumno 1: Tengo amigos cercanos, obviamente conmigo no, porque saben que esos temas no me van, no salgo mucho con ellos porque tenemos una mentalidad un poco diferente, pero sí que es la mítica tres de la mañana, ¿qué, vamos a tomar una copa allí?, y al final acaban subiendo... luego les preguntas... en plan, yo soy muy a favor de la abolición de la prostitución... e intento debatir con ellos sobre qué pasaría si se aboliera, y te dicen: ¿dónde queda la libertad de la mujer? Que a lo mejor quiere hacerlo...

Alumno 2: la libertad está en el dinero que necesita para vivir...

Alumno 1: pero luego te ponen la excusa de que hay algunas que lo hacen por gusto... es en plan..., tengo por seguro que el 90% de la prostitución es de trata, estas participando en eso, en la explotación de una vida humana..


Alumno 2: esto es un poco igual que la maternidad subrogada, siempre que exista la posibilidad de que vaya a desempeñar un empleo por el hecho de conseguir dinero, ahí ya se va a tomar por saco la voluntariedad, porque necesita hacerlo, no porque quiere, obviamente...

Novamente, o debate dos alumnos xirou en torno a como algunhas actividades realizadas por homes en grupo supoñen un reforzo da masculinidade hexemónica máis tradicional, e como o exercicio do poder patriarcal están na base do consumo de prostitución.

Razóns que levan a unha persoa a exercer a prostitución

Se ben a maioría dos enquisados sinalan a necesidade económica (nove de cada dez) e por sentirse ameazada ou forzada (oito de cada dez) como posibles razóns que levan a unha persoa a exercer a prostitución, unha cuarta parte dos entrevistado considera que as persoas que se prostitúen o fan por gañar cartos de forma extra (20%) ou mesmo porque lles gusta (19,5%).

Gráfica 61. Razóns que levan a unha persoa a exercer a prostitución.. Datos en porcentaxes.



O grupo de estudantes de máis 25 anos acumula maior número de casos entre os que consideran como razóns a obtención de diñeiro extra ou acceder a certos luxos (cerca dun 30% en ambos casos).

Entre os alumnos que só estudan hai maior porcentaxe de acordo nas razóns vinculadas coa obtención de luxos extras ou porque lles gusta (20% en ambos casos), que no caso dos que traballan (17 e 14% en ambos casos).

Como no caso do colectivo PDI, o alumnado entrevistado no grupo de discusión argumenta razóns fundamentalmente económicas como “motivacións” para exercer a prostitución. Identifican como un fenómeno totalmente minoritario o da prostitución de luxo, e non representativa da situación habitual da prostitución.

Alumno 2: dinero, economía... puede haber una persona que lo haga por gusto, yo creo que la mayoría de la gente es por necesidad económica o por obligación

Alumno 1: las scorts, las prostitutas de lujo, por gusto... pero no creo que alguien te cobre 30 euros por gusto... eso es grave, ahí hay una falta de dinero bastante potente...


Alumno 2: que cobre 30 euros, y que esté en la calle en invierno ejerciendo la prostitución, en la carretera... nadie va a arriesgarse a tanto por 30 euros de un polvo.

Razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais

As razóns que levan aos homes a pagar por servizos sexuais acadan maiores niveis de acordo (moi e bastante de acordo) naqueles comportamentos que supoñen exercer poder ou dominar a relación.

Na opción nada ou pouco de acordo, destaca o feito de gustarlles o arriscado ou prohibido ou non ter outra opción

Gráfica 62. Razóns de consumo de prostitución. Datos en porcentaxes agrupados para as opcións moi/bastante de acordo e pouco/nada de acordo.



Entre os grupos de idade hai maior diferenza de opinión nas opcións moi e bastante de acordo no caso de obter compañía (59,5% dos de menos de 24 anos e 72,4% dos maiores de 24 anos). Tamén no dominio da relación (66,1% dos máis novos fronte ao 48,3% dos maiores de 24 anos) e no caso de exercer o poder (67,3% fronte ao 41,4%).

Entre os grupos de idade hai maior diferenza de opinión nas opcións moi e bastante de acordo no caso de obter compañía (59,5% dos de menos de 24 anos e 72,4% dos maiores de 24 anos). Tamén no dominio da relación (66,1% dos máis novos fronte ao 48,3% dos maiores de 24 anos) e no caso de exercer o poder (67,3% fronte ao 41,4%).

Táboa 27. Razóns de consumo de prostitución. Datos en porcentaxes segundo idade agrupados para as opcións moi/ bastante de acordo e pouco/nada de acordo.

	De 18 a 24 anos	Máis de 24 anos	Ns/Nc	Total
Para obter compañía	61,8 %	64,7 %	60,0 %	62,0 %
Porque non teñen outra opción	40,5 %	48,3 %	33,3 %	41,5 %
Por distracción/experimentar prácticas sexuais	43,50 %	55,20 %	0,0 %	44,50 %
Por gustarlles o arriscado e prohibido	29,8 %	27,6 %	0,0 %	29,0 %
Para dominar a relación	66,1 %	48,3 %	66,7 %	63,5 %
Por comodidade	50,6 %	44,8 %	33,3 %	49,5 %
Para exercer poder	67,3 %	41,4 %	66,7 %	63,5 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %	100,0 %

Entre os estudantes con parella estable hai maior grao de acordo en sinalar a obtención de compañía (63,8%) e exercer o poder (65%). Os que teñen parella ocasional e os que non teñen parella sinalan dominar a relación, como razón principal (65,5%).

Atendendo á variable laboral, non hai diferenzas significativas se ben entre os estudantes que traballan suman maior porcentaxe de acordo na distracción ou experimentar practicas sexuais (54,3%) que entre os que son só estudantes (43,8%).

Con respecto ao grupo de discusión realizado con alumnos hai que sinalar unha diferenza relevante con respecto ao PDI entrevistado: os alumnos non fan referencia “ás necesidades sexuais”, senón que poñen o foco na relación de dominación sexual entre home e muller, e a un reforzo dunha suposta “masculinidade tradicional” na que incluso fan alusión a un intento de vinganza cara ás parellas.

Alumno 2: capacidad económica, demostrar que pueden, y por encima el hecho del sexo

Alumno 1: por falta de sexo no va a ser, tengo amigos que cuando iban tenían pareja, es el morbo de dominar a alguien, pues de decir, yo te pago y tú me haces lo que yo quiera...

Alumno 2: la frialdad del asunto, tener relaciones sexuales sin que te importe nada la otra persona...


Alumno 1: sí que es cierto, ahora que lo dices, ¿por qué? Detecto más que es cuando tienen problemas con sus parejas, que cuando están bien con ellas... tipo de venganza a la pareja, ¿sabes? Bueno, acaba siendo una forma de violencia, contra dos mujeres, no contra una

Prostitución e violencia contra as mulleres

O 34,5% dos estudantes enquisados non ve na prostitución unha forma de violencia contra as mulleres. Seis de cada dez estudantes están de acordo coa súa regulación como calquera outra actividade económica (59%).

Maíor porcentaxe de casos na opción penalizar á persoa que consume prostitución (32%), se ben penalizarían á persoa que a exerce a prostitución nun 20% dos casos.

Gráfica 63. Aceptación de condutas. Datos en porcentaxes



Analizando os datos dos estudantes enquisados que non consideran a prostitución como unha forma de violencia contra as mulleres, destacan os seguintes datos: as porcentaxes son máis altas entre o colectivo de máis de 25 anos (37,9%) que entre os máis novos (33,9%). Destacan os que non teñen parella (39%) ou a parella é ocasional (34,6%), aínda que o 30% teñen parella estable.

Os que están a favor de regularizar a prostitución como calquera outra actividade: destacan os maiores de 24 anos (65,5%) que entre o máis novos (57,7%); así como os que teñen parella ocasional ou estable (38,5% e 33,8%) que os de sen parella (28,9%) e con traballo (40%) que so estudantes (30,6%).

Entre o grupo que está a favor de penalizar á persoa que consume prostitución: non hai diferencias por idade, si en relación aos que teñen parella ocasional (38%) e estable (33%) fronte aos que non teñen parella (28,9%). Tamén máis entre os que traballan (49%) que entre os que non (30%).


Neste ámbito, con respecto ao traballo de campo cualitativo, podemos destacar unha diferenza coas entrevistas realizadas ao PDI: no grupo de discusión dos alumnos, si se mostran de acordo coa afirmación de que a prostitución é unha forma de violencia contra as mulleres; dun xeito explícito, os alumnos participantes están de acordo con esta idea, mentres que no caso do PDI había unha maior diversidade de opinións.

4.3. 5. Tráfico e explotación de persoas

Os estudantes enquisados outorgan unha valoración media ao problema do tráfico e explotación de persoas do 7,56 nunha escala do 1 ao 10, onde 1 indica problema nada importante e o 10 problema moi importante.

O grupo de menos de 24 anos, recolle unha valoración por riba da media (7,64), algo máis baixa para o colectivo de máis de 25 anos (7,06).

Gráfica 64. En que medidas o tráfico e explotación de persoas é un problema para o noso país. Datos en medias (escala do 1 ao 10) segundo grupos de idade.



Maior sensibilidade para o grupo de identidades non binarias e transexuais (media de 8,18) que para os declarados heterosexuais (7,48).


Os que sinalan ter parella ocasional valoran nun maior grao o problema da trata de persoas (media do 7,88) e os de sen parella (7,41).

De coñecer a alguén que trafique con persoas, case 9 de cada dez chamaría á policía, mentres

que as opción contactar cunha ONG ou non facer é sinalada polo 3% en ambos casos.

Gráfica 65. Que farías se te atopas con alguén que trafique con persoas?. Datos en porcentaxes.

- Chamar á policía
- Contactar cunha ONG
- Non faría nada
- Outro
- NS/NC




O 32% dos alumnos entrevistados considera que situación que hai en España en canto ao número de vítimas de trata é igual á de outros países e só o 10% considera que a situación é peor. Mesmo o 25% pensa que a situación é significativamente mellor.

Unha elevada porcentaxe de enquisados sitúase na opción Non sabe/non contesta,

Gráfica 66. Cres que España ten unha situación similar a de outros países en canto o número de vítimas de trata?. Datos en porcentaxes.

- Si
- Non, é significativamente mellor
- Non, é significativamente mellor
- NS/NC



O 33,9% dos estudantes de 18 a 24 anos considera que a situación é igual, fronte ao 24,1 % dos maiores de 24 anos. Para este colectivo a resposta máis apoiada é a de que a situación é significativamente mellor.

Entre o grupo de identidades non binarias e transexuais a porcentaxe dos que consideran que a situación é peor é do 23,5%, fronte ao 9% dos heterosexuais.

O colectivo con parella ocasional suman as maiores porcentaxes (42,3%, fronte aos 31,3% dos que teñen parella estable ou sen parella) no que a situación é igual ao de resto de países. Colectivo que tamén recolle maiores porcentaxes de que a situación é peor (15,4%).


Intervención do Estado

Ante a pregunta de si o Estado debera intervir de forma máis activa contra o tráfico de persoas para fins de explotación sexual, o 90% está de acordo. O 8,5% sitúase na opción Non sabe/Non contesta.

O maior a nivel de acordo, (nove de cada dez enquisados) sinala como medidas nas que traballar a de adopción de programas de inserción laboral das mulleres vítimas da prostitución, maiores controles nos clubs e outros espazos e o aplicar penas máis duras contra os traficantes.

A maior dispersión de acordo é respecto da legalización da prostitución, con porcentaxes moi similares entre os que están a favor (42%) e os que están en desacordo con esta medida (45%).

Gráfica 67. Accións ou medidas sobre as que traballar. Datos en porcentaxes segundo nivel de acordo (agrupadas moito/bastante acordo e pouco/nada acordo). Datos en porcentaxes.



O grupo de 18 a 24 anos suma maiores porcentaxes de acordo que os grupos de 24 e máis anos na aplicación da posibles medidas, salvo a de legalizar a prostitución, onde a porcentaxe de acordo é do 41,1% fronte aos 51,7% dos maiores de 24 anos.

Segundo a orientación sexual, acontece algo similar, e os grupo de heterosexuais está máis de acordo con todas as medidas a excepción da legalización da prostitución (42,7% fronte aos 47,1% do colectivo de identidades binarias e transexuais).

Maior nivel de acordo na legalización da prostitución entre os que teñen parella ocasional (53,8%) que entre os que non teñen parella (35,6%) e mais entre os que traballan (48,6%) que entre os que son só estudantes (41,9%).

Perfil do alumnado entrevistado

Grupos de idade

	N	%
De 18 a 24 anos	168	84,0 %
Maiores de 24 anos	29	14,5 %
Non sabe/non contesta	3	1,5 %
Total	200	100,0 %

Estudos que está cursando na actualidade

	N	%
Estudos de grao	182	91,0 %
Master oficial universitario	10	5,0 %
Títulos propios de posgrao	1	0,5 %
Outros	3	1,5 %
Non sabe/non contesta	4	2,0 %
Total	200	100,0 %

Orientación sexual

	N	%
Bisexual	14	7,0 %
Heterosexual	178	89,0 %
Homosexual	2	1,0 %
Outro	1	0,5 %
Non sabe/non contesta	5	2,5 %
Total	200	100,0 %

Situación de parella

	N	%
Parella estable	80	40,0 %
Con parella ocasional	26	13,0 %
Sen parella	90	45,0 %
Non sabe/non contesta	4	2,0 %
Total	200	100,0 %

Filla ou fillo

	N	%
Si	1	0,5 %
Non	193	96,5 %
Non sabe/non contesta	6	3,0 %
Total	200	100,0 %

Situación laboral

	N	%
Traballo estable	8	4,0 %
Traballo temporal	27	13,5 %
Desempregado	3	1,5 %
Só estudante	157	78,5 %
Non sabe/non contesta	4	2,5 %
Total	200	100,0 %

Nivel de ingresos mensual

	N	%
Menos ou igual a 300 €	42	21,0 %
De 301 a 600 €	25	12,5 %
De 601 a 900 €	4	2,0 %
De 901 a 1.200 €	9	4,5 %
De 1.201 a 1.800 €	2	1,0 %
Máis de 3.000 €	2	1,0 %
Non ten ingresos de ningún tipo	95	47,5 %
Non sabe/non contesta	21	10,5 %
Total	200	100,0 %

Campus universitario

	N	%
Vigo	132	20,5 %
Ourense	41	66,0 %
Pontevedra	27	13,5 %
Total	200	100,0 %

Área científica

	N	%
Ciencias Técnicas	95	47,5 %
Ciencias Sociais	77	38,5 %
Ciencias Saúde e Ambientais	17	8,5 %
Humanidades	11	5,5 %
Total	200	100,0 %

Facultade

	N	%
Escola de Enxeñaría Industrial	65	32,5 %
Facultade de CC Económicas e Empresariais	37	18,5 %
Facultade de CC da Educación e do Deporte	19	9,5 %
E.S. de Enxeñaría Informática	18	9,0 %
Facultade de Bioloxía	15	7,5 %
Facultade de Ciencias da Educación	11	5,5 %
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	10	5,0 %
Facultade de Dereito	10	5,0 %
Facultade de Filloxía e Tradución	5	2,5 %
Facultade de Belas Artes	4	2,0 %
Facultade de Fisioterapia	2	1,0 %
Escola de Enxeñaría Forestal	2	1,0 %
Facultade de Historia	2	1,0 %
Total	200	100,0 %

4.4. Resultados do Persoal de administración e servizos (PAS)

Atendendo en conta á baixa resposta do colectivo de PAS, e á falta de representatividade da mostra comparados co colectivo de PDI e alumnos, os datos recollidos nas entrevistas son presentados a modo de síntese para os casos máis significativos e sen cruce coas variables de perfil dos enquisados.

4.4.1 Perfil do PAS

Grupos de idade

	N	%
De 35 a 44 anos	5	27.8 %
De 45 a 54 anos	11	61.1 %
De 55 a 64 anos	1	5.6 %
Non sabe/non contesta	1	5.6 %
Total	18	100.0 %

Nivel de estudos

	N	%
Bacharelato	3	16.7 %
FP Superior	1	5.6 %
Diplomatura	2	11.1 %
Doutoramento	2	11.1 %
Estudos de licenciatura	6	33.3 %
Master oficial universitario	2	5,0 %
Títulos propios de posgrao	1	5.6 %
Non sabe/non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Orientación sexual

	N	%
Heterosexual	16	88,9 %
Homosexual	1	1,0 %
Non sabe/non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Orientación sexual

	N	%
Parella estable	80	40,0 %
Con parella ocasional	26	13,0 %
Sen parella	90	45,0 %
Non sabe/non contesta	4	2,0 %
Total	18	100,0 %

Filla ou fillo

	N	%
Si	15	88,3 %
Non	2	11,1 %
Non sabe/non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Nivel de ingresos mensual

	N	%
De 1.201 a 1.800 €	3	16,7 %
De 1.801 a 2.400 €	7	38,9 %
De 2.401 a 3.000 €	6	33,3 %
Máis de 3.000 €	1	5,6 %
Non sabe/Non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

4.4.2. Resultados globais

Dado a baixa porcentaxe de resposta neste colectivo PAS, decidimos facer un apartado global de resultados, cos datos cuantitativos meramente indicativos de tendencias, complementando coa an3lise do discurso recollida no grupo de discusi3n co PAS. Este grupo de discusi3n foi no que m3is debate e nivel de pol3mica se recolleu, dadas as diferentes opini3ns e posturas dos tres participantes con respecto 3 igualdade, 3 violencia contra 3s mulleres e con respecto 3 prostituci3n. Recollemos discursos moi opostos con respecto 3s tem3ticas propostas que nos permiten identificar diferentes “patr3ns discursivos” entre os nosos informantes.

Igualdade entre mulleres e homes

T3boa 28. Importancia da igualdade. Datos num3ricos e en porcentaxes.

	N	%
Moita	14	77,8 %
Bastante	4	22,2 %
Pouca	0	0 %
Nada	0	0 %
Total	18	100,0 %

T3boa 29. Percepci3n do nivel de igualdade. Datos en medias. Escala do 1 ao 10.

	Media	Desviaci3n est3ndar
Igualdade sociedade	5,33	2,40
Igualdade universidade	7,83	2,26

Con respecto aos discursos recollidos no traballo de campo cualitativo, o colectivo PAS si pensa que hai igualdade na sociedade en xeral, a3nda que fan a diferenza entre a igualdade formal e a igualdade efectiva. Por3n, no grupo de discusi3n existiu un debate sobre este tema, dado que un dos participantes cuestiona a existencia mesma da desigualdade de x3nero facendo fincap3 en que o esencial 3 a desigualdade de clase social no noso contexto; mentres que outro dos informantes si remarca a existencia dunha desigualdade de x3nero espec3fica.

No se puede caracterizar de una forma gen3rica el concepto hombre y el concepto mujer, para mi el concepto es clase, no mujer ni hombre..., no es lo mismo Ana Botella que la se3ora de la limpieza (...) ¿hacia donde queremos ir? Yo quiero diferenciar, no todas las mujeres son iguales, ni todos los hombres son iguales, la mujer ocupa en funci3n de la escala un puesto social determinado, y no solo por el mero hecho de ser mujer vas a tener unas agresiones... peores... que las que pueda padecer un hombre, un ni3o, un anciano o lo que sea... depende de la clase social, de la formaci3n que tengas, eso como consideraci3n previa, no creo que se pueda analizar a la mujer como un grupo aparte dentro de lo social

PAS 1, 55-60 anos

Eu non estou de acordo... si que na sociedade hai un debate, que hai unha situaci3n diferente entre un sexo ou x3nero ou outro

PAS 3, 50-55 anos

Con respecto 3 s3a percepci3n da igualdade na Universidade de Vigo, en xeral, os tres participantes no grupo de discusi3n salientan que non detectan discriminaci3n de x3nero dentro do colectivo PAS. Na s3a an3lise de condici3ns laborais e de cargos de xefatura de servizos no colectivo PAS non detectan esa discriminaci3n cara as mulleres. De feito, comentan que a Universidade de Vigo 3 un espazo igualitario, a3nda que un dos entrevistados si detecta algunha fenda de x3nero no eido do profesorado, en relaci3n 3 presenza de catedr3ticas ou en cargos directivos no PDI.

Relacións afectivas e sexuais

Táboa 30. Importancia relacións afectivas e sexuais

	Moita	Bastante	NS/NC	Total
Para o benestar das persoas	11	6	1	18
Para min	12	5	1	18

Táboa 31. Satisfacción coa vida sexual na actualidade. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Moi satisfeito	6	33.3 %
Bastante satisfeito	8	44.4 %
Pouco satisfeito	2	11.1 %
Nada satisfeito	0	0 %
Non sabe/Non contesta	2	11.1 %
Total	18	100,0 %

Táboa 32. Preferencia polo sexo. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Aos dous por igual	14	77.8 %
Aos homes	3	16,7 %
Ás mulleres	0	0 %
Non sabe/Non contesta	1	5,6 %
Total	18	100 %

Táboa 33. Nivel de coñecemento sobre sexualidade. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Moito	2	11.1 %
Bastante	14	77.8 %
Pouca	1	5,6 %
Nada	0	0 %
Non sabe/Non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Táboa 34. Interese por maior información sobre sexualidade. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Si	9	50.0 %
Non	7	38.8 %
Non sabe/Non contesta	2	11.1 %
Total	18	100,0 %

Táboa 35. Nivel de satisfacción vital

	Media	Desviación estándar
Satisfacción vital	7,53	1,23

Violencia contra as mulleres

Táboa 36. Mentres persista a situación de desigualdade entre homes e mulleres, continuará habendo violencia contra as mulleres. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Moi de acordo	8	44.4 %
Bastante de acordo	5	27.8 %
Pouco de acordo	4	22.2 %
Nada de acordo	0	0 %
Non sabe/Non contesta	1	5.6 %
Total	18	100,0 %

Táboa 37. Violencia exercida por home sobre unha muller. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Inaceptable e sempre debe de ser castigada por lei	14	77.8 %
Inaceptable pero non sempre debe de ser castigada pola lei	3	16,7 %
Aceptable en determinadas circunstancias	0	0 %
Aceptable en todas as circunstancias	0	0 %
Non sabe/Non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Táboa 38. Causa frecuencia noticias sobre agresións, malos tratos e asasinatos. Datos numéricos e en porcentaxes

	N	%
Sane á luz máis casos	6	50,0 %
Teñen aumentado o número de casos	1	5,6 %
As dúas	6	33,3 %
Non sabe/Non contesta	2	11,1 %
Total	18	100,0 %

Táboa 39. Aceptación de condutas de violencia contra as mulleres. Datos numéricos

	Inaceptable sempre castigada por lei	Inaceptable non sempre castigada pola lei	Aceptable en determinadas circunstancias	Aceptable sempre	NS/NC
Obrigar a prostituírse a unha muller	17	0	0	0	1
Compartir fotografías ou vídeos privados a través de redes sociais sen o seu consentimento nin das persoas que aparecen	17	0	0	0	1
Chantaxear a unha muller con difundir fotografías ou vídeos privados dela	17	0	0	0	1
Dar de forma deliberada a unha muller alcol e drogas para poder manter relacións sexuais con ela	15	0	0	0	3
Obrigar á parella a manter relacións sexuais non desexadas	15	1	0	0	2
Tocar a unha muller en contra da súa vontade	15	2	0	0	1
Bicar a unha muller en contra da súa vontade	13	4	0	0	1
Presionar a unha muller para que envíe fotos de si mesma	13	4	0	0	1
Producir pornografía na que se abusa dunha muller	13	4	0	0	1
Enviar correos electrónicos ou mensaxes de texto con contido non desexados	7	10	0	0	1
Pagar a unha muller por manter relacións sexuais	5	8	2	1	2
Facer comentarios e suxestións de tipo sexual non desexados a unha muller	5	10	0	1	2

Por outra banda, a temática da violencia contra as mulleres causou tamén moita polémica no grupo de discusión cualitativo co colectivo PAS. Por unha banda, dous dos informantes definen a violencia contra as mulleres como unha situación de dominación sobre elas, e recoñecen ademais ter coñecido casos cercanos nas súas redes familiares e de veciñanza. Sen embargo, un dos informantes, que podemos identificar nun tipo de discurso máis acorde coa “masculinidade hexemónica tradicional” cuestiona o concepto da violencia de xénero como un fenómeno estrutural. Segundo este informante, a violencia de xénero non ten un carácter estrutural, senón que é unha realidade que acontece só a un nivel “micro”. Na súa opinión, polo tanto, non existe un vínculo entre a desigualdade de xénero e a violencia contra ás mulleres; e pon ademais ao mesmo nivel diferentes tipos de violencia, negando polo tanto as causas específicas e a dimensión estrutural da violencia contra as mulleres.

No, la violencia contra la mujer es un hecho objetivo, otra cosa es que se quiere vincular la violencia contra las mujeres con una violencia estructural que se llama dentro de cierto feminismo “heteropatriarcal”, es una sociedad capitalista y heteropatriarcal tiene instrumentos sobre la mujer, yo a eso es lo que me niego, me niego a pensar, a creer, a aceptar que esa violencia que hay sobre la mujer, sea una violencia que vaya más allá del nivel micro... niego la mayor, niego que haya una sociedad patriarcal en este momento, lo que digo es que hay una sociedad de clases, patriarcal no (...) hay una violencia de la mujer sobre el hombre también, mucho más oculta, de la que no se habla, que produce muertes también, no tantas, pero es una violencia que existe en el seno de la familia, contra los hijos también, y es por otro tipo de circunstancias que no tiene nada que ver con una estructura capitalista y patriarcal ni mucho menos

PAS 1, 55-60 anos

Ao abordar a temática da violencia sexual, neste grupo de discusión saíu o tema das supostas “denuncias falsas”, un mito que non saíra noutras entrevistas ou grupo de discusión doutros colectivos. Neste senso, temos que dicir que este grupo de discusión foi o máis polémico polos mitos e estereotipos que se recolleron nas opinións de varios informantes; ademais do tema das supostas “denuncias falsas”, outra das cuestións que afloraron é como educar aos seus fillos varóns con respecto á violencia sexual, dado que segundo un dos nosos informantes coa lexislación actual vai ser difícil poder relacionarse sexualmente con mulleres. Neste senso, temos que sinalar a confusión detectada e ausencia de información clara sobre o desexo sexual e o consentimento nas relacións sexuais.

Pola noite, eu non teño datos, pero pola noite a cantidade de casos que se producen, con drogas, alcol, o que acontece...

PAS 3, 50-55 anos

También hubo denuncias falsas... situaciones de que se vieron en la situación de que tenían un novio, no querían que se enteraran sus padres y denuncian

PAS 1, 55-60 anos

O da violencia sexual, ese término con lexislación agora, creo que meus fillos van ter moi difícil para relacionarse coas mulleres sexualmente... tal e como vai o tema agora, e ahí o deixo. Vexo moi complicado para os rapaces agora

PAS 2, 40-45 anos

Táboa 40. Algunha vez ten pagado por manter relacións sexuais cunha muller. Datos numéricos e en porcentaxe.

	N	%
Si	1	5.6 %
Non	15	83.3 %
Non sabe/Non contesta	2	11.1 %
Total	18	100,0 %

Táboa 41. Razóns que levan a unha persoa a prostituírse. Datos numéricos.

	Moi/ Bastante de acordo	Pouco/ nada de acordo	NS/ NC	Total
Por unha necesidade económica	17	0	1	18
Para obter luxos ou extras	6	11	1	18
Porque lle gusta	2	15	1	18
Por sentirse ameazada ou forzada	17	0	1	18
Gañan máis diñeiro que noutros traballos	6	10	2	18

Táboa 42. Razóns para pagar por servizos sexuais. Datos numéricos

	Moi/Bastante de acordo	Pouco/nada de acordo	NS/NC	Total
Para obter compañía	10	4	4	18
Porque non teñen outra opción	7	8	3	18
Por distracción e por experimentar prácticas sexuais	8	7	3	18
Por gustarilles o arriscado e prohibido	4	11	3	18
Para dominar a relación	5	9	4	18
Por comodidade	9	5	4	18
Para exercer poder	6	8	4	18
Outras: insatisfacción coa parella, relacións sen compromiso nin implicación emocional	1	0	16	18

Táboa 43. Grao de acordo sobre afirmacións prostitución. Datos numéricos

	Si	Non	NS/NC	Total
Considero a prostitución unha forma de violencia contra as mulleres	9	4	5	18
A prostitución debера estar regulada como calquera outra actividade	10	4	4	18
Deberase penalizar á persoa que consume prostitución	5	8	5	18
Hai que prohibir ou penalizar á persoa que exerce a prostitución	1	14	3	18

No grupo de discusión cualitativo co colectivo PAS, a temática da prostitución causou tamén unha grande polémica, recollendo un espectro de discurso e opinións moi amplo: desde un dos nosos informantes que ve como un mal dato o feito do gran consumo de prostitución que existe en España; até outro dos informantes que aproba a cultura permisiva existente no noso contexto con respecto ao consumo de prostitución. De novo afloraron mitos sobre o fenómeno da prostitución, asociándoo como o “oficio máis antigo do mundo”; detectamos, neste senso, unha grande desinformación sobre este tema, e a pervivencia de fortes estereotipos con respecto á desigualdade de xénero que está na base da prostitución.

Sí, hay una cultura permisiva, pero no me parece mal, la apruebo, siempre que sea consentida, la apruebo

PAS 1, 55-60 anos

!Claro! Ese es el matiz, entiendo que si una mujer quiere ganarse la vida, como ella quiera, siempre que no haya violencia por el medio, siempre que esté regulado y protegida de todas esas violencias... el problema de la prostitución son esas violencias, si estas obligada, si te trajeron por tratra de blancas, sino la prostitución es el oficio más antiguo de la humanidad, cuando nosotros eramos cazadores o lo que sea, y eramos más fuertes que la mujer... alguien la protegía de ciertos..., es la historia de la humanidad

PAS 2, 40-45 anos

Eu non estou, paréceme un mal dato, unha sociedade que ten moita prostitución, estamos falando das nosas fillas, das nosas parellas, etc., etc., non me parece algo que me deixe tranquilo... independentemente de que si pode haber algunhas mulleres que dunha forma libre... porque les compensa
PAS 3, 50-55 anos

Sobre a motivación das mulleres para exercer prostitución tamén detectamos novamente unha ampla diversidade de discursos. Dous informantes fan fincapé na situación de necesidade económica das mulleres, moitas delas inmigrantes, pero un dos entrevistados afirma que as mulleres “deciden” realizar este traballo, segundo el, “máis lucrativo” que outros empregos. De novo, detectamos un universo discursivo onde os mitos sobre a prostitución afloran naqueles homes cunha identidade masculina máis tradicional e hexemónica. A continuación recolleemos dous discursos opostos sobre esta cuestión.

En xeneral, eu a sensación que teño é que a maioría de mulleres que veñen dunha sociedade de moitísima precariedade, que se someten a un tipo de actividade que a min non me gustaría estar na súa pel, non me parece un bo dato (...) me saltan as alarmas, unha, que hai moitísima demanda, supón que algo..., é dicir, non estou en contra da prostitución, eu non vou dicir se vou ou non vou, eu podería ir..., non me interesa dicir, o normal sería unha relación normal entre as persoas... que hai prostitución, que hai esa opción si, se é dunha forma desproporcionada..., se eu paso por Orillamar, e vexo todas as mulleres que hai alí, non me parece que esas mulleres vivan de puta madre
PAS 3, 50-55 anos

Muchas mujeres sudamericanas que se pueden dedicar a otro tipo de actividades, pero no lo hacen, para ganar 500, 600 euros, limpiando el culo a un señor, para eso gano...
PAS 1, 55-60 anos

Estes dous informantes entraron nun debate sobre o concepto do consentimento, onde o entrevistado máis novo cuestiona o consentimento cando se da nun contexto de necesidade económica. Porén, o outro informante, resposta co mito de que as mulleres “elixen” aos clientes, negando a situación de dominación estrutural de novo que sofren as mulleres no sistema prostitucional.

Bueno, volvemos a lo de antes..., a ver, se a prostitución é realmente é de mulleres, é fundamental de persoas con necesidade, de persoas que teñen que sobrevivir, está claro que hai unha situación de..., violencia

PAS 3, 50-55 anos

No, es más, eligen ellas, en cualquier grupo, en los que yo he estado..., ellas eligen a los clientes, tú no vas a obligar a nadie..., habrá muchos tipos de clubs, en los clubs que yo conozco no hay ninguna obligación por parte de las mujeres, es más, muchas veces..., se rechaza a clientes, rechazan sencillamente

PAS 1, 55-60 anos

A ver, hai consentimento cando hai unha situación de necesidade? Bueno, en xeral, podes ter algunha alternativa, pero no xeneral estamos falando de persoas que migran, que teñen que vir aquí como veñen... que están en beiramar pola noite

PAS 3, 50-55 anos

Por outra banda, con respecto ás motivacións dos homes para consumir prostitución, novamente, como no caso do PDI saíron mitos e estereotipos sobre unha suposta “necesidade fisiolóxica de sexo”. Tamén, a “comodidade” para manter relacións sexuais é outra das razóns sinaladas polos nosos informantes PAS.

La pulsión sexual

PAS 1, 55-60 anos

Por comodidad, yo hablo de mi rango de edad, es más fácil ir a un puticlub una hora, pagas 50 euros, y eliminas una necesidad que muchos creemos que tenemos, por 50 euros, es mucho más difícil en mi rango de edad, ahora creo que para la juventud ya no (...), pero..., es mucho más cómodo que tener que quedar, tener que conocer una persona, tener que invitarla o quedar y pagar a medias, o lo que sea, pero es mucho más cómodo creo yo, pagar para liberar una tensión que en teoría la mayoría tenemos

PAS 2, 40-45 anos

Táboa 44. Grao de importancia tráfico e explotación de persoas. Datos en media (escala so 1 ao 10).

	Media
Grao de importancia tráfico e explotación de persoas	7,29

Táboa 45. Situación do tráfico con respecto a outros países. Datos numéricos e en porcentaxes.

	N	%
Si, igual	8	44,4 %
Non, é significativamente peor	1	11,1 %
Non, é significativamente mellor	2	5,6 %
Non sabe/Non contesta	7	38,9 %
Total	18	100,0 %

Táboa 46. Pensa que o Estado debера intervir de forma máis activa contra o tráfico de persoas para fins de explotación sexual? Datos numéricos e en porcentaxe.

	N	%
Si	17	94,4 %
Non	0	0,0 %
Non sabe/Non contesta	1	5,6 %
Total	18	100,0 %

Táboa 47. Medidas ou accións sobre as que traballar. Datos numéricos

	Moi/Bastante de acordo	Pouco/nada de acordo	NS/NC	Total
Adoptar medidas legislativas máis restritivas e penas máis duras contra os traficantes	17	0	1	18
Legalizar a prostitución	10	5	3	18
Maiores controles policiais nas fronteiras	12	5	1	18
Controles nos clubs e outros espazos de prostitución	17	0	1	18
Deseñar programas para a inserción sociolaboral das mulleres vítimas de prostitución	16	1	0	18

Por último, con respecto a súa postura con respecto ao debate da legalización da prostitución, dous dos informantes se mostran a favor de dita legalización, e o terceiro entrevistado tamén opta pola legalización, aínda que engade o matiz sobre a reflexión acerca da necesidade económica. Sen embargo, chama a nosa atención a escasa reflexión neste eido sobre o sistema de dominación de xénero que está na base deste fenómeno.

A favor totalmente (de la legalización)

PAS 1, 55-60 anos

Yo en principio a favor

PAS 2, 40-45 anos


Si se prohíbe, sería como la ley seca en Estados Unidos, o como el tema de la droga, se crearía todavía..., ya es una mafia ahora, pero si se prohíbe la prostitución

PAS 1, 55-60 anos

Eu... se se produce unha situación onde unha persoa se sinta obrigada por necesidade a facer algo que non quere..., se dalgunha maneira libre e consentida, e hai unha situación na sociedade desa necesidade, se hai unhas persoas que piden ese tipo de servizos entre comiñas, eu creo que si que se regularía

PAS 3, 50-55 anos





Resumo global dos resultados cuantitativos

5.1. Igualdade entre homes e mulleres


Importancia da igualdade

O PDI e alumnado consideran, na mesma porcentaxe do 97%, que a igualdade entre mulleres e homes é un aspecto moi ou bastante importante. Maior porcentaxe de alumnado (77%) que a considera moi importante, que entre o profesorado (72,3%).

Igualdade na sociedade e na Universidade

Mellor valoración en canto ao nivel de igualdade na Universidade que no referido á sociedade. O alumnado percibe maior igualdade no caso da sociedade. A Universidade é mellor valorada entre o colectivo de PAS.

Gráfica 68. Nivel de igualdade na sociedade e na Universidade. Datos en medias (escala do 1 ao 10). Alumnado, PDI e PAS.




5.2. *Relacións afectivas e sexuais*

Importancia na vida das persoas

As relacións afectivas e sexuais teñen un nivel de importancia significativa a nivel persoal, o mesmo que para o benestar das persoas en xeral.

No plano persoal, os estudantes e PAS manifestan maior concentración de resposta na opción moita importancia (66,7% e 61,1%) que no caso dos PDI (40,5%).

Gráfica 69. Importancia das relacións afectivas e sexuais. Datos en porcentaxes para PDI, alumnado e PAS.




Satisfacción coa vida sexual

A valoración respecto do grao de satisfacción sexual dos tres colectivos enquisados acada a porcentaxe similares de arredor do 76% (sumando as opcións moito e bastante satisfeito), se ben hai máis casos de PAS e estudantes que recoñecen maior nivel de satisfacción.

As opcións pouco e nada satisfeito suman o 17% das respostas no caso de alumnos 15,1% entre PDI.

Gráfica 70. Nivel de satisfacción sexual. Datos en porcentaxes para PDI, alumnado e PAS



Mulleres, homes e sexualidade

Sete de cada dez alumnos e PDI e oito de cada dez PAS enquisados pensa que o sexo gusta por igual a homes e mulleres, sendo maior a porcentaxe dos que sinalan a preferencia dos homes polo sexo (entre o 21% e o 16,7%) que no caso das mulleres (1,3% dos PDI e 3,5% no caso dos estudantes).

Táboa 48. Preferencia polo sexo. Datos en porcentaxes PDI, alumnado e PAS.

	PDI	PAS	Alumnado
Ás dúas persoas por igual	72,3 %	77,8 %	68 %
Aos homes	21,4 %	16,7 %	20,5 %
Ás mulleres	1,3 %	0 %	3,5 %
Non sabe/Non contesta	5,0 %	5,6 %	8,0 %
Total	100,0 %	100 %	100 %

Nivel de coñecemento sobre sexualidade

Maior coñecemento e información sobre relacións afectivas e sexualidade entre PAS, se ben na opción moito coñecemento recolle porcentaxes do 18,2% entre estudantes (11% no caso de PDI e PAS.).

Os tres colectivos sitúanse maioritariamente na opción bastante nivel de coñecementos (máis alta nos PAS, do 77% e ao redor do 65% en alumnos e PDI). Os estudantes recoñecen tamén menor nivel (pouco o 17% fronte ao 8,8% de PDI).

Interese en obter maior información

Catro de cada dez PDI e cinco de cada dez PAS gostaríalles obter máis coñecementos mentres que a porcentaxe dos estudante é de sete de cada dez.

Satisfacción vital

Maior nivel de satisfacción vital entre PDI (media dun 7,93) que entre PAS (7,53) e estudantes (7,35)


Entre os PDI enquisados e estudantes a satisfacción vital é maior entre os que manifestan moito nivel de satisfacción cos sua vida sexual.

5.3. Violencia contra as mulleres

Percepción similar entre PDI, PAS e alumando á hora de vincular a desigualdade entre homes e mulleres e a violencia de xénero, nunha porcentaxe de sete de cada dez casos, pero situándose preferentemente na opción bastante de acordo que en moi de acordo, a excepción do PAS.

Tamén coincidencia entre os que consideran non estar nada ou pouco de acordo ante a afirmación mentres persista a situación de desigualdade entre homes e mulleres, continuará habendo violencia contra as mulleres onde a porcentaxe de PDI é do 25% e de alumando do 23,5% e 22,2% nos PAS.

Gráfica 71. Relación entre desigualdade e violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes. PDI, alumnado e PAS



Razóns do aumento de casos de violencia contra as mulleres

Ante as posibles razóns dun maior coñecemento de casos de agresión, malos tratos e asasinatos de mulleres por parte das súas parellas ou ex parellas, o 49,5% dos PDI, O 50% de PAS e o 53,5% dos estudantes considera que responde a que cada vez saen á luz máis casos.

As porcentaxes son tamén moi similares nos tres colectivos para a opción ambas circunstancias.

Táboa 49. Razóns polas que se coñecen con máis frecuencia e casos de violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes PDI, alumnado e PAS.


	Saen á luz máis casos	Teñen aumentado o número de casos	As dúas	NS/NC	Total
PDI	49,7 %	5,0 %	39,0 %	6,3 %	100,0 %
PAS	50,0 %	5,6 %	33,3 %	11,2 %	100,0 %
Alumnado	53,3 %	3,5 %	37,0 %	6,0 %	100,0 %

Aceptación de condutas de violencia contras as mulleres

Maior porcentaxe de casos entre o PDI (92,5%) e alumnado (88%) que no caso de PAS (77,8%) á hora de considerar inaceptábel e sempre debe ser castigada por lei calquera tipo de violencia exercida por un home sobre unha muller.

Pola contra, a violencia contra as mulleres acadou maior tolerancia nunha significativa porcentaxe do 16,7% de PAS, 7,5% dos estudantes e 6,9% de PDI, que considera que non sempre debera estar penado por lei. Nunha porcentaxe do 3% de estudantes acepta a violencia contras as mulleres en determinadas e en todas as circunstancias.

Gráfica 72. Aceptación da violencia contra as mulleres. Datos en porcentaxes. PDI, alumnado e PAS.




Aceptación de diferentes condutas de violencia contra as mulleres

A violencia contra as mulleres acada maior tolerancia, mesmo chegando a minimizarse, en determinadas condutas ou situacións concretas de violencia e acoso.

Tres son as condutas de maior aceptación nas que coinciden os tres colectivos enquisados: facer comentarios e suxestións de tipo sexual (só o 21% dos estudantes consideran inaceptable e sempre castigada da por lei), pagar a unha muller por manter relacións sexuais (neste caso só 27,8% do PAS pensa que sempre debera estar castigada por lei) e enviar correos ou mensaxes con contidos non desexados (catro de cada dez PAS, o mesmo que estudantes sitúanse na opción de perseguir por lei dita conduta).

Gráfica 73. Aceptación da violencia contra as mulleres en determinadas circunstancias. Datos en porcentaxes na opción de resposta inaceptable e sempre castigada por lei. PDI, alumnado e PAS.



5.4. Prostitución

Consumo de prostitución


A porcentaxe de enquisados que declara ter pagado nalgún momento da súa vida por manter relacións sexuais cunha muller é do 5,6% nos PAS, o 3,8% no caso de PDI e so 2,5% en estudantes.

Razóns que levan a unha persoa a prostituírse

Aínda que as coaccións e ameazas (de nove de cada dez casos de PDI, PAS e estudantes) e a necesidade económica (nove de cada dez PDI e PAS, baixando a oito de cada dez estudantes) son percibidas como as principais razóns que poden levar a unha persoa a prostituírse, salienta que un de cada catro PDI e alumnos considera que as persoas que exercen a prostitución é porque obteñen maiores ingresos que noutros traballos, porcentaxe similar dos que pensan que o fan para obter luxos ou extras.

Dous de cada dez estudantes pensan que as persoas que se prostitúen fano porque lles gusta sendo a porcentaxe do 10% entre o PAS e de 5,7% no caso de PDI.

Gráfica 74. Razóns que leva a unha persoa a prostituírse. PDI, alumnado e PAS.




Razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais

Entre a batería de posibles razóns que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais, obtén a maior porcentaxe de acordo (moito ou bastante acordo) no colectivo de PDI a de experimentar prácticas sexuais (65%), mentres que o menor nivel de acordo é a de gustar o o arriscado ou prohibido (28,9%).

Os estudantes ven no exercicio do poder e na dominación da relación as razóns principais do consumo da prostitución (no 63,5% en ambos casos) e entre o PAS obter compañía e a comodidade para manter relacións sexuais (52,5%).


Gráfica 73. Razóns de que levan a unha persoa a pagar por servizos sexuais. Datos en porcentaxes. PDI, alumnado e PAS



Prostitución e violencia contra as mulleres


Dous de cada dez PDI e PAS non consideran a prostitución unha forma de violencia contras as mulleres, porcentaxe que sube a ata o 34,5% dos estudantes.

Gráfica 74. A prostitución non é unha forma de violencia de xénero. Datos en porcentaxes,PDI, alumnado e PAS.



Seis de cada dez estudante están de acordo coa regulación da prostitución como calquera outra actividade económica (59%) en porcentaxe similares ao PDI (52,2%) e menos entre o PAS (27,8%).

Gráfica 75. A prostitución debera estar regulada como calquera actividade. PDI, alumnado e PAS.




5.5. Tráfico e explotación de persoas

Nunha escala doa 1 ao 10 onde 1 é nada importante e 10 moi importante, a valoración media outorgada ao problema do tráfico e explotación de persoas sitúase no 7,58 no caso de PDI, e do 7,56 nos estudantes, resultando inferior no grupo de PAS (7,29)

A situación en España en canto ao número de vítimas de tratas é considerada igual a de outros países, porcentaxe que alcanza o 44% dos PAS. Mesmo o 25% dos estudantes considera que a situación é mellor. Son moi poucos os casos que sinalan que a situación é peor (ao redor do 10%).

Gráfica 76. Situación do tráfico e explotación de persoas en España con respecto a outros países. Datos en porcentaxes. PDI, alumnado e PAS.




Intervención do Estado


No que respecta ás posibles accións a desenvolver por parte do Estado para a atallar a trata de persoa para fins de explotación sexual, actuacións como as dirixidas a facilitar a integración sociolaboral das mulleres vítimas da prostitución, a adopción de medidas máis restritivas contra os traficantes. e o control nos clubs e espazos de prostitución recollen un maior nivel de acordo moi similares entre os colectivos de PDI, estudantes e PAS cunha porcentaxe de acordo de ente o 85 ao 95%.

A maior diferenza de acordo é respecto da legalización da prostitución, con porcentaxes de maior acordo de legalizar entre o PAS (55,5%) se ben catro de cada dez PDI e alumnos estaría a favor.

Gráfica 77. Nivel de acordo respecto da legalización da prostitución. Datos en porcentaxes. PDI, alumnado e PAS.







Conclusións

Este estudo reflicte unha serie de fortalezas e debilidades acerca da percepción da violencia contra as mulleres entre a comunidade universitaria masculina da nosa Universidade.

A opción de só facer entrevistas aos homes da nosa comunidade académica deriva do feito de que en moitos estudos homes e mulleres respostan de forma diferente as cuestións en torno á igualdade de xénero, sendo as mulleres máis sensibles as inxustizas derivadas desta relación asimétrica. Por ese motivo consideramos o colectivo masculino como estratéxico á hora de detectar as resistencias ante as políticas de xénero a prol da igualdade.

A metodoloxía foi mixta, coa realización dunha enquisa e traballo de campo cualitativo. En concreto, co alumnado realizáronse 200 cuestionarios e dúas entrevistas cualitativas; co PDI se levaron a cabo 159 cuestionarios online e un Grupo de Discusión; por último se desenvolveron 18 cuestionarios on line e un Grupo de Discusión co PAS da UVigo. Trala análise destes resultados, conclúese que:

- En xeral, existe unha percepción da existencia de maior igualdade no espazo universitario que no resto da sociedade (7,67 fronte a 5,41); o que coincide cos resultados obtidos noutros diagnósticos anteriores realizados no ano 2015 pola propia Unidade de Igualdade.

- A maioría dos enquisados danlle moita importancia á igualdade entre homes e mulleres (72,3% no PDI e 77% no alumnado).

- A desigualdade existente na universidade consideran que deriva, principalmente, da fenda de coidados e dos problemas derivados da conciliación da vida familiar, persoal e laboral.

- Existe unha ampla maioría que considera necesaria unha maior formación afectivo-sexual e que reconece fortes carencias e déficits de formación neste eido.

- A maioría dos enquisados considera que a desigualdade entre homes e mulleres é a orixe da violencia contra as mulleres (67,3%).

En relación a estas primeiras conclusións, pódese afirmar que a “batalla cultural” feminista no espazo universitario conseguiu colocar no epicentro da axenda social a cuestión da desigualdade entre homes e mulleres e,

en menor medida, a violencia contra as mulleres. O que parece un feito constatado é a hexemonía cultural da axenda feminista neste momento, tanto na nosa universidade como no resto da sociedade.

Neste senso, é importante que as políticas de xénero na universidade cubran alo menos os tres seguintes eidos:

- A demanda maioritaria de formación sexoaffectiva entre os tres colectivos universitarios;
- A sensibilización específica que enfatice a mensaxe da evidente e notoria relación existente entre a desigualdade de xénero e a violencia contra as mulleres.
- Por último, a incidencia a través de medidas que favorezan a conciliación laboral, familiar e persoal.

Neste ámbito, as respostas obtidas son similares ás acadadas en investigacións a nivel estatal. Por exemplo, no caso do traballo da empresa 40dB realizado en 2018, se conclúe que o 75,9% dos homes entrevistados (86,9% das mulleres) consideran que aínda hoxe persiste a desigualdade de xénero no noso país e o 45,1% dos homes decláranse feministas (fronte ao 58,6% das mulleres). Neste estudo é importante suliñar que hai un rexeitamento masivo á incidencia da desigualdade salarial por discriminación de xénero; así mesmo, e sendo esta unha diferenza co noso estudo, non se plantexa como demanda a solución con respecto á fenda de coidados nin a necesidade de que a formación e a educación introduza a perspectiva de xénero, uns aspectos que, como xa sinalamos, si foron destacados na nosa pesquisa.

Respecto ás situacións nas que se exerce violencia contra as mulleres, obsérvase que en xeral, o PDI é máis estrito que o alumnado. Así:

- Existen condutas masivamente rexeitadas tales como “obrigar a prostituírse a unha muller” (98,7% entre o PDI e 98% entre o alumnado), ou “chantaxear a unha muller con difundir fotografías ou vídeos privados dela”;
- Hai outras condutas que son consideradas graves por parte da maioría das persoas, é dicir, que rexeitan situacións violentas contra as mulleres, ao considerar medianamente grave “bicar a unha muller contra a súa vontade”, “producir pornografía na que se abusa dunha muller”, “compartir fotografías ou vídeos privados”,

“dar de forma deliberada a unha muller alcol e drogas” ou “obrigar a parella a manter relación sexuais non desexadas”.

- Sen embargo, existe unha maior tolerancia entre o PDI e o alumnado enquisado hacia conductas intimidatorias ou inapropiadas contra as mulleres, pois menos da metade dos enquisados consideran “aceptables” respostas tales como “facer comentarios e suxestións de tipo sexual”, “pagar a unha muller por manter relación sexuais”, ou “enviar correos electrónicos ou mensaxes de texto con contidos non desexados”.

- Hai resposta contraditorias ou paradóxicas entre os homes enquisados: por exemplo, consideran que a maior violencia contra unha muller é obrígala a prostituírse pero só a metade observa como algo negativo pagar a unha muller por ter relación sexuais.

En efecto, a temática da prostitución produce actitudes ambivalentes, contraditorias e incoherentes entre os enquisados. Por exemplo:

1. Se os comparamos cos estudos a nivel estatal, detectouse un baixísimo índice de consumo de prostitución entre os enquisados (2,5% entre o alumnado e 3,8% entre o PDI), datos que contrastan cos datos extraídos de investigacións a nivel internacional e estatal que colocan o consumo ao redor do 35% da poboación masculina.
2. Ante a pregunta de se consideran que pagar por manter relación sexuais pode ser considerado violencia contra as mulleres, só o 50,3% cre que é así.
4. Respecto ás razóns polas que un home acude a sexo comercial, as motivacións sinaladas oscilan entre os que consideran que é por ocio e para experimentar (64%), por comodidade (50%) ou para dominar na relación (47%); é dicir, os enquisados aluden ao feito de que os varóns consumen prostitución por razóns vinculadas ao ocio e a banalización da “compra” de emocións e ao “mito” da suposta natureza sexual dos homes.
5. A gran maioría considera que as mulleres que se prostituén o fan por necesidades socioeconómicas (95%) ou porque as obrigan (91,2%); sen embargo, non son tan severos coa denuncia da compra de servizos sexuais (50%).

6. Hai unha certa ignorancia respecto do papel do noso país no mercado mundial de prostitución e trata de mulleres con fins de explotación sexual. As solucións respecto ao problema da prostitución, masivamente concordan en dar alternativas sociolaborais ás mulleres e perseguir aos traficantes. O 50% dos enquisados considera que a solución aos problemas do fenómeno da prostitución é optar por legalizar a prostitución (na actualidade no noso país é unha actividade alegal) aínda que hai diferenzas por idade: os máis novos non están tan de acordo como os maiores de 35 anos neste senso.

Se comparamos estes resultados coa media estatal derivada do estudo que a empresa 40dB fixo no ano 2018, podemos observar que na nosa universidade, os homes que apoian legalizar da prostitución son o 50% fronte ao 60,4% a nivel estatal. Respecto a medidas tales como que o estado facilite alternativas socioeconómicas as mulleres en prostitución, case a totalidade (96,2%) a considera unha boa medida fronte ao 74,8% na pesquisa a nivel estatal amosan estar moi de acordo ou de acordo.

Definitivamente, o noso país é un dos países do mundo nos que o debate da axenda política feminista está a ter un maior protagonismo político, social e cultural. Nun prazo relativamente breve de tempo, as demandas que proceden do feminismo foron quen de gañar presenza na rúa, nas universidades e, en xeral, en toda a sociedade, forzando aos actores sociopolíticos a definirse e a reaccionar. Neste senso, a universidade debe asumir este reto e responder a esta demanda social, tamén instalada entre o colectivo masculino, e como apuntan os resultados deste estudo, dar resposta as demandas formativas no ámbito socioemocional, ademáis de favorecer con políticas de igualdade de xénero a consecución dunha igualdade real e efectiva e convidar á reflexión en torno ao fenómeno da prostitución entendida como violencia de xénero.

Hoxe fálase máis que nunca do tema. Fóra das nosas fronteiras, a puxanza do movemento feminista español esperta unha mestura de fascinación e envexa (sana) nos círculos progresistas. A virulencia das críticas ao feminismo nos ambientes máis conservadores e machistas, moi amplificada nas redes sociais e nos medios de comunicación, testimonia o grao de hexemonía cultural que está a adquirir a causa da muller.

Toda representación social ou cultural é só un xeito de expresar un imaxinario; todo imaxinario produce un significado e todo significado é inseparable da produción de relación de poder: de aí a importancia de coñecer os imaxinarios existentes entre a nosa comunidade universitaria masculina ante a violencia contra as mulleres.

As conclusións que se extraen e que deben definir as futuras políticas de xénero no eido universitario pasan por reforzar as medidas consensuadas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, en especial respecto a formación afectivo sexual e sobre a violencia contra as mulleres onde as actitudes de rexeitamento.

Bibliografía

- Alario, M. (2018). *La influencia del imaginario de la pornografía hegemónica en la construcción del deseo sexual masculino prostituyente: un análisis de la demanda de prostitución*. ASPARKÍA, N° 33, 61-79.
- Alonso, M. e Álvarez, T. (2018). *Proxecto De (Sexo): abordando la prostitución desde sus pilares patriarcales. Una experiencia con un grupo de personas en el contexto universitario*, TFM, Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, Universidade da Coruña.
- Asociación Askabide (2008). *Perfil de clientes de prostitución en Bizkaia*. Bilbao. Mensajero.
- Asociación para la prevención y reinserción de la mujer prostituida APRAMP (2005). *La prostitución, claves básicas para reflexionar sobre el problema*. España. APRAMP/ Fundación Mujeres.
- Arribas, J.M.; de Lucas, A.; Mañas, B. e Ortí, M. 2013. *Sociología del consumo e investigación de mercados. Una guía didáctica*. Madrid. UNED.
- Asociación para la prevención y reinserción de la mujer prostituida (APRAMP). (2011). *La trata con fines de explotación sexual*. [s.l.]: APRAMP. Disponible en: http://www.apramp.org/upload/doc166_LATRATA.pdf
- Atencio, G. (ed.) (2015): *Feminicidio*. Madrid. La Catarata.
- Ayuntamiento de Sevilla. (2011). *Ordenanza municipal contra la explotación sexual*. Sevilla. Ayuntamiento de Sevilla.
- Badinter, E. (1993). *XY: La identidad masculina*. Madrid. Alianza.
- Ballester, L. e Orte, C. (2019). *Nueva pornografía y cambios en las relaciones personales*. Barcelona. Editorial Octaedro.
- Barreiro, Belén (2018a): Informe *El feminismo en España ¿realidad o burbuja?*. I Jornadas Feministas en Zaragoza el 8 y 9 noviembre. CTXT. Bankia. Zaragoza. <https://ctxt.es/es/20190227/Politica/24654/Bel%C3%A9n-Barreiro-encuesta-barometro-feminismo.htm>
- Barreiro, Belén (2018b): Informe *El feminismo en España ¿realidad o burbuja?*. I Jornadas Feministas en Zaragoza el 8 y 9 noviembre. <https://ctxt.es/es/20181107/>
- Politica/22757/ctxt-barometro-feminismo-40dB.htm
- Bauman, Z. (2015). *Ceguera moral. La pérdida de sensibilidad en la moral líquida*. Barcelona. Paidós.
- Bourdieu, P. (2000). *La Dominación Masculina*. Barcelona. Anagrama.
- Castellanos, E. e Ranea, B. (2014). *La perspectiva de género y de los derechos humanos y la trata de mujeres con fines de explotación sexual. Una aproximación desde la voz de las mujeres*. Ilemata, N°16, 161-179.7
- Castells, M; Subirats, M. (2007). *Mujeres y hombres: un amor imposible*. Madrid. Alianza.
- Centro de Investigaciones Sociológicas. (2009). *Distribuciones marginales. Encuesta nacional de salud sexual*. Estudio n° 2.780. Noviembre 2008 – Enero 2009. Disponible en: http://www.cis.es/cis/opencms/-Archivos/Marginales/2780_2799/2780/ES2780.pdf
- Cobo, R. (2017): *La prostitución en el corazón del capitalismo*. Madrid. La Catarata
- Connell, R. (1987). *Gender and power*. Stanford. Stanford University.
- Connell, R. (2003). *Masculinidades, México*. Programa Universitario de Estudios de Género, Universidad Nacional Autónoma de México.
- Cortes Generales (2007). Informe ponencia: *La prostitución*. Congreso de los diputados. Madrid. Boletín oficial de las cortes generales, VIII legislatura. N°367, 13 de abril de 2007, 2-46. Disponible en <http://www.congreso.es/publicoficiales/L8/CORT/BOCG/A/CG A367.PDF>
- De las Heras, M.V., Barahona, M.J., García L.M. e Corbacho, A.I. (2013). *Los estudiantes de Trabajo Social de la Universidad Complutense de Madrid ante el fenómeno de la prostitución: análisis comparado de las promociones 2004-05 y 2011-2012*. Trabajo social hoy, ISSN 1134-0991, N°. 68, 2013, pp. 89-106
- De las Heras, M.V., Barahona, M.J., García L.M. e Corbacho, A.I. (2006). *Estudios sobre la opinión y actitud de estudiantes universitarios sobre el fenómeno de la prostitución femenina*. Acciones e investigaciones sociales, n° extra 1, p. 182.

- De Miguel, A.; Nuño Gómez, L. (eds.) e Fernández Montes, L. (coord.) (2017). *Elementos para una teoría crítica del sistema prostitucional*. Granada. Comares.
- De Miguel, A. (2012): *La prostitución de mujeres, una escuela de desigualdad humana*, Revista Europea de Derechos Fundamentales (19), pp. 49-74.
- De Miguel, A. (2015). *Neoliberalismo sexual*. Madrid. Cátedra.
- Department of State (2010). *Trafficking in persons report*. Washington. Departamento de Estado de los Estados Unidos.
- Díaz-Aguado, María José (2009): *La violencia en la juventud: perspectiva judicial y educativa* en III Congreso del Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género, Madrid, 21-23 octubre 2009. Cobo, R., 2018. "El imaginario pornográfico como pedagogía de la prostitución". *Oñati Sociolegal Series* [online], 9 (S1), S6-S26
- Foucault, Michel (2006). *Historia de la sexualidad: la voluntad de saber I. Siglo XXI*. Madrid.
- García, L. M.; Barahona, M. J.; De las Heras, V. e Corchado, A. (2010). *Los estudiantes universitarios ante el fenómeno de la prostitución*. Trabajo Social hoy (59), 7-23.
- Galindo, María y Sánchez, Sonia (2007). *Ninguna mujer nace para puta*. Buenos Aires. Lavaca.
- Gabriel, K., (2017). *Power of Porn Cultures* [en línea]. Disponible en: <https://www.tni.org/files/publication-downloads/stateofpower2017-porn-cultures.pdf>
- Garrido, C. (2019). *Ideología patriarcal y revictimización institucional de las víctimas de violencia de género*. Servicios Sociales y Política Social. Violencias machistas, (116), pp. 63-78.
- Gómez, A., Pérez, S. e Verdugo, R.M (2015). *El putero español*. Madrid. Catarata.
- Gerhards, J. (1995). *Framing dimensions and framing strategies: contrasting ideal-and real-type frames*. London. Social Science Information.
- Gimeno, B. (2012). *La prostitución*. Barcelona. Bellaterra.
- Girard, René (2005). *La violencia y lo sagrado*. Madrid. Editorial Anagrama.
- Gómez Suárez, A; Pérez Freire, S. e Verdugo, R. (2015). *El putero español: quienes son y qué buscan los clientes de prostitución*. Madrid. La Catarata.
- Gómez, A. e Pérez, S. (2009). *Prostitución: clientes e outros homes*. Vigo. Edicións Xerais.
- Granxeiro, PG. C. (2017). *Benvidas ao club*, en <https://vimeo.com/290154154>
- Gutmann, M. (1999). *Traficando con hombres: la antropología de la masculinidad*. Horizontes Antropológicos, Porto Alegre, año 5, N°. 10, pp. 245-286. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.1590/S010471831999000100010>
- Han, Byung-C. (2014). *La agonía del eros*. Barcelona. Herder.
- Hubert M, Bajos N, Sandfort T. (1998). *Sexual Behavior and HIV/AIDS in Europe: Comparisons of national surveys*. London. Series Ed: Peter Aggleton. Institute of Education, University of London.
- Instituto Nacional de Estadística (2003). *Salud y hábitos sexuales. Las conductas sexuales desde la perspectiva del sida*. Boletín Informativo del Instituto Nacional de Estadística, 4. Disponible en: http://www.ine.es/revistas/cifraine/cifine_sida0704.pdf
- López, R. e Baringo, D. (2006). *Nadie va de putas, el hombre y la prostitución femenina*. Zaragoza. Organización Editorial S.L.
- MacKinnon, Catherine (1993): *Crímenes de guerra. Crímenes de Paz*. Los derechos humanos, las conferencias Oxford Amnesty de 1993. Trota, 1998.
- Médicos do Mundo Navarra (2018): *La prostitución es violencia contra las mujeres*. Disponible en: https://www.eldiario.es/navarra/contrapunto/prostitucion-violencia-mujeres_6_839276079.html
- Meneses, C., Uroz, J., e Rua, A. (2018). *Can clients who pay for sexual services help victims of sex trafficking?*. *Masculinities and Social Change*, 7(2), 178-208. doi: 10.17583/MCS.2018.3173

- Meneses, C. (2018). *La trata de personas con fines de explotación sexual y prostitución*. Revista padres y maestros, N° 374, pp. 41-46.
- Meneses, C. (coord.) (2016). *Apoyando a las víctimas de Trata. Las necesidades de las mujeres víctimas de trata con fines de explotación sexual desde la perspectiva de las entidades especializadas y profesionales involucrados. Propuestas para la sensibilización contra la trata*. Ministerio de Sanidad, Servicios sociales e Igualdad. Madrid. Disponible en: http://www.violenciagenero.msssi.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2015/pdf/Apoyando_Victimas_Trata.pdf
- Meneses, C. (2010). *Factores motivacionales en una muestra de hombres españoles que pagan por servicios sexuales*. Revista de la asociación Española de Neuropsiquiatría, 30(107), pp. 393-407.
- Meneses, C. (2003). *Perfil de la prostitución callejera. Análisis de una muestra de personas atendidas por APRAMP*. Madrid. Universidad Pontificia de Comillas,
- Naciones Unidas (2000). *Protocolo para prevenir, reprimir y sancionar la trata de personas, especialmente mujeres y niños, que complementa la convención de las Naciones Unidas contra la Delincuencia Organizada Transnacional*. Disponible en: www.ohchr.org/spanish/law/pdf/protocoltrafficsp.pdf.
- Naciones Unidas (2010). *The globalization of crime. A transnational organized crime threat assessment*. Nueva York. Naciones Unidas.
- Padrera, L.E. (2016). *Análisis de la demanda de prostitución de varones estudiantes universitarios*. AEQUALITAS, N° 38, pp. 51-61.
- Pardo, E. e Meroño, M. (2015). *Estudio cualitativo sobre clientes de la prostitución. Ámbit Prevenció Fundació coa col·laboració do CEEISCAT*. Financiado pola Agencia de Salut Pública de Catalunya (ASPC), Generalitat de Catalunya.
- Pateman, C. (1995). *El contrato sexual*. Barcelona. Anthropos.
- Plummer, Ken (2005). *Male Sexualities* en Michael Kimmel. Jeff Hearn. y Raewyn Connell (eds.) *Handbook of Studies on Men and Masculinities*. Londres. Sage.
- Oliveira, Chis e Traba, Amada (2018). *Am@me*. Vigo. Galaxia.
- Puigvert, Lidia (2010): *Investigación sobre la violencia de género en las universidades: evidencias empíricas y contribuciones para su superación*, Revista de la Asociación de Sociología de la Educación, vol. 3 (3): 369-375.
- Ortner, S. (1979). *¿Es la mujer al hombre lo que la naturaleza es a la cultura?*, en Harris, O. y Young, K. (comps). *Antropología y feminismo*. Madrid. Anagrama.
- Ranea, B. (2018). *Presentación del monográfico. La prostitución: entre viejos privilegios masculinos y nuevos imaginarios neoliberales*. Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas, 3(1), pp. 1-12. DOI: <http://dx.doi.org/10.17979/arief.2018.3.1.3540>
- Ranea, B (2018). *Entrevista a Amelia Tiganus*. Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas, 3(1), pp. 136-147. DOI: <http://dx.doi.org/10.17979/arief.2018.3.1.3540>
- Rubin, G. (1996). *El tráfico de mujeres: notas sobre la "economía política del sexo"*, en Lamas, M. (comp) (1996). *La construcción cultural de la diferencia sexual*. México UNAM, pp.
- Saez, H. et al. (2015). *Cómo somos los hombres: Masculinidades y consumo de prostitución en Andalucía*. Sevilla. Fundación Iniciativa Social. (Texto inédito)
- Segato, R. et al. (2019). *Entrevista a Rita Laura Segato*, en Martínez Andrade, L. 2019. *Feminismos a la contra*. Entrevistas al sur global. Ed. La otra América. Santander.
- Segato, Rita (2016). *La guerra contra las mujeres*. Madrid. Traficantes de Sueño.
- Segato, Rita. (2014). *El sexo y la norma: frente estatal, patriarcado, desposesión, colonidad*. Revista de Estudios Feministas. Brasil. Universidad Federal de santa Catarina.
- Tiganus, A. (2017). *La revuelta de las putas*. [Femicidio.net](http://femicidio.net) – 27/10/2017. Disponible en: <https://femicidio.net/articulo/la-revuelta-las-putas>
- Turner, V. (1988). *El proceso ritual*. Madrid. Taurus.

Unidade de Igualdade (2015): Informe de avaliación do I plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014). Universidade de Vigo





